*Transcorridos tres anos dende o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase a licenza caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor (art. 197.3 da Lei 9/2002).*

#### **SOBRE O IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, OBRAS E INSTALACIÓNS**

*De conformidade co disposto no artigo 102.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o imposto de construcións, obras e instalacións devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra.*

#### **RECURSOS**

*Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ámbos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación.”*

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Licenza de Obras da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa licenza solicitada pola Delegación Provincial de Pontevedra do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais para realizar a remodelación e acondicionamento da Dirección Provincial do INEM, sita no núm. 18 da rúa Cánovas del Castillo. Expte. 57138/421.

**103(1227).- 58300/421 MANUEL VAZQUEZ DIAZ**

Segundo consta no expediente 58300/421, a Oficina de Licenza de obras da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

*“I ANTECEDENTES*

*D. Manuel Vázquez Díaz, solicita no Rexistro da Xerencia municipal de Urbanismo licenza de obras de restauración de edificio afectado por un incendio no número 10 da rúa Cruz Verde, segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto técnico D. José Sampedro Barreiro, visado polo Colexio profesional o 28/11/06, sendo director da execución o dito arquitecto técnico.*

*O vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, mediante resolución de data 3/10/06, incoou expediente de orde de execución nº 13829/423, como consecuencia das deficientes condicións de seguridade e ornato público nas que se encontra o edificio situado no nº 10 da rúa Cruz Verde, habida conta da urxencia manifestada no informe técnico do arquitecto municipal do 3/10/2006, ordenando a adopción das medidas urxentes consistentes en apeos, apuntalamentos, retirada de elementos que presenten perigo de desprendementos, especialmente aqueles de cara á vía pública, con retirada do escombros existente e retirada e reposición de elementos de carpintería exterior e varandas en mal estado que poidan quedar soltos ou afectar á seguridade dos viandantes, con mantemento do desaloxo dos veciños do inmovible (provocado polo incendio que tivo lugar no inmovible o pasado 29/09/06) en tanto non se aseguren as esixencias mínimas de habitabilidade e seguridade estrutural da edificación.*

*O expediente informouno o arquitecto municipal en data 29/06/2007.*

*II FUNDAMENTOS DE DEREITO*

*I.- Sometemento previo a licenza das intervencións proxectadas sobre o solo*

*Un dos supostos de intervención administrativa na actividade dos particulares o constitúe o sometemento previo a licenza dos usos proxectados do solo. Así a Lei reguladora de bases de réxime local do 2 de abril de 1985, artigo 84 letra “b” (LRBRL), reconece esta facultade de control preventivo ás Corporacións locais, e en similares termos o artigo 80.2 letra “e” da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia. A normativa sectorial tamén establece a preceptividade da licenza de construción entre outras nas seguintes normas: artigo 194.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, artigo 10 do regulamento de disciplina urbanística do 21 de xaneiro de 1999, normas de procedemento do Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia do 29 de abril de 1993.*

*II.- Actuación proposta*

*A parcela na que se propón a restauración do edificio afectado por un incendio, esta clasificada como solo urbano no Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei 11/1985 de adaptación da do solo a Galicia, aprobado o 29/04/1993, dentro do ámbito do Plan especial da protección e reforma interior Casco Vello de Vigo e o seu catálogo anexo, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello na súa sesión de data 12/04/07, publicado no BOP de Pontevedra nº 96, en data 18/05/07 e cualificada en zona de ordenanza xeral, catalogada co nivel 4º de protección de carácter ambiental.*

A restauración proxectada consiste, en canto ás obras interiores en: “demolicións e desescombros de elementos danados polo incendio como entramados de madeira, carpintería e tabiquería, reposición de pontóns de madeira da estrutura horizontal danada do piso segundo, reparación de caixa de escaleiras, solados, falsos teitos, alicatados, enfoscados e pintados, así como carpintería interior e revisión e reparación das instalacións de fontanería e electricidade” e, en canto as obras exteriores: “limpeza da pedra de fachada afectada polo fume, arranxo de varandas e carpintería exterior de madeira”.

Tratándose dunha edificación catalogada co nivel 4º de protección de carácter ambiental as obras a executar deben axustarse en todo momento ás determinacións do PEPRI do Casco Vello, recollidas na ficha individual que sinala como obras permitidas a consolidación ou reforzo das partes dañadas da estrutura, a conservación ou reparación de elementos estruturais ou decorativos deteriorados e a recuperación de varandas e carpinterías exteriores orixinais, debendo conservar as fachadas de pedra, balcón e varandas e carpinterías de madeira (non de aluminio), eliminando os tendais á rúa e as antenas de fachada.

### III.- Procedemento

Na tramitación do expediente recabáronse os informes técnicos preceptivos ao abeiro do artigo 195.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e lexislación de procedemento local, sección terceira do capítulo primeiro do título sexto do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986.

O técnico municipal informa que as obras solicitadas non supoñen alteracións ou incremento de volume, nin afectan ás condicións tipolóxico e estruturais do inmovible, nin a elementos exteriores ou públicos (fachadas, portais, escaleiras, etc.), mantendo as características de aparencia externa e concepción orixinal do edificio, axustándose ás condicións xerais de uso de vivenda que se regulan no PEPRI-Casco Vello.

### IV.- Competencia

Correspóndelle ao Concello, de conformidade co artigo 195.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación urbanística de Galicia, a competencia para outorgar licenzas, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. En concreto, os Estatutos da Xerencia de Urbanismo aprobados polo Pleno deste Concello en sesión de data 29-07-96, atribúen, no seu artigo 5 letra “p” esta facultade ao seu presidente. Porén, entrada en vigor a Ley 57/2003, de 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local, o artigo 127.1.e atribúe a competencia para a concesión de calquera tipo de licenza á Xunta de Goberno Local.

### III CONCLUSIÓN

De conformidade cos antecedentes e fundamentos transcritos fórmulase a seguinte

#### PROPOSTA

Primeiro: Autorizar a D. Manuel Vázquez Díaz para restaurar, conforme aos informes obrantes no expediente e segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto técnico D. José Sampedro Barreiro, visado polo Colexio profesional o 28/11/06, sendo director da execución das obras o mesmo arquitecto técnico, cun orzamento de execución segundo o proxecto de 11.138 euros, no edificio número 10 da rúa Cruz Verde, cunha

superficie total construída de 263,72 metros cadrados, sendo a planta 2ª a que concentra maiores danos e reparación nunha superficie de 65,93 metros cadrados, nunha parcela clasificada como solo urbano no Documento de subsanación de defeiciencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei 11/1985 de adaptación da do solo a Galicia do 22 de agosto de 1985, aprobado o 29/04/1993, dentro do ámbito do Plan especial da protección e reforma interior Casco Vello de Vigo (PEPRI) e o seu catálogo anexo, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello na súa sesión de data 12/04/07, cualificada en zona de ordenanza xeral, catalogada co nivel 4º de protección de carácter ambiental.

As obras de restauración plantexadas consisten en canto: as obras interiores en: demolicións e desescombros de elementos danados polo incendio como entramados de madeira, carpintería e tabiquería, reposición de pontóns de madeira da estrutura horizontal danada do piso segundo, reparación de caixa de escaleiras, solados, falsos teitos, alicatados, enfoscados e pintados, así como carpintería interior e revisión e reparación das instalacións de fontanería e electricidade e, en canto as obras exteriores: limpeza da pedra de fachada afectada polo fume, arranxo de varandas e carpintería exterior de madeira.

Tratándose dunha edificación catalogada as obras deberán axustarse en todo momento ás determinacións do PEPRI do Casco Vello, recollidas na ficha individual que sinala como obras permitidas a consolidación ou reforzo das partes dañadas da estrutura, a conservación ou reparación de elementos estruturais ou decorativos deteriorados e a recuperación de varandas e carpinterías exteriores orixinais, debendo conservar as fachadas de pedra, balcón e varandas e carpinterías de madeira (non de aluminio), eliminando os tendais á rúa e as antenas de fachada.

Segundo: Dar traslado da presente resolución á oficina de Inspección Técnica de Obras, para os efectos oportunos.

É requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e nas maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de calificación empresarial.

A licenza entenderase concedida salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

#### **CADUCIDADE**

Será declarada a caducidade da licenza, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia):

- Se non comezan as obras no prazo de seis meses dende o día seguinte ao de notificación do seu outorgamento.
- Se estando iniciadas, estivesen interrompidas polo mesmo periodo.
- Se aos tres anos as obras non estivesen rematadas. Neste suposto deberá solicitar nova licenza para as obras que falten por executar.

*Transcorridos tres anos dende o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase a licenza caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor (art. 197.3 da Lei 9/2002).*

#### **SOBRE O IMPOSTO DE CONSTRUCIONS, OBRAS E INSTALACIONES**

*De conformidade co disposto no artigo 102.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o imposto de construcións, obras e instalacións devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra.*

#### **RECURSOS**

*Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente.”*

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Licenza de Obras da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa licenza solicitada por don Manuel Vázquez Díaz para restauración no edificio núm. 10 da rúa Cruz Verde. Expte. 58300/421.

#### **104(1228).- 59965/421 CONSELLERIA DE EDUCACION E ORDENACION UNIVERSITARIA**

Segundo consta no expediente 59965/421, a Oficina de Licenza de obras da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

##### **“I ANTECEDENTES**

*O Secretario Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, solicita no Rexistro da Xerencia municipal de Urbanismo licenza de obras para substitución do material de cuberta, carpinterías, baixantes e reparación de pavimentos no Colexio de Ensinanza Infantil e primaria Lope de Vega, situado na estrada Provincial nº 119, segundo o proxecto resumido e estudo básico de seguridade e saúde redactados polos arquitectos D. José Ramón Estévez Rodríguez e Javier Martínez Morán, revisado pola oficina de Supervisión de proxectos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.*

*O expediente informouno a arquitecta municipal en data 02/07/2007.*

##### **II FUNDAMENTOS DE DEREITO**

*I.- Sometemento previo a licenza das intervencións proxectadas sobre o solo*

*Un dos supostos de intervención administrativa na actividade dos particulares o constitúe o sometemento previo a licencia dos usos proxectados do solo. Así a Lei reguladora de bases de réxime local do 2 de abril de 1985, artigo*

84 letra “b” (LRBRL), reconece esta facultade de control preventivo ás Corporacións locais, e en similares términos o artigo 80.2 letra “e” da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia. A normativa sectorial tamén establece a preceptividade da licenza de construción entre outras nas seguintes normas: artigo 194.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, artigo 10 do regulamento de disciplina urbanística do 21 de xaneiro de 1999, normas de procedemento do Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia do 29 de abril de 1993.

## II.- Actuación proposta

A parcela na que se sitúa a edificación sobre a que se solicitan as obras de substitución de material de cuberta, carpinterías, baixantes e reparación de pavimentos, esta clasificada como solo urbano no Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia, e cualificada coa ordenanza 3.3.A de equipamentos/zonas culturais e sociais.

## III.- Procedemento

Na tramitación do expediente recabáronse os informes técnicos preceptivos ao abeiro do artigo 195.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e lexislación de procedemento local, sección terceira do capítulo primeiro do título sexto do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986.

A arquitecta municipal informa que as obras solicitadas encuádranse dentro das de mantemento e non supoñen aumento de volume, edificabilidade ou altura, considerándose como menores.

## IV.- Competencia

Correspóndelle ao Concello, de conformidade co artigo 195.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación urbanística de Galicia, a competencia para outorgar licenzas, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. En concreto, os Estatutos da Xerencia de Urbanismo aprobados polo Pleno deste Concello en sesión de data 29-07-96, atribúen, no seu artigo 5 letra “p” esta facultade ao seu presidente. Porén, entrada en vigor a Ley 57/2003, de 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local, o artigo 127.1.e atribúe a competencia para a concesión de calquera tipo de licenza á Xunta de Goberno Local.

## III CONCLUSIÓN

De conformidade cos antecedentes e fundamentos transcritos fórmulase a seguinte

### PROPOSTA

Autorizar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, conforme aos informes obrantes no expediente e segundo estudo básico de seguridade e saúde presentado e proxecto resumido presentados redactados polos arquitectos D. José Ramón Estévez Rodríguez e Javier Martínez Morán, e supervisado pola oficina de Supervisión de proxectos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, cun presuposto de execución segundo o proxecto de 462.903,71 euros, obras de substitución de material de cuberta, carpinterías, baixantes e reparación de pavimentos, no Colexio de ensinanza infantil e primaria Lope de Vega situado na estrada Provincial, nº 119, nunha parcela clasificada como solo urbano no Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da

do solo a Galicia do 22 de agosto de 1985, e cualificada coa ordenanza 3.3.A de equipamentos/zonas culturais e sociais.

*É requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e nas maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.*

*As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de calificación empresarial.*

*A licenza entenderase concedida salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.*

#### **CADUCIDADE**

*Será declarada a caducidade da licenza, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia):*

- *Se non comezan as obras no prazo de seis meses dende o día seguinte ao de notificación do seu outorgamento.*
- *Se estando iniciadas, estivesen interrompidas polo mesmo periodo.*
- *Se aos tres anos as obras non estivesen rematadas. Neste suposto deberá solicitar nova licenza para as obras que falten por executar.*

*Transcorridos tres anos dende o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase a licenza caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor (art. 197.3 da Lei 9/2002).*

#### **SOBRE O IMPOSTO DE CONSTRUCIONS, OBRAS E INSTALACIONES**

*De conformidade co disposto no artigo 102.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o imposto de construcións, obras e instalacións devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra.*

#### **RECURSOS**

*Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente.”*

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Licenza de Obras da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa licenza solicitada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para obras de substitución de material de cuberta, carpinterías, baixantes e reparación de pavimentos no Colexio de ensino infantil e primaria Lope de Vega, sito na estrada Provincial núm. 119. Expte. 59965/421.



**105(1229).- 59498/421 AVELINO COUSELO MARTINEZ**

Segundo consta no expediente 594498/421, a Oficina de Licenza de obras da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

*“ANTECEDENTES*

*Con data 24 de abril de 2007 don Avelino Couselo Martínez solicita no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo licenza de obras para construír un peche de bloque de formigón de 49,70 metros (dos cales 44,50 metros están situados en interior de parcela sen fronte a vía, cunha altura máxima de 1,50 m; e 5,20 metros situados con fronte a vía, segundo acta de liña do 14/02/2007, isto é, a 4 metros na Subida ó Paraixal, deixando libres unha franxa de 5 metros ó longo do seu lindeiro norte para o río Paraixal), nunha parcela situada na Subida a Paraixal nº 5.*

*O expediente informouse pola aparelladora municipal en data 31/05/2007.*

*FUNDAMENTOS DE DEREITO*

*I. Sometemento previo a licenza das intervencións proxectadas sobre o solo: Un dos supostos de intervención administrativa na actividade dos particulares o constitúe o sometemento previo a licenza dos usos proxectados do solo. Así a Lei reguladora de bases de réxime local do 2 de abril de 1985, no seu artigo 84 letra “b”, reconece esta facultade de control preventivo ás Corporacións locais, e en similares termos o artigo 80.2 letra “e” da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración local de Galicia. A normativa sectorial tamén establece a preceptividade da licenza de obras para o peche de fincas, entre outras, nas seguintes normas: artigo 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, artigo 10 do Regulamento de disciplina urbanística galego do 21 de xaneiro de 1999 e Normas de procedemento do Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia do 29 de abril de 1993, incluíndo expresamente a actuación proposta.*

*II. Actuación proposta*

*A parcela que se pretende cerrar en 49,70 metros (dos cales 44,50 metros están situados en interior de parcela sen fronte a vía, cunha altura máxima de 1,50 m; e 5,20 metros situados con fronte a vía, segundo acta de liña do 14/02/2007, isto é, a 4 metros na Subida ó Paraixal, deixando libres unha franxa de 5 metros ó longo do seu lindeiro norte cara ó río Paraixal), clasifícase como solo urbanizable non programado SUNP V-2 no Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia.*

*III.- Procedemento*

*Na tramitación do expediente recabáronse os informes técnicos preceptivos ó abeiro do artigo 195.2 LSG e lexislación de procedemento local, sección terceira do capítulo primeiro do título quinto do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico da entidades locais do 28 de novembro de 1986.*

*IV. Competencia para o outorgamento de licenzas: Correspóndelle ó Concello, de conformidade co artigo 195.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a*

competencia para outorgar licenzas, segundo procedemento previsto na lexislación de réxime local. En concreto, os Estatutos da Xerencia de urbanismo aprobados polo Pleno deste Concello en sesión de data 29-07-96, atribúen, no seu artigo 5 letra “p” esta facultade ó seu presidente. Non obstante, entrada en vigor a Lei 57/2003, de 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local, o artigo 127.1.e) atribúe a competencia para a concesión de calquera tipo de licenza á Xunta de Goberno Local.

*E de conformidade cos antecedentes e fundamentos transcritos fórmulase a seguinte*

#### PROPOSTA

*Autorizar a Avelino Couselo Martínez para construír, conforme ós informes obrantes no expediente e segundo acta de liña e rasante, isto é, a 4 metros na Subida ó Paraixal, deixando libre unha franxa de 5 metros ó longo do seu lindeiro norte cara ó río Paraixal, un peche de bloque de formigón de 49,70 metros (dos cales 44,50 metros están situados en interior de parcela sen fronte a vía, cunha altura máxima de 1,50 m; e 5,20 metros situados con fronte a vía, segundo acta de liña do 14/02/2007, cunha altura máxima de 1 m, debendo enfoscarse e pintarse por ámbalas dúas caras) no camiño Subida á Paraixal nº 5, nunha parcela clasificada como solo urbanizable non programado SUNP V-02 no Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia do 22 de agosto de 1985.*

*A disposición do peche será tal que non obstaculice o uso público dos solos que teñan establecidas servidumes deste tipo derivadas do planeamento. Así mesmo a modalidade do peche respectará en todo caso a accesibilidade de servizo contra incendios e outros servizos de carácter público.*

*É requisito indispensable en tódalas obras dispor, ó pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e nas maiores a colocación do cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destina-la construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.*

*As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.*

*Deberá respectarse a lexislación sectorial que en cada caso sexa aplicable (lexislación de estradas, costas, augas, etc.).*

*A licenza entenderase concedida salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.*

#### CADUCIDADE

*Será declarada a caducidade da licenza, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia):*

- Se non comezan as obras no prazo de seis meses dende o día seguinte ó de notificación do seu outorgamento.*
- Se estando iniciadas, estivesen interrompidas polo mesmo período.*
- Se ós tres anos as obras non estivesen rematadas. Neste suposto deberá solicitar nova licenza para as obras que falten por executar.*

*Transcorridos tres anos dende o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase a licenza caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor (art. 197.3 da Lei 9/2002).*

#### **SOBRE O IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS**

*De conformidade co disposto no artigo 102.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o imposto de construcións, instalacións e obras devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra.*

#### **RECURSOS**

*Contra o presente acordo poderá interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte ó da recepción da presente.”*

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Licenza de Obras da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa licenza solicitada por don Avelino Couselo Martínez para a construción dun peche de bloque de formigón de 49,70 mts. Expte. 59498/421.

#### **106(1230).- 59596/421 MARTIN ALONSO FERNANDEZ**

Segundo consta no expediente 59596/421, a Oficina de Licenza de obras da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

#### **“ANTECEDENTES**

*Don Martín Alonso Fernández, solicita no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo licenza de obras para construír un muro de peche de fbloque cunha lonxitude de 18,5 metros liñais no interior de parcela sen fronte a via pública , no Camiño de Brea 43, Beade.*

*O expediente informouse pola arquitecta municipal en data 29 de maio de 2007.*

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

##### **I.- Sometemento previo a licenza**

*Un dos supostos de intervención administrativa na actividade dos particulares o constitúe o sometemento previo a licencia das intervencións proxectadas sobre o solo, neste senso maniféstase a Lei reguladora de bases de réxime local do 2 de abril de 1985, no seu artigo 84 letra “b”, recoñecendo esta facultade de control preventivo ás Corporacións locais, e en similares termos o artigo 80.2 letra “e” da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración local de Galicia. A normativa sectorial tamén establece a preceptividade da licenza de obras para o peche de fincas, entre outras, nas seguintes normas: artigo 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de*

ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia,<sup>10</sup> do Regulamento de disciplina urbanística galego do 21 de xaneiro de 1999 e Normas de procedemento do Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia do 22 de agosto de 1985, incluíndo expresamente a actuación proposta.

## II.- Actuación proposta

A parcela que se pretende cerrar en dezaioito metros e cincuenta centímetros liñais de bloque, cunha altura máxima de dous metros liñais, en interior de parcela e sen fronte a via pública, clasifícase como solo de núcleo rural existente tradicional 16.11 MARCO, ordenanza transitoria 1.3.B Residencial/Edificación unifamiliar/Illada de media densidade, parcela mínima 750 m<sup>2</sup>., no Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia

## III.- Procedemento

Na tramitación do expediente recabáronse os informes técnicos preceptivos ó abeiro do artigo 195.2 LSG e lexislación de procedemento local, sección terceira do capítulo primeiro do título quinto do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico da entidades locais do 28 de novembro de 1986.

## IV.- Competencia

Correspóndelle ó concello, de conformidade co artigo 195.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación urbanística de Galicia, a competencia para outorgar licencias, segundo procedemento previsto na lexislación de réxime local. En concreto, os Estatutos da Xerencia de urbanismo aprobados polo Pleno deste Concello en sesión de data 29-07-96, atribúen, no seu artigo 5 letra “p” esta facultade ó seu presidente. Nembargantes, entrada en vigor a Lei 57/2003, de 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local, o artigo 127.1.e atribúe a competencia para a concesión de calquera tipo de licenza á Xunta de Goberno Local.

## CONCLUSIÓN

De conformidade cos antecedentes e fundamentos transcritos formúlase a seguinte

## PROPOSTA

Autorizar a don Martín Alonso Fernández, para construír, conforme ós informes obrantes no expediente, un peche de 18,5 ml. de bloques de formigón cunha altura de 2 ml. no interior de parcela sen fronte á vía pública ,no nº 43 do Camiño de Brea, en Beade , nunha parcela clasificada como solo de núcleo rural existente tradicional 16.11 MARCO, ordenanza transitoria 1.3.B Residencial/Edificación unifamiliar/Illada de media densidade, parcela mínima 750 m<sup>2</sup>., no Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia do 22 de agosto de 1985.

Os materiais deberán enfoscarse e pintarse por ambas las dúas caras.

A disposición do peche será tal que non obstaculice o uso público dos solos que teñan establecidas servidumes deste tipo derivadas do planeamento. Así mesmo a modalidade do peche respectará en todo caso a accesibilidade de servizo contra incendios e outros servizos de carácter público.

*É requisito indispensable en tódalas obras dispor, ó pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e nas maiores a colocación do cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destina-la construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.*

*As licenzas outorgaranse salvo dereito de propiedade e sen prexuíso de terceiro.*

*As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.*

#### **CADUCIDADE**

*Será declarada a caducidade da licenza, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 199.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia):*

- Se non comezan as obras no prazo de seis meses dende o día seguinte ó de notificación do seu outorgamento.*
- Se estando iniciadas, estivesen interrompidas polo mesmo período.*
- Se ós tres anos as obras non estivesen rematadas. Neste suposto deberá solicitar nova licenza para as obras que falten por executar.*

*Transcorridos tres anos dende o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase a licenza caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor (art. 197.3 da Lei 9/2002).*

#### **SOBRE O IMPOSTO DE CONSTRUCIÓN, OBRAS E INSTALACIÓNS**

*De conformidade co disposto no artigo 102.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o imposto de construcións, obras e instalacións devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra.*

#### **RECURSOS**

*Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do seguinte ó da recepción da notificación da presente.”*

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Licenza de Obras da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa licenza solicitada por don Cándido Durán Presa para construír un cerramento de 26 m en Castañal-Saiáns. Expte. 59596/421.

#### **107(1231).- 60047/421 CÁNDIDO DURÁN PRESA**

Segundo consta no expediente 60047/421, a Oficina de Licenza de obras da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

## “ANTECEDENTES

*D. Cándido Durán Presa, solicita no Rexistro xeral da Xerencia municipal de Urbanismo licenza de obras para construír un muro de cerramento de pedra de 26 metros, con fronte á vía pública, en Castañal-Saiáns.*

*O expediente informouno a apareladora municipal en data 26/06/2007.*

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### I.- Sometemento previo a licenza

*Un dos supostos de intervención administrativa na actividade dos particulares o constitúe o sometemento previo a licenza das intervencións proxectadas sobre o solo, neste senso maniféstase a Lei reguladora de bases de réxime local do 2 de abril de 1985, no seu artigo 84 letra “b”, recoñecendo esta facultade de control preventivo ás Corporacións locais, e en similares términos o artigo 80.2 letra “e” da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración local de Galicia. A normativa sectorial tamén establece a preceptividade da licenza de obras para o cerramento de parcelas, entre outras, nas seguintes normas: artigo 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, 10 do Regulamento de disciplina urbanística galego do 21 de xaneiro de 1999 e Normas de procedemento do Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia do 22 de agosto de 1985, incluíndo expresamente a actuación proposta. O plan xeral de ordenación municipal aprobado inicialmente polo Concello-Pleno en sesión extraordinaria do día 30 de decembro de 2004, e publicado no DOG o 15 de febreiro de 2005, suxeita tamén a licenza urbanística, no seu artigo 2.1.2, os cerramentos e valados de parcelas.*

### II.- Actuación proposta

*A parcela que se pretende cerrar en 26 metros con pedra, esta clasificada como solo urbano e cualificada coa ordenanza 1.3.B., no Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia.*

*A altura máxima do cerramento será de dous metros pero os materiais opacos só se poderán empregar en 1 metro.*

### III.- Procedemento

*Na tramitación do expediente recabáronse os informes técnicos preceptivos ao abeiro do artigo 195.2 LSG e lexislación de procedemento local, sección terceira do capítulo primeiro do título sexto do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986.*

### IV.- Competencia

*Correspóndelle ao Concello, de conformidade co artigo 195.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación urbanística de Galicia, a competencia para outorgar licenzas, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. En concreto, os Estatutos da Xerencia de Urbanismo aprobados polo Pleno deste Concello en sesión de data 29-07-96, atribúen, no seu artigo 5 letra “p” esta facultade ao seu presidente. Porén, entrada en vigor a*

*Ley 57/2003, de 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local, o artigo 127.1.e atribúe a competencia para a concesión de calquera tipo de licenza á Xunta de Goberno Local.*

## CONCLUSIÓN

*De conformidade cos antecedentes e fundamentos transcritos formúlase a seguinte*

## PROPOSTA

*Autorizar a D. Cándido Durán Presa para construír, conforme aos informes obrantes no expediente e segundo a acta de liña e rasante, esto é, sobre a prolongación da fachada sur da vivenda nº 17 a 22 metros da súa fachada oeste e sobre a prolongación da fachada sur da vivenda nº 10ª a 9 metros da súa fachada leste, un cerramento de 26 metros liñais, con pedra situado á vía pública en Castañal-Saiáns, nunha parcela clasificada como solo urbano e cualificada coa ordenanza 1.3.B, no Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia do 22 de agosto de 1985.*

*A altura máxima do cerramento será de dous metros pero os materiais opacos só se poderán empregar en 1 metro, sendo o resto de setos vexetais, verxa metálica ou similar.*

*A disposición do cerramento será tal que non obstaculice o uso público dos solos que teñan establecidas servidumes deste tipo derivadas do planeamento. Así mesmo a modalidade do cerramento respectará en todo caso a accesibilidade de servizo contra incendios e outros servizos de carácter público.*

*É requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e nas maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.*

*As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.*

*Deberá respectarse a lexislación sectorial que en cada caso sexa aplicable (lexislación de estradas, costas, augas, etc.)*

*A licenza entenderase concedida salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.*

## CADUCIDADE

*Será declarada a caducidade da licenza, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia):*

- Se non comezan as obras no prazo de seis meses dende o día seguinte ao de notificación do seu outorgamento.*
- Se estando iniciadas, estivesen interrompidas polo mesmo periodo.*
- Se aos tres anos as obras non estivesen rematadas. Neste suposto deberá solicitar nova licenza para as obras que falten por executar.*

*Transcorridos tres anos dende o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase a licenza caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor (art. 197.3 da Lei 9/2002).*

#### **SOBRE O IMPOSTO DE CONSTRUCIONS, OBRAS E INSTALACIONES**

*De conformidade co disposto no artigo 102.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o imposto de construcións, obras e instalacións devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra.*

#### **RECURSOS**

*Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a dictou no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da presente.”*

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Licenza de Obras da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa licenza solicitada por don Cándido Durán Presa para construír un cerramento en Castañal-Saiáns. Expte. 60047/421.

#### **108(1232).- 59049/421 CONSTRUCCIONES HERMANOS ALONSO RODRIGUEZ**

Segundo consta no expediente 59049/421, a Oficina de Licenza de obras da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

#### **“ANTECEDENTES**

*Con data 15/02/07 D. Alfonso Alonso Rodríguez en representación da entidade mercantil Construcciones Hermanos Alonso Rodríguez, S.L. solicita no Rexistro da Xerencia municipal de Urbanismo licenza para derrubar unha edificación composta de planta baixa e dúas plantas altas para vivenda e alpendre de planta baixa na avda. Ramón Nieto, 163, cunha superficie a derrubar de 265,98 metros cadrados e cun orzamento de execución material de 11.400,65 €, segundo o proxecto e estudo básico de seguridade e saúde redactado polo arquitecto D. Antonio González Suárez-Llanos, visado polo Colexio profesional o 01/02/07, figurando o mesmo como director facultativo das obras.*

*O expediente informouno a arquitecta municipal en data 26/04/07.*

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

*I. Sometemento previo a licenza das intervencións proxectadas sobre o solo: distintas normas enumeran os concretos actos suxeitos a licenza: a Lei reguladora de bases de réxime local do 2 de abril de 1985, no seu artigo 84 letra “b”, recoñece esta facultade de control preventivo ás Corporacións locais, e en similares términos o artigo 80.2 letra “e” da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración local de Galicia. A normativa sectorial tamén establece a preceptividade da licenza de demolición de construcións, entre outras, nas seguintes normas:*



*artigo 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, artigo 10 do Regulamento de disciplina urbanística de Galicia do 21 de xaneiro de 1999, Normas de procedemento do Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia do 29 de abril de 1993.*

*En concreto, a actuación proposta consiste na derruba dunha edificación composta de planta baixa e dúas planta altas a vivenda e alpendre de planta baixa na avda. Ramón Nieto, nº 163 (Lavadores), cunha superficie a derrubar de 265,98 metros cadrados e cun orzamento de execución material de 11.400,65 €.*

*II. Procedemento de outorgamento de licenzas: a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia no seu artigo 194.1 sinala que a licenza urbanística ten por finalidade comprobar que os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo proxectados se axustan ao ordenamento urbanístico vixente; así mesmo, o artigo 195.1 especifica que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsión da lexislación e do planeamento urbanísticos.*

*Na tramitación do expediente recabáronse os informes técnicos preceptivos ao abeiro do artigo 195.2 da Lei 9/2002, do 30 decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e lexislación de procedemento local, sección terceira do capítulo primeiro do título quinto do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986.*

*A arquitecta municipal informa que a edificación encóntrase, de acordo co vixente PXOU-93, en solo urbano, ordenanza 1.2.B RN residencial edificación aberta media densidade, no ámbito da rúa Ramón Nieto incluída nun estudo de detalle expediente nº 3243/411, aprobado definitivamente o 23/12/1995.*

*III. Competencia para o outorgamento de licenzas.*

*Correspóndelle ao Concello, de conformidade co artigo 195.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a competencia para outorgar licenzas, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. En concreto, os Estatutos da Xerencia de urbanismo aprobados polo Pleno deste Concello en sesión de data 29-07-96, atribúen, no seu artigo 5 letra “p” esta facultade ao seu presidente. Non obstante, entrada en vigor a Ley 57/2003, de 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local, o artigo 127.1.e) atribúe a competencia para a concesión de calquera tipo de licenza á Xunta de Goberno Local.*

*E de conformidade cos antecedentes e fundamentos transcritos formulo a seguinte*

#### **PROPOSTA**

*Autorizar a D. Alfonso Alonso Rodríguez en representación de CONSTRUCCIONES HERMANOS ALONSO RODRIGUEZ, S.L. licenza para derrubar a edificación composta de planta baixa e dúas plantas altas para vivenda e alpendre de planta baixa na avda. Ramón Nieto, 163, cunha superficie a derrubar de 265,98 metros cadrados, e cun orzamento de execución material de 11.400,65 €, segundo o proxecto redactado polo arquitecto D. Antonio González Suárez-Llanos, visado polo Colexio profesional o 01/02/07, figurando o mesmo como director facultativo das obras, nunha parcela clasificada no vixente PXOU-93 como solo urbano, con ordenanza 1.2.B RN residencial edificación aberta media densidade, no ámbito da rúa Ramón Nieto incluída nun estudo de detalle expediente nº 3243/411, aprobado definitivamente o 23/12/1995.*

*É requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e nas maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.*

*Unha vez rematadas as mesmas deberán de proceder ao valado da parcela, situando a mesma na aliñación que sinala o PXOU, estando a mesma encalada por cara exterior*

*As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de calificación empresarial.*

*A licenza entenderase concedida salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.*

#### **CADUCIDADE**

*Será declarada a caducidade da licenza, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia):*

- Se non comezan as obras no prazo de seis meses dende o día seguinte ao de notificación do seu outorgamento.*
- Se estando iniciadas, estivesen interrompidas polo mesmo período.*
- Se aos tres anos as obras non estivesen rematadas. Neste suposto deberá solicitar nova licenza para as obras que falten por executar.*

*Transcorridos tres anos dende o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase a licenza caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor (art. 197.3 da Lei 9/2002).*

#### **SOBRE O IMPOSTO DE CONSTRUCIONS, INSTALACIONES E OBRAS**

*De conformidade co disposto no artigo 102.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o imposto de construcións, instalacións e obras devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra.*

#### **RECURSOS**

*Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do seguinte ao da recepción da presente notificación.”*

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Licenza de Obras da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa licenza solicitada por Construcciones Hermanos Alonso Rodríguez, S.L., para derruba de edificación na avda de Ramón Nieto núm. 163. Expte. 59049/421.

**109(1233).- 59420/421 MARIA DEL CARMEN FERNANDEZ VIÑAS**

Segundo consta no expediente 59420/421, a Oficina de Licenza de obras da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

*“ANTECEDENTES*

*Con data 29 de marzo de 2007 Dona M<sup>a</sup> del Carmen Fernández Viñas e outros solicitan no Rexistro xeral da Xerencia municipal de Urbanismo licenza para derrubar dúas edificacións sobre unha parcela sita na rúa Tomás A. Alonso, 39 – 41, cunha superficie a derrubar de 159,16 metros cadrados correspondentes a unha vivenda composta de planta baixa e piso e 723,47 metros cadrados correspondentes á outra edificación, formada por planta baixa, tres plantas altas e aproveitamento baixo cuberta, cun orzamento de execución material de 62.930,47 euros, segundo proxecto redactado polo arquitecto técnico Don Antonio Arias Rodríguez, visado polo Colexio profesional o 29 de marzo de 2007, figurando o mesmo como director da execución das obras.*

*O expediente informouse pola aparelladora municipal na data 4 de maio de 2007.*

*FUNDAMENTOS DE DEREITO*

*I. Sometemento previo a licenza das intervencións proxectadas sobre o solo*

*Un dos supostos de intervención administrativa na actividade dos particulares o constitúe o sometemento previo a licenza dos usos proxectados do solo. Neste senso maniféstase a Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 84 letra “b”, recoñecendo esta facultade de control preventivo ás Corporacións locais, e en similares termos o artigo 80.2 letra “e” da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.*

*A normativa sectorial tamén establece a preceptividade da licenza de obras de demolición de construcións, entre outras, nas seguintes normas: artigo 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, artigo 10 do Regulamento de disciplina urbanística galego do 21 de xaneiro de 1999, así como nas Normas de procedemento do Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia do 29 de abril de 1993, incluíndo expresamente a actuación proposta.*

*II. Actuación proposta*

*Proponse a derruba de dúas edificacións sobre unha parcela sita na rúa Tomás A. Alonso, 39 – 41, cunha superficie a derrubar de 159,16 metros cadrados correspondentes a unha vivenda composta de planta baixa e piso e 723,47 metros cadrados correspondentes á outra edificación, formada por planta baixa, tres plantas altas e aproveitamento baixo cuberta, cun orzamento de execución material de 62.930,47 euros, nunha parcela clasificada como solo urbano no Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei 11/1985, do 22 de agosto, de adaptación da do solo a Galicia, aprobado o 29 de abril de 1993, con ordenanza 1.1.B de edificación pechada.*

*III. Procedemento*

*A Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia no seu artigo 194.1 sinala que a licenza urbanística ten por finalidade comprobar que os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo proxectados se axustan ao ordenamento urbanístico vixente; así mesmo, o artigo 195.1 especifica que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsión da lexislación e do planeamento urbanísticos.*

*Na tramitación do expediente recabáronse os informes técnicos preceptivos ao abeiro do artigo 195.2 da Lei 9/2002, do 30 decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e lexislación de procedemento local, sección terceira do capítulo primeiro do título sexto do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986.*

### *III. Competencia*

*Correspóndelle ao Concello, de conformidade co artigo 195.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a competencia para outorgar licenzas, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. En concreto, os Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo aprobados polo Pleno deste Concello en sesión de data 29 de xullo de 1996, atribúen, no seu artigo 5 letra “p” esta facultade ao seu presidente. Sen embargo, entrada en vigor a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, o artigo 127.1.e atribúe a competencia para a concesión de calquera tipo de licenza á Xunta de Goberno Local.*

### *CONCLUSIÓN*

*De conformidade cos antecedentes e fundamentos transcritos formúlase a seguinte*

### *PROPOSTA*

*Conceder a Dona M<sup>a</sup> del Carmen Fernández Viñas e outros licenza para derrubar dúas edificacións sobre unha parcela sita na rúa Tomás A. Alonso, 39 – 41, cunha superficie a derrubar de 159,16 metros cadrados correspondentes a unha vivenda composta de planta baixa e piso e 723,47 metros cadrados correspondentes á outra edificación, formada por planta baixa, tres plantas altas e aproveitamento baixo cuberta, cun orzamento de execución material de 62.930,47 euros, segundo proxecto redactado polo arquitecto técnico Don Antonio Arias Rodríguez, visado polo Colexio profesional o 29 de marzo de 2007, figurando o mesmo como director da execución das obras, nunha parcela clasificada como solo urbano no Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei 11/1985, do 22 de agosto, de adaptación da do solo a Galicia, aprobado o 29 de abril de 1993, con ordenanza 1.1.B de edificación pechada.*

### *ADVERTENCIAS*

*É requisito indispensable en tódalas obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e nas maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.*

*Unha vez rematadas as mesmas deberán de proceder ao valado da parcela, situando a mesma na aliñación que sinala o PXOU, estando a mesma enclada pola cara exterior.*

*As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de calificación empresarial.*

*A licenza entenderase concedida salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*

#### **CADUCIDADE**

*Será declarada a caducidade da licenza, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia):*

- Se non comezan as obras no prazo de seis meses dende o día seguinte ao de notificación do seu outorgamento.*
- Se estando iniciadas, estivesen interrompidas polo mesmo período.*
- Se aos tres anos as obras non estivesen rematadas. Neste suposto deberá solicitar nova licenza para as obras que falten por executar.*

*Transcorridos tres anos dende o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase a licenza caducada automáticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor (art. 197.3 da Lei 9/2002).*

#### **IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIONS, INSTALACIONES E OBRAS**

*O imposto sobre construcións, instalacións e obras devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, de conformidade co disposto no artigo 102.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*

#### **RECURSOS**

*Contra a presente poderá interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente.”*

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Licenza de Obras da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa licenza solicitada por dona M<sup>a</sup> del Carmen Fernández Viñas para derruba de dúas edificacións en Tomás A. Alonso 36. Expte. 59420/421.

#### **110(1234).- 58716/421 LORENA ALONSO QUINTAS**

Segundo consta no expediente 58716/421, a Oficina de Licenza de obras da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

“ANTECEDENTES

*Dona Lorena Alonso Quintas, solicita no Rexistro da Xerencia municipal de urbanismo licenza de obras menores para substitución de carpintería exterior, cambio de material da cuberta do garaxe, limpeza de paredes de pedra, pintura exterior e reboque de peche de finca nunha vivenda unifamiliar sita no número 37 da Crta. de Costa , Valadares*

*O expediente informouse polo aparelador municipal en data 27/02/07.*

## **I FUNDAMENTOS DE DEREITO**

*Un dos supostos de intervención administrativa na actividade dos particulares o constitúe o sometimento previo a licenza das intervencións proxectadas sobre o solo, neste senso maniféstase a Lei reguladora de bases de réxime local do 2 de abril de 1985, no seu artigo 84 letra “b”, recoñecendo esta facultade de control preventivo ás Corporacións locais, e en similares termos o artigo 80.2 letra “e” da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración local de Galicia. A normativa sectorial tamén establece a preceptividade da licenza de obras , entre outras, nas seguintes normas: artigo 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, 10 do Regulamento de disciplina urbanística galego do 21 de xaneiro de 1999 e Normas de procedemento do Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia do 29 de abril de 1993, incluíndo expresamente a actuación proposta.*

## **II PROCEDEMENTO**

*Na tramitación do expediente recabáronse os informes técnicos preceptivos ao abeiro do artigo 195.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e lexislación de procedemento local, sección terceira do capítulo primeiro do título sexto do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986.*

*O aparelador municipal informa que, agás a solicitude do cambio do material de cuberta do garaxe, as obras menores solicitadas serán permisibles por axustarse ás ordenanzas.*

*O artigo 12.3 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro , polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia, dispón que toda resolución que denegue licenza deberá de ser motivada coa explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran polo proxecto para o que se solicita.*

*Xa que logo, o técnico municipal informa que a edificación sobre a que se solicita o cambio do material da cuberta está en situación de fóra de ordenación por recuados, polo que as obras solicitadas non poden ser autorizadas ao consistir en obras de consolidación de edificación e non resultar necesarias para a conservación das condicións qe demanden a hixiene, seguridade, ornato, conservación e mellora de habitabilidade do inmobile, de acordo co disposto no apartado 3.2.4 do PXOU 93 vixente.*

## **IV COMPETENCIA**

*Correspóndelle ao concello, de conformidade co artigo 195.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación urbanística de Galicia, a competencia para outorgar licenzas, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. En concreto, os Estatutos da Xerencia de Urbanismo aprobados polo Pleno deste Concello en sesión de data 29-07-96, atribúen, no seu artigo 5 letra “p” esta facultade ao seu presidente. Porén a entrada en vigor a Lei 57/2003, de 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local, o artigo 127.1.e atribúe a competencia para a concesión de calquera tipo de licenza á Xunta de Goberno Local.*

## CONCLUSIÓN

*De conformidade cos antecedentes e fundamentos transcritos fórmulase a seguinte*

## PROPOSTA

*1º) Autorizar a dona Lorena Alonso Quintas, conforme cos informes obrantes no expediente , a realización das obras menores solicitadas, nunha vivenda unifamiliar sita na Estrada de Costa nº 37, en Valadares, cosistentes na substitución da carpintería exterior, limpeza de paredes de pedra, pintura exterior e reboque do cerre da finca*

*2º) Denegar a solicitude de dona Lorena Alonso Quintas , de conformidade cos informes obrantes no expediente , para cambio de materiais de cuberta do garaxe adosado á vivenda anteriormente sinalada, por consistir en obras de consolidación dunha vivenda en situación de fóra de ordenación por recuados, non amparadas nas obras necesarias que demandan a hixiene, seguridade, ornato, consevación e mellora da habitabilidade do inmovible, de conformidade co disposto no art. 3.2.4 do PXOU 93 vixente.*

*3º) Dar traslado da presente resolución a oficina de Inspección de obras, para os efectos oportunos.*

*4º) Dar traslado da presente resolución aos Servizos Centrais , para os efectos oportunos.*

## RECURSOS

*Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da notificación da presente.”*

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa licenza de obras menores solicitada por dona Lorena Alonso Quintas para vivenda unifamiliar sita na Estrada de Costa nº 37, en Valadares. Expte. 58716/421.

## **111(1235).- 60077/421 CONSELLERIA DE EDUCACION E ORDENACION UNIVERSITARIA**

Segundo consta no expediente 60077/421, a Oficina de Licenza de obras da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

### *“ANTECEDENTES*

*O delegado provincial de Pontevedra da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, solicita no Rexistro da Xerencia municipal de Urbanismo licenza de obras para restauración e pintado de carpintería exterior no instituto de ensinanza secundaria Santa Irene, situado na praza de América nº 7, segundo o proxecto resumido e estudo básico de seguridade e saúde redactado polo arquitecto D. Rafael Bouzas Bello, revisado pola oficina de Supervisión de proxectos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.*

*O expediente informouno a arquitecta municipal en data 02/07/2007.*

## II FUNDAMENTOS DE DEREITO

### I.- Sometemento previo a licenza das intervencións proxectadas sobre o solo

Un dos supostos de intervención administrativa na actividade dos particulares o constitúe o sometemento previo a licenza dos usos proxectados do solo. Así a Lei reguladora de bases de réxime local do 2 de abril de 1985, artigo 84 letra “b” (LRBRL), recoñece esta facultade de control preventivo ás Corporacións locais, e en similares termos o artigo 80.2 letra “e” da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia. A normativa sectorial tamén establece a preceptividade da licenza de construción entre outras nas seguintes normas: artigo 194.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, artigo 10 do regulamento de disciplina urbanística do 21 de xaneiro de 1999, normas de procedemento do Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia do 29 de abril de 1993.

### II.- Actuación proposta

A parcela na que se propón a restauración e pintado da carpintería exterior da edificación, esta clasificada como solo urbano no Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia, e cualificada coa ordenanza 3.3.A de equipamentos/zonas culturais e sociais, e esta incluída no catálogo complementario do Plan especial de edificios a conservar aprobado definitivamente en data 25-10-90, como elemento exterior, con grao de catalogación estrutural.

### III.- Procedemento

Na tramitación do expediente recabáronse os informes técnicos preceptivos ao abeiro do artigo 195.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e lexislación de procedemento local, sección terceira do capítulo primeiro do título sexto do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986.

A arquitecta municipal informa que as obras solicitadas encuádranse dentro das de mantemento e non supoñen aumento de volume, edificabilidade ou altura, considerándose como menores.

### IV.- Competencia

Correspóndelle ao Concello, de conformidade co artigo 195.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación urbanística de Galicia, a competencia para outorgar licenzas, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. En concreto, os Estatutos da Xerencia de Urbanismo aprobados polo Pleno deste Concello en sesión de data 29-07-96, atribúen, no seu artigo 5 letra “p” esta facultade ao seu presidente. Porén, entrada en vigor a Ley 57/2003, de 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local, o artigo 127.1.e atribúe a competencia para a concesión de calquera tipo de licenza á Xunta de Goberno Local.

## III CONCLUSIÓN

De conformidade cos antecedentes e fundamentos transcritos fórmulase a seguinte

### PROPOSTA



*Autorizar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, conforme aos informes obrantes no expediente e segundo estudo básico de seguridade e saúde presentado e proxecto resumido presentados redactados polo arquitecto D. Rafael Bouzas Bello e supervisado pola oficina de Supervisión de proxectos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, cun presuposto de execución segundo o proxecto de 41.968,62 euros, para restaurar e pintar a carpintería exterior do Instituto de Ensinanza Secundaria Santa Irene, situado na praza de América nº 7, nunha parcela clasificada como solo urbano no Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia do 22 de agosto de 1985, incluído como elemento exterior no catálogo complementario do Plan especial de edificios a conservar aprobado definitivamente en data 25-10-90, con grao de catalogación estrutural e coa ordenanza 3.3.A de equipamentos/zonas culturais e sociais,*

*É requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e nas maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.*

*As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de calificación empresarial.*

*A licenza entenderase concedida salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.*

#### **CADUCIDADE**

*Será declarada a caducidade da licenza, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia):*

- Se non comezan as obras no prazo de seis meses dende o día seguinte ao de notificación do seu outorgamento.*
- Se estando iniciadas, estivesen interrompidas polo mesmo periodo.*
- Se aos tres anos as obras non estivesen rematadas. Neste suposto deberá solicitar nova licenza para as obras que falten por executar.*

*Transcorridos tres anos dende o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase a licenza caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor (art. 197.3 da Lei 9/2002).*

#### **SOBRE O IMPOSTO DE CONSTRUCIONS, OBRAS E INSTALACIONES**

*De conformidade co disposto no artigo 102.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o imposto de construcións, obras e instalacións devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra.*

#### **RECURSOS**

*Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos*

*supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente.”*

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Licenza de Obras da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa licenza solicitada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para restaurar e pintar a carpintería exterior do Instituto de Ensino Secundario Santa Irene, sito na Praza de América. Expte. 58716/421.

Esta licenza apróbbase condicionada ó informe favorable da Comisión de Cultura.

### **112(1236).- 40469/421 ARCOBER SL**

Segundo consta no expediente 40469/421, a Oficina de Licenza de obras da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

#### *“ANTECEDENTES*

*A entidade Arcober, S.L. solicita no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo licenza de primeira ocupación do edificio situado na rúa Asturias esquina rúa Pino.*

*A licenza para a construción do edificio foi autorizada polo presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 18 de marzo de 1998 (expediente 15577/421), conforme ó proxecto técnico redactado polos arquitectos D. María Jesús Castelo Villanueva e Pablo Ortiz Uribarri, visado polo colexio profesional con datas 12/02/1993, 04/02/1997, 05/05/1997, 29/05/1997 e 30/09/1997, cunha superficie total construída de 6040,34 metros cadrados que se distribúe en dous sotos para garaxe-aparcamento, planta baixa con dous portais de acceso, un por cada rúa, catro plantas e aproveitamento baixo cuberta para un total de 30 vivendas e 12 estudos.*

*Con data 15 de decembro de 2000 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aproba-lo proxecto de execución e reformado (expediente 33161/421) do edificio situado na rúa Asturias esquina rúa Pino, reducíndose a superficie total construída, pasando de 6040,34 a 5581,21 metros cadrados, quedando un edificio composto de dúas plantas para garaxe-aparcamento e trasteiros, planta baixa con dous portais e locais comerciais, catro plantas e aproveitamento baixo cuberta para un total de 34 vivendas, 8 delas en dúplex co baixo cuberta e 4 estudos.*

*De conformidade co previsto no apartado 3.8.11.f das normas urbanísticas do PXOU, o interesado achega a seguinte documentación:*

- *Escritura de declaración de obra nova terminada e división horizontal outorgada por Promociones Inmobiliarias Arcober, S.L. ante o notario D. Álvaro Moure Goyanes o día trinta e un de maio de dous mil un ó número 917 do seu protocolo.*

- *Declaración de alteración de bens inmóviles de natureza urbana, Catastro Inmobiliario, modelo 902, presentado na Delegación Provincial de Economía e Facenda, Xerencia Territorial do Catastro o día 05/06/2001.*

- Certificado final de obra emitido polos arquitectos redactores do proxecto María Jesús Castelo Villanueva e Pablo Ortiz Uribarri, visado polo colexio profesional o 06/02/2001.

- Certificación de declaración de indivisibilidade da parcela emitida polo secretario da Xerencia de Urbanismo con data 30/10/2001, de conformidade co disposto no artigo 205.d) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e inscrita no Rexistro da Propiedade.

O expediente informouno o aparellador municipal en data 18/04/2007, deixando de manifesto a existencia dun erro no acordo do Consello de Xerencia de data 15/12/2000, en canto que ó número de vivendas autorizadas son 30 vivendas e 4 estudos en lugar de 34 vivendas e 4 estudos.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### I.- Sometemento previo a licenza das intervencións proxectadas sobre o solo

Un dos supostos de intervención administrativa na actividade dos particulares o constitúe o sometemento previo a licenza dos usos proxectados do solo. Así a Lei reguladora de bases de réxime local do 2 de abril de 1985, artigo 84 letra “b” (LRBRL), reconece esta facultade de control preventivo ás Corporacións locais, e en similares termos o artigo 80.2 letra “e” da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia. A normativa sectorial tamén establece a preceptividade da licenza de primeiro uso ou ocupación, entre outras, nas seguintes normas: artigo 194.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, artigo 10 do regulamento de disciplina urbanística do 21 de xaneiro de 1999, normas de procedemento do Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia do 29 de abril de 1993.

O artigo 195.6 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece que para outorga-la licenza de primeira ocupación de edificacións esixírase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada e a previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais.

### II.- Actuación proposta

Solicítase licenza de primeira ocupación para o edificio situado na rúa Asturias esquina rúa Pino nº 52 que obtivo licenza para a execución de obras por resolución do presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo do 18/03/1998 (expediente 15577 / 421) e posterior reformado autorizado por acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 15/12/2000 (expediente 33161/421), pola que se autorizou a Arcober, S.L. para construír un edificio composto de dous sotos para garaxe-aparcamento e trasteiros, baixo con dous portais e locais comerciais, catro plantas e aproveitamento baixo cuberta para un total de 30 vivendas (8 delas en dúplex) e 4 estudos, cunha superficie total construída de 5.581,21 metros cadrados.

### III.- Procedemento

Na tramitación do expediente recabáronse os informes técnicos preceptivos ó abeiro do artigo 195 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e lexislación de procedemento local, sección terceira do capítulo primeiro do título quinto do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986.

O artigo 105.2 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, dispón que as Administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

#### IV.- Competencia

Correspóndelle ó Concello, de conformidade co artigo 195.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a competencia para outorgar licenzas, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. En concreto, os Estatutos da Xerencia de Urbanismo aprobados polo Pleno deste Concello en sesión de data 29-07-96, atribúen, no seu artigo 5 letra “p” esta facultade ó seu presidente. Porén, entrada en vigor a Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, o artigo 127.1 e atribúe a competencia para a concesión de calquera tipo de licenza á Xunta de Goberno.

#### CONCLUSIÓN

De conformidade cos antecedentes e fundamentos transcritos formúlase a seguinte

#### PROPOSTA

Primeiro – Rectifica-lo acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 15/12/2000, recaído no expediente de licenza de obras tramitado co número 33161/421 a solicitude da entidade mercantil Arcober, S.L., unicamente no parágrafo onde se senala o número de vivendas, que queda co seguinte texto:

“Quedando un edificio composto de dúas plantas de soto para garaxe-aparcamento e trasteiros, planta baixa con dous portais e locais comerciais, catro plantas e aproveitamento baixo cuberta para un total de 30 vivendas (8 delas en dúplex co baixo cuberta) e 4 estudos.”

Manter firme o resto do acordo no que non resulte modificado por esta rectificación.

Segundo - Outorgar a Arcober, S.L. licenza de primeira ocupación do edificio situado na rúa Asturias esquina rúa Pino nº 52, composto de dous sotos para garaxe-aparcamento e trasteiros, baixo con dous portais e locais comerciais, catro plantas e aproveitamento baixo cuberta para un total de 30 vivendas (8 delas en dúplex) e 4 estudos, cunha superficie total construída de 5.581,21 metros cadrados.

A edificación deberá de mante-las mesmas condicións de seguridade que ten na actualidade, en especial as portas RF de paso de persoas non disporán en ningún caso de pechadura e estarán en todo momento pechadas e cos muelles de retorno en perfecto estado de funcionamento.

#### RECURSOS

Contra o presente acordo poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dictou no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte ó da recepción da notificación da presente.”

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Licenza de Obras da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa solicitude formulada por Arcober, S.L., de rectificación de acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 15/12/2000 e de outorgamento de licenza de primeira ocupación do edificio sito na rúa Asturias esquina Pino núm. 52. Expte. 40469/421.

**113(1237).- 51670/421 UD 18 SL**

Segundo consta no expediente 51670/421, a Oficina de Licenza de obras da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

*“ANTECEDENTES*

*A entidade mercantil UD 18 S,L. solicita no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo licenza de primeira ocupación do edificio sinalado co número 192 da avda. Ramón Nieto.*

*A licenza para a construción do edificio foi autorizada polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 04/10/01 e resolución de vicepresidente da Xerencia de Urbanismo de data 28/04/05, expediente 39433/421, conforme ao proxecto técnico redactado pola arquitecta D<sup>a</sup>. Alba Rodríguez Álvarez, visado polo colexio profesional con datas 16/02/01, 29/05/01 e 02/08/04, composto de planta soto destinada a garaxe-aparcamento, planta semisoto destinada a garaxe-aparcamento, planta baixa-semisoto (P0), primeira-semisoto (P1), segunda-semisoto (P2), terceira-semisoto (P3) destinadas a garaxe e vivendas, planta baixa por Ramón Nieto (P4) destinada a portal, comercial e vivendas, tres plantas altas (P5, P6,P7) e aproveitamento baixo cuberta para vivenda, cun total de 39 vivendas.*

*De conformidade co previsto no apartado 3.8.11.f das normas urbanísticas do PXOU, o interesado achega a seguinte documentación:*

- *Escrituras de declaración de obra nova e división horizontal outorgada por Promociones UD 18, S.L. perante o notario D. Santiago Botas Prego os días 30/04/02, 28/09/04 e 14/10/04 aos números 1.617, 3987 e 4240 do seu protocolo. A terminación de obra foi realizada en escritura outorgada perante o mesmo notario en data 30/09/04 ao nº 4054 do seu protocolo.*

- *Declaración de alteración de bens inmóbeis de natureza urbana, Catastro Inmobiliario, modelo 902, anexo cos datos da finca e elementos construtivos, presentado na Delegación Provincial de Economía e Facenda, Xerencia Territorial do Catastro o día 30/09/04.*

- *Certificado final de obra emitido pola arquitecta redactora do proxecto D<sup>a</sup> Alba Rodríguez Álvarez, visado polo colexio profesional o 20/09/04.*

-*Certificación de declaración de indivisibilidade da parcela emitida polo secretario da Xerencia de Urbanismo con data 04/03/05, de conformidade co disposto no artigo 205.d) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e inscrita no Rexistro da Propiedade.*

*O expediente informouno a arquitecta municipal en data 25/05/05.*

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

#### *I.- Sometemento previo a licenza das intervencións proxectadas sobre o solo*

*Un dos supostos de intervención administrativa na actividade dos particulares o constitúe o sometemento previo a licenza dos usos proxectados do solo. Así a Lei reguladora de bases de réxime local do 2 de abril de 1985, artigo 84 letra “b” (LRBRL), recoñece esta facultade de control preventivo ás Corporacións locais, e en similares términos o artigo 80.2 letra “e” da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia. A normativa sectorial tamén establece a preceptividade da licenza de primer uso ou ocupación, entre outras, nas seguintes normas: artigo 194.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, artigo 10 do regulamento de disciplina urbanística do 21 de xaneiro de 1999, normas de procedemento do Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia do 29 de abril de 1993, así como o artigo 2.1.2 do Plan xeral de ordenación municipal aprobado polo Concello Pleno en sesión extraordinaria do 30 de decembro de 2004 e publicado no DOG do 15 de febreiro de 2005 e provisionalmente aprobado en sesión do 19 de maio de 2006 .*

*O artigo 195.6 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece que para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións esixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada e a previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais.*

#### *II.- Actuación proposta*

*Solicitan licenza de primeira ocupación para o edificio sinalado co número 192 da avda. Ramón Nieto que obtivo licenza por acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 04/10/01 e resolución de vicepresidente da Xerencia de Urbanismo de data 28/04/05, expediente 39433/421 a nome de UD 18, S.L., conforme ao proxecto técnico redactado pola arquitecta D<sup>a</sup>. Alba Rodríguez Álvarez, visado polo colexio profesional con datas 16/02/01, 29/05/01 e 02/08/04, composto de planta soto destinada a garaxe-aparcamento, planta semisoto destinada a garaxe-aparcamento, planta baixa-semisoto (P0), primeira-semisoto (P1), segunda-semisoto (P2), terceira-semisoto (P3) destinadas a garaxe e vivendas, planta baixa por Ramón Nieto (P4) destinada a portal, comercial e vivendas, tres plantas altas (P5, P6,P7) e aproveitamento baixo cuberta para vivenda, cun total de 39 vivendas.*

#### *III.- Procedemento*

*Na tramitación do expediente recabáronse os informes técnicos preceptivos ao abeiro do artigo 195.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e lexislación de procedemento local, sección terceira do capítulo primeiro do título sexto do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986.*

#### *IV.- Competencia*

*Correspóndelle ao Concello, de conformidade co artigo 195.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a competencia para outorgar licenzas, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. En concreto, os Estatutos da Xerencia de Urbanismo aprobados polo Pleno deste Concello en sesión de data 29-07-96, atribúen, no seu artigo 5 letra “p” esta facultade ao seu presidente. Porén, entrada en vigor a Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, o artigo 127.1 e atribúe a competencia para a concesión de calquera tipo de licenza á Xunta de Goberno Local.*

## CONCLUSIÓN

*De conformidade cos antecedentes e fundamentos transcritos fórmase a seguinte*

## PROPOSTA

*Outorgar á entidade mercantil UD 18 SL licenza de primeira ocupación do edificio sinalado co número 192 da avda. Ramón Nieto, composto de planta soto destinada a garaxe-aparcamento, planta semisoto destinada a garaxe-aparcamento, planta baixa-semisoto (P0), primeira-semisoto (P1), segunda-semisoto (P2), terceira-semisoto (P3) destinadas a garaxe e vivendas, planta baixa por Ramón Nieto (P4) destinada a portal, comercial e vivendas, tres plantas altas (P5, P6,P7) e aproveitamento baixo cuberta para vivenda, cun total de 39 vivendas.*

*O edificio deberá de manter as mesmas condicións de seguridade que ten na actualidade, en especial as portas RF de paso de persoas non disporán en ningún caso de pechadura e estarán en todo momento pechadas e cos muelles de retorno en perfecto estado de funcionamento.*

## RECURSOS

*Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a dictou no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente.”*

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Licenza de Obras da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa licenza de primeira ocupación solicitada por UD 18 S.L., para o edificio sinalado co núm 192 da avenida de Ramón Nieto. Expte. 51670/421.

## **114(1238).- 58166/421 EXCLUSIVAS ORALFI S.L.**

Segundo consta no expediente 58166/421, a Oficina de Licenza de obras da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

### *“ANTECEDENTES*

*A entidade mercantil EXCLUSIVAS ORALFI, S.L. solicita no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo licenza de primeira ocupación da vivenda unifamiliar situada en Redondo-Navia.*

*A licenza para a construción da edificación foi autorizada polo presidente e vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo mediante resolucións de datas 23/07/03 e 30/11/06, respectivamente no expediente nº 44099/421, conforme ao proxecto técnico redactado polo arquitecto D. Teodoro de Francisco Antes, visado polo colexio profesional con datas 21/06/02, 29/01/03 e 09/05/06, cunha superficie total construída de 261,85 metros cadrados que se distribúen en soto, planta baixa e primeira.*

De conformidade co previsto no apartado 3.8.11.f das normas urbanísticas do PXOU, o interesado achega a seguinte documentación:

- Escritura de declaración de obra nova outorgada por Exclusivas Oralfi, S.L. perante o notario D. César Cunqueiro González-Seco o día 06/11/06 ao número 3.244 do seu protocolo.
- Declaración de alteración de bens inmóbeis de natureza urbana, Catastro Inmobiliario, modelo 902, presentado na Delegación Provincial de Economía e Facenda, Xerencia Territorial do Catastro o día 08/11/06.
- Certificado final de obra emitido polo arquitecto redactor do proxecto D. Teodoro de Francisco Antes, visado polo colexio profesional o 02/10/06.
- Certificación de declaración de indivisibilidade da parcela emitida polo secretario da Xerencia de Urbanismo con data 12/03/07, de conformidade co disposto no artigo 205.d) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e inscrita no Rexistro da Propiedade.

O expediente informouno o arquitect técnico municipal en data 16/02/07.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

##### I.- Sometemento previo a licenza das intervencións proxectadas sobre o solo

Un dos supostos de intervención administrativa na actividade dos particulares o constitúe o sometemento previo a licenza dos usos proxectados do solo. Así a Lei reguladora de bases de réxime local do 2 de abril de 1985, artigo 84 letra "b" (LRBRL), reconece esta facultade de control preventivo ás Corporacións locais, e en similares términos o artigo 80.2 letra "e" da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia. A normativa sectorial tamén establece a preceptividade da licenza de primer uso ou ocupación, entre outras, nas seguintes normas: artigo 194.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, artigo 10 do regulamento de disciplina urbanística do 21 de xaneiro de 1999, normas de procedemento do Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia do 29 de abril de 1993.

O artigo 195.6 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece que para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións esixírase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada e a previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais.

##### II.- Actuación proposta

Solicitan licenza de primeira ocupación para a vivenda unifamiliar situada en Redondo-Navia, que obtivo licenza para a execución de obras por resolucións do presidente e do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de datas 23/07/03 e 30/11/06, respectivamente no expediente nº 44099/421, pola que se autorizou a EXCLUSIVAS ORALFI S.L., para construír unha vivenda unifamiliar composta de soto, planta baixa e primeira, cunha superficie total construída de 261,85 metros cadrados, segundo o proxecto redactado polo arquitecto D. Teodoro de Francisco Antes e visado polo COAG en datas 21/06/02, 29/01/03 e 09/05/06.

##### III.- Procedemento



*Na tramitación do expediente recabáronse os informes técnicos preceptivos ao abeiro do artigo 195.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e lexislación de procedemento local, sección terceira do capítulo primeiro do título sexto do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986.*

#### *IV.- Competencia*

*Correspóndelle ao Concello, de conformidade co artigo 195.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a competencia para outorgar licenzas, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. En concreto, os Estatutos da Xerencia de Urbanismo aprobados polo Pleno deste Concello en sesión de data 29-07-96, atribúen, no seu artigo 5 letra “p” esta facultade ao seu presidente. Porén, entrada en vigor a Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, o artigo 127.1 e atribúe a competencia para a concesión de calquera tipo de licenza á Xunta de Goberno Local.*

#### *CONCLUSIÓN*

*De conformidade cos antecedentes e fundamentos transcritos fórmulase a seguinte*

#### *PROPOSTA*

*Outorgar a EXCLUSIVAS ORALFI, S.L. licenza de primeira ocupación da vivenda unifamiliar situada en Redondo-Navia, composta de soto, planta baixa e primeira, cunha superficie total construída de 261,85 metros cadrados.*

#### *RECURSOS*

*Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente.”*

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Licenza de Obras da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa licenza de primeira ocupación solicitada por Exclusivas Oralfi, S.L., para vivenda unifamiliar sita en Redondo-Navia.

#### **115(1239).- 58395/421 CARLOS GARCIA COLMEIRO**

Segundo consta no expediente 58395/421, a Oficina de Licenza de obras da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

#### *“ANTECEDENTES*

*D. Carlos Garcia Colmeiro solicita no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo licenza de primeira ocupación da vivenda unifamiliar situada na rúa Virxilio Blanco Garrido en Oia.*

A licenza para a construción da edificación foi autorizada polo vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 28/07/05 expediente 52188/421, conforme ao proxecto técnico redactado polos arquitectos D. José Luis Pereiro Alonso e Borja Ramilo Méndez, visado polo colexio profesional con datas 28/12/05 e 06/05/05, cunha superficie total construída de 278,47 metros cadrados que se distribúen en planta baixa, planta primeira e baixo cuberta.

De conformidade co previsto no apartado 3.8.11.f das normas urbanísticas do PXOU, o interesado achega a seguinte documentación:

- Escritura de declaración de obra nova outorgada por D. Carlos García Colmeiro perante o notario D. César Cunheiro González-Seco o día 25/09/06 ao número 2.046 bis do seu protocolo.
- Declaración de alteración de bens inmóbeis de natureza urbana, Catastro Inmobiliario, modelo 902, presentado na Delegación Provincial de Economía e Facenda, Xerencia Territorial do Catastro.
- Certificado final de obra emitido polos arquitectos redactores do proxecto D. José Luis Pereiro Alonso e Borja Ramilo Méndez, visado polo colexio profesional o 04/12/2006.
- Certificación de declaración de indivisibilidade da parcela emitida polo secretario da Xerencia de Urbanismo con data 01/09/05, de conformidade co disposto no artigo 205.d) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e inscrita no Rexistro da Propiedade.

O expediente informouno o arquitecto técnico municipal en data 29/05/07.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### I.- Sometemento previo a licenza das intervencións proxectadas sobre o solo

Un dos supostos de intervención administrativa na actividade dos particulares o constitúe o sometemento previo a licenza dos usos proxectados do solo. Así a Lei reguladora de bases de réxime local do 2 de abril de 1985, artigo 84 letra “b” (LRBRL), reconece esta facultade de control preventivo ás Corporacións locais, e en similares términos o artigo 80.2 letra “e” da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia. A normativa sectorial tamén establece a preceptividade da licenza de primer uso ou ocupación, entre outras, nas seguintes normas: artigo 194.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, artigo 10 do regulamento de disciplina urbanística do 21 de xaneiro de 1999, normas de procedemento do Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia do 29 de abril de 1993, así como o artigo 2.1.2 do Plan xeral de ordenación municipal aprobado polo Concello Pleno en sesión extraordinaria do 30 de decembro de 2004 e publicado no DOG do 15 de febreiro de 2005 e provisionalmente aprobado en sesión do 19 de maio de 2006 .

O artigo 195.6 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece que para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións esixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada e a previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais.

### II.- Actuación proposta

*Solicitan licenza de primeira ocupación para a vivenda unifamiliar situada na rúa Virxilio Blanco Garrido en Oia, que obtivo licenza para a execución de obras por resolución do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo do 28/07/05, expediente 52188/ 421, pola que se autorizou a D. Carlos Garcia Colmeiro , para construír unha vivenda unifamiliar composta de planta baixa, planta primeira e aproveitamento baixo cuberta, cunha superficie total construída de 278,47 metros cadrados, segundo o proxecto redactado polos arquitectos D. José Luis Pereiro Alonso e Borja Ramilo Méndez, visado polo colexio profesional con datas 28/12/05 e 06/05/05.*

### *III.- Procedemento*

*Na tramitación do expediente recabáronse os informes técnicos preceptivos ao abeiro do artigo 195.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e lexislación de procedemento local, sección terceira do capítulo primeiro do título sexto do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986.*

### *IV.- Competencia*

*Deberá constituír un dereito real de uso público de superficie a perpetuidade a prol do Concello de Vigo, nunha extensión de 339,10 metros cadrados, identificado como CS P-1 no proxecto de equidistribución.*

*Tal cesión, libre de cargas e gravames de todo tipo, realizarase en escritura pública notarial ou documento público administrativo, achegando un plano de situación e outro e deslinde, documento que se inscribirá no Rexistro da propiedade no prazo máximo de tres meses.*

*Autorizándose a urbanización e a construción simultáneas, o dereito a edificar subordínase ó cumprimento do deber de urbanizar, de tal forma que non se permitir utilización da construción ata que non estea concluída e recibida a obra urbanizadora e deberá establecerse tal condición nas transmisión do dereito de propiedade e de uso, así como constitución de dereitos reais que se conclúan para todo ou parte do edificio.*

*A conservación das zonas verdes de nova creación e do uso de superficie que se constituía, será de conta do cedente, propietarios e copropietarios dos locais e vivendas da edificación, sen prexuízo da comprobación da execución das obras que o Concello considere convintes.*

*Deberá, xa que logo, reflectarse tal condición nas escrituras de declaración de obra nova e división horizontal do edificio que resulte, que será por conta dos propietarios ou copropietarios dos locais ou vivendas, a conservación e mantemento das citadas áreas de cesión urbanizadas, concretamente dos viais, parques e xardíns a servizo da Unidade de actuación, e no seu caso, das placas de formigón correspondentes, as súas impermeabilizacións e as construcións que se realicen baixo rasante de ditos espazos libres e xardíns, sen prexuízo da competencia municipal de vixiar e comprobar que os xardíns públicos se atopan en condicións de seguridade, salubridade e ornato públicos, e das ordes de execución para realizar as obras necesarias que o Concello poida dispoñer para que reúna as citadas condicións a cargo dos propietarios; sen prexuízo, asemesmo, das obras que o Concello considere necesarias executar directamente por tratarse de viais, parques e xardíns públicos.*

*A participación dos propietarios na obriga de conservación e mantemento das obras de urbanización dos espazos libres e zonas verdes obxecto de cesión de dereito de uso e utilización de superficie para idénticos fins neste polígono, determinarase polas cuotas de participación que se fixen para o mantemento e conservación dos elementos comúns con relación ó total do valor do inmovible na escritura ou escrituras de obras nova e división horizontal correspondentes á totalidade da edificación construída no ámbito do polígono (artigo 69 RXU, Real Decreto 3288/1978, de 25 de agosto).*

*Declara la indivisibilidade da parcela nunha superficie de mil cento noventa e un metros con dez centímetros cadrados, que se deberá inscribir no Rexistro da propiedade mediante certificación que será emitida por esta Xerencia de Urbanismo.*

*Antes do comenzo das obras deberá presentar proxecto de execución, co correspondente anexo sobre control de calidade da edificación, e proxecto sobre infraestruturas comúns de telecomunicacións e estudo de seguridade e saúde.*

*Deberá solicitar licenza de primeira ocupación para o edificio que se autoriza, adxuntando, de conformidade co artigo 6.5 da Lei de protección contra a contaminación acústica do 11 de agosto de 1997, certificado de empresa homologada que xustifique o cumprimento dos requisitos acústicos esixibles na construción do edificio.*

*Deberá solicitar no prazo de vinte días contados a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución, o número de policía do inmovible ao Departamento de Estatística, a traveso do Rexistro xeral do Concello acompañado do plano de situación e plano de planta baixa da edificación cunha escala 1/100.*

*Será obrigatorio que o número de policía figure no inmovible cando sexa solicitada a licenza de primeira ocupación.*

*É requisito indispensable en tódalas obras dispor, ó pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e nas maiores a colocación do cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destina-la construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.*

*As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de calificación empresarial.”*

II. O 28 de febreiro de 2007, documento nº 70025975 o representante da entidade mercantil Viqueira Inmuebles, S.A. formula recurso de reposición contra a licenza outorgada fundamentado en que na parte dispositiva do permiso obrígaselle á conservación das zonas verdes de nova creación e do uso de superficie, sen excluír aqueles que teñan a consideración de sistemas xerais, tal e como si se recolle nos fundamentos de dereito da licenza outorgada.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. De conformidade cos artigos 107 e 116 da Lei de rexime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común do 26 de novembro de 1992, na súa redacción por Lei 4/1999, as resolucións que poñan fin á vía administrativa poden recurrirse en reposición perante o mesmo que as ditou, fundamentándose nunha infracción de ordenamento xurídico, segundo o artigo 63 da mesma Lei. Porén visto o escrito presentado non estaríamos ante unha infracción do ordenamento xurídico senón ante unha mera puntualización do texto da licenza concedida, sen que o erro na apreciación da natureza do recurso sexa un obstáculo para a súa tramitación, segundo o disposto no artigo 110.2 da Lei 30/92.

II. Segundo informa o director da área de Planeamento e Xestión “no proxecto de equidistribución da área de reparto nº 2 do PERI IV-01 San Roque A (nº de expediente 4587/401), aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local o 26 de decembro de 2005 establécese a obriga de conservación polos particulares das superficies privadas de uso público (denominadas no documento CSP-1, CSP-2 e CSP-3) e non así da zona verde central de 8.732,76 metros cadrados integrada no sistema xeral de zonas verdes e que se continúa no polígono nº 3 do PERI, por desenvolver”.

De conformidade co exposto, puntualízase a licenza outorgada por resolución do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 01/02/07 para construír un edificio na parcela PV1 do proxecto de equidistribución do polígono 4 da área de reparto 2 do PERI IV-01 San Roque A, son senso de reiterar que a conservación das zonas verdes de nova creación coa consideración de sistemas xerais non lle compete aos propietarios das parcelas que se constitúan e xa que logo a obriga que debe reflectirse na escritura de declaración de obra nova e división horizontal da edificación, en canto ao mantemento dos viais, parques e xardíns acada unicamente aos sistemas locais, en concreto das superficies privadas de uso público que non así a zona verde central de 8.732,70 metros cadrados integrada no sistema xeral de zona verde e que se continúa no polígono 3 do PERI San Roque.

#### COMPETENCIA

Correspóndelle a resolución do recurso de reposición ao órgano que a ditou, neste caso o vicepresidente da Xerencia de Urbanismo, non obstante o artigo 127.1 da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local atribúe a competencia á Xunta de Goberno Local.

#### CONCLUSIÓN

De conformidade co exposto, formulase a seguinte

#### PROPOSTA:

1.- Significar que a conservación das zonas verdes considerada como sistemas xerais do PERI IV-01 San Roque A non lle compete aos propietarios das parcelas do ámbito.

2.- A entidade mercantil Viqueira Inmuebles, S.A. deberá reflectir na escritura de declaración de obra nova e división horizontal da edificación a construír na parcela PV1 do proxecto de equidistribución do polígono 4 da área de reparto 2 do PERI IV-01 San Roque A, a obriga de conservación e mantemento dos viais, parques e xardíns considerados como sistemas locais, en concreto das superficies privadas de uso público que non así a zona verde central de 8.732,70 metros cadrados integrada no sistema xeral de zona verde e que se continúa no polígono 3 do PERI San Roque.

## RECURSOS

Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación.”

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Licenzas da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente sobre obrigas de conservación e mantemento de viais, parques e xardíns dirixido á mercantil Viqueira Inmuebles, S.A. Expte. 57036/421.

### **127(1250).- 18027/422 TEODORO MARTINEZ LORRIO**

Segundo consta no expediente 18027/422, a Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

“Vista a comunicación de cambio de titularidade da licenza de actividade presentada por Teodoro Martínez Lorrio (DNI 36035352 X) para o desenvolvemento da actividade de boctería (café bar sen música) no local situado en rúa Chao, 2-A, esquina Méndez Núñez, baixo, Vigo, documentación obrante no expediente núm. 18027/422. Tendo en conta os fundamentos de feito e dereito que se recollen na resolución e que conforme aos artigos 195º.2. da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, 127.1.e) da vixente Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, é competente para resolve-la petición a Xunta de Goberno Local.

Polo exposto, procede resolver:

Autorizar expresamente -segundo comunicación de cambio de titularidade presentada no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo na data do 29/01/98 e documentación obrante no expte. 18027/422 -conforme ao establecido nos artigo 288.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, 13.1. do Regulamento de servizos das corporacións locais (Decreto de 17/06/55)- a transmisión da licenza municipal para o desenvolvemento da actividade de bocatería (café bar sen música) (núm. -2.7.2. café bar do Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado por Decreto 292/2004, do 18 de novembro, e modificado por D. 160/2005, do 2 de xuño) no local situado en rúa Chao, 2-A, esquina Méndez Núñez, baixo, Vigo, a favor de don Teodoro Martínez Lorrio nos mesmos termos e condicións en que se autorizou ao titular cedente desta, José Marcelino Amoedo Túnel, por resolución da Comisión de Goberno de data 28/02/92, segundo expediente núm. 18027/422.

*O local deberá manter en todo momento as condicións e características da licenza concedida no seu día e que agora se lle transmite.*

*A superficie do local é de 25 metros cadrados e o aforo máximo autorizado de 20 persoas.*

*Deberá cumprir estrictamente coa vixente Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruidos e vibracións. O nivel de ruidos transmitidos ó interior das vivendas – habitacións— polo desenvolvemento da actividade non poderá sobrepasar en ningún momento de 35 db(a) entre as 8:00 a 22:00 horas e de 30 db(a) entre as 22:00 a 8:00 h.*

*Deberá reservar un espazo no local para o colector do lixo.*

#### *Caducidade*

*Será declarada a caducidade da licenza, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia):*

- Se non comezou a actividade no prazo de seis meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.*
- Se estando iniciada, estivese interrompida polo mesmo periodo.*
- Non obstante, transcorridos tres anos dende o outorgamento da licenza sen que se iniciase a actividade ou estivese interrompida polo mesmo prazo de tres anos, entenderase a licenza caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderá iniciar actividade sen obter nova licenza axustada á lexislación e ordenación urbanística en vigor (art. 197.3 da Lei 9/2002).*

#### *Recursos*

*Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou a presente resolución no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación desta resolución.*

*Non obstante, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta por transcurso do prazo máximo dun mes para dictar e notificar-la resolución.”*

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa solicitude de cambio de titularidade a favor de don Teodor Martínez Lorrio. Expte. 18027/422.

#### **128(1251).- 32279/422 REPSOL YPF LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES SA**

Segundo consta no expediente 33279/, a Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

## “INFORME PROPOSTA

1.- A Comisión de Goberno en data do 25/10/1996, AUTORIZOU a REPSOL PRODUCTOS ASFALTICOS, S.A., licenza municipal de actividades e instalacións para a FABRICACIÓN DE PRODUCTOS ASFALTICOS situada na DARSENA DE GUIXAR, así como a instalación de 2 tanques de almacenamento de asfaltos 1000 m<sup>3</sup> c/u, 4 tanques de almacenamento de asfaltos de 2.000 m<sup>3</sup> c/u, 1 tanque almacenamento hidrocarburos (nafta) de 22 m<sup>3</sup>, 1 tanque almacenamento emulgente (amina) de 25 m<sup>3</sup>, 1 tanque almacenamento ácido clorhídrico de 12 m<sup>3</sup>, 4 tanques almacenamento emulsións de 50 m<sup>3</sup> c/u, 1 tanque de almacenamento emulsións de 100 m<sup>3</sup>, 1 depósito de fuel-oil de 30 m<sup>3</sup>, 1 depósito de fuel-oil de 20 m<sup>3</sup>, e un depósito de aceite térmico de 25 m<sup>3</sup>; sendo a superficie do local de 280 metros cadrados, o aforo máximo autorizado de 40 persoas, e a potencia en maquinas con motor de 373,75 CV e noutros receptores eléctricos 315 KVA (centro de transformación), segundo expediente número 10323/422.

2.- O Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 13/05/04, CONCEDEU á entidade REPSOL YPF LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES, S.A. (antes denominada Repsol Productos Asfálticos, S.A.), conforme ó proxecto presentado redactado polo enxeñeiro industrial, Francisco Rendondo Baos, con data de visado colexial do 4/10/1999, 8/05/2000, e anexo redactado polo enxeñeiro técnico industrial, Fernando Magallanes Rodríguez, con data de visado colexial do 15/09/2003, cun orzamento de execución de 30.140,75 euros, e informes favorables obrantes no expediente núm. 20.574/422, licencia municipal para a substitución de dous depósitos aéreos de nafta de 21 e 22 m<sup>3</sup> por un enterrado de 40 m<sup>3</sup>, así como o cambio de emprazamento do depósito aéreo de ácido clorhídrico de 12 m<sup>3</sup> ó interior do cubeto na industrial existente de fabricación de produtos asfálticos situada na Dársena de Guixar, Vigo, que obtivo licencia de actividades e instalacións por acordo da Comisión de Goberno do 25/10/1996 –expte. 10323/422-.

3.- Con data do 26/02/2007, a entidade mercantil REPSOL YPF LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES SA (CIF A-28201523) presentou impreso de comunicación de cambio de titularidade da licenza de actividade para o desenvolvemento da actividade de fabricación de produtos asfálticos en Dársena de Guixar, s/n, cuxa licenza figura a nome de Repsol Productos Asfálticos, S.A., e documentación obrante no expediente núm. 32279/422.

Examina a documentación que se achega, conséntase segundo copia da escritura de elevación a públicos de acordos sociais otorgada por Repsol Productos Asfálticos, S.A, ante o notario de Madrid, Carlos Rives Gracia, en data 12/12/2001 ao número 4270 do seu protocolo, que non se trata dun cambio de titularidade da licenza de actividade entre persoas xurídicas, senon que se mantén a mesma persona xurídica cambiándose unicamente a súa denominación social que pase de Repsol Productos Asfálticos, S.A., a Repsol YPF Lubricaments y Especialidades, S.A., polo que non existe inconveniente e modificar a denominación da entidade titular da licenza de actividade outorgada en data 25/10/96 en Dársena de Guixar (expte. 30323/422).

Ademáis, a dita denominación xa foi recollida na licenza que se lle outorgou por resolución do presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo en data do 13/05/04 de modificación de depósitos de produtos (expte. 20574/422).

Tendo en conta o anteriormente exposto e que conforme aos artigos 195º.2. da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, 127.1.e) da vixente Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, é competente para resolve-la petición a Xunta de Goberno Local.

Polo exposto, procede RESOLVER:



*Modificar a denominación da entidade mercantil que figura na licenza municipal de actividades e instalacións outorgada por acordo da Comisión de Goberno en data do 25/10/1996, á entidade Repsol Productos Asfálticos, S.A, para a fabricación de produtos asfálticos na darsena de Guixar, así como a instalación de 2 tanques de almacenamento de asfaltos 1000 m3 c/u, 4 tanques de almacenamento de asfaltos de 2.000 m3 c/u, 1 tanque almacenamento hidrocarburos (nafta) de 22 m3, 1 tanque almacenamento emulgente (amina) de 25 m3, 1 tanque almacenamento ácido clorídrico de 12 m3, 4 tanques almacenamento emulsións de 50 m3 c/u, 1 tanque de almacenamento emulsións de 100 m3, 1 depósito de fuel-oil de 30 m3, 1 depósito de fuel-oil de 20 m3, e un depósito de aceite térmico de 25 m3; sendo a superficie do local de 280 metros cadrados, o aforo máximo autorizado de 40 persoas, e a potencia en maquinas con motor de 373,75 cv e noutros receptores eléctricos 315 kva (centro de transformación), segundo expediente número 10323/422; pola actual denominación social da dita compañía mercantil que é a de Repsol YPF Lubricantes y Especialidades, S.A, mantendo as demais condicións da licenza outorgada, sen prexuízo das modificacións autorizadas en data 13/05/04 (expte. 20574/422).*

#### *Recursos*

*Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dicta a presente resolución no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación desta resolución.*

*Non obstante, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta por transcurso do prazo máximo dun mes para dictar e notificar-la resolución.”*

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia /Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación co cambio de titularidade solicitado por Repsol YPF Lubricantes y Especialidades, S.A. Expte. 32279/422.

#### **129(1252).- 32426/422 ALMUDENA DE ARCOCHAS ALVAREZ E NOVE MAIS**

Segundo consta no expediente 32423/422 a Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

*“Vista a comunicación de cambio de titularidade da licenza de actividade presentada por Almudena de Arcocha Álvarez (DNI 36177874-R) para o desenvolvemento da actividade de café bar sen música no local situado en rúa Joaquín Yáñez, 5, baixo, Vigo, documentación obrante no expediente núm. 32426/422.Tendo en conta os fundamentos de feito e dereito que se recollen na resolución e que conforme aos artigos 195°.2. da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, 127.1.e) da vixente Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, é competente para resolve-la petición a Xunta de Goberno Local.*

*Polo exposto, procede resolver:*

*Autorizar -segundo comunicación de cambio de titularidade presentada no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo na data do 26/03/07 e documentación obrante no expte. 32426/422 -conforme ao establecido nos artigo 288.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, 13.1. do Regulamento de servizos das corporacións locais (Decreto de 17/06/55)- a transmisión da licenza municipal para o*

*desenvolvemento da actividade de café bar sen música (núm. -2.7.2. do Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado por Decreto 292/2004, do 18 de novembro, e modificado por D. 160/2005, do 2 de xuño) no local situado en rúa Joaquín Yáñez, 5, baixo, Vigo, a favor de dona Almudena de Arcocha Álvarez nos mesmos termos e condicións en que se autorizou a/ao titular cedente desta, Alberto Fernández González, por resolución do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 8/06/06, segundo expediente núm. 29801/422.*

*O local deberá manter en todo momento as condicións e características da licenza concedida no seu día e que agora se lle transmite.*

*Deberá cumprir estrictamente coa vixente Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruidos e vibracións. O nivel de ruidos transmitidos ó interior das vivendas – habitacións— polo desenvolvemento da actividade non poderá sobrepasar en ningún momento de 35 db(a) entre as 8:00 a 22:00 horas e de 30 db(a) entre as 22:00 a 8:00 h.*

*Deberá reservar un espazo no local para o colector do lixo.*

#### *Caducidade*

*Será declarada a caducidade da licenza, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia):*

- Se non comezou a actividade no prazo de seis meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.*
- Se estando iniciada, estivese interrompida polo mesmo periodo.*

*Non obstante, transcorridos tres anos dende o outorgamento da licenza sen que se iniciase a actividade ou estivese interrompida polo mesmo prazo de tres anos, entenderase a licenza caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderá iniciar actividade sen obter nova licenza axustada á lexislación e ordenación urbanística en vigor (art. 197.3 da Lei 9/2002).*

#### *Recursos*

*Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou a presente resolución no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación desta resolución.*

*Non obstante, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta por transcurso do prazo máximo dun mes para dictar e notifica-la resolución.”*

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa licenza de cambio de titularidade a favor de dona Almudena de Arcocha Álvarez. Expte. 32426/422.

**130(1253).- 32483/422 MONTSERRAT MELON LORENZO**

Segundo consta no expediente 32483/422 a Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

*“Vista a comunicación de cambio de titularidade da licenza de actividade presentada por María Monserrat Melón Lorenzo (CIF 36080680 M) para o desenvolvemento da actividade de café bar sen música no local situado en rúa Aragón, 196, baixo, Vigo, documentación obrante no expediente núm. 32483/422. Tendo en conta os fundamentos de feito e dereito que se recollen na resolución e que conforme aos artigos 195°.2. da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, 127.1.e) da vixente Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, é competente para resolve-la petición a Xunta de Goberno Local.*

*Polo exposto, procede resolver:*

*Autorizar -segundo comunicación de cambio de titularidade presentada no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo na data do 19/04/07 e documentación obrante no expte. 32483/422 -conforme ao establecido no artigo 288.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, 13.1. do Regulamento de servizos das corporacións locais (Decreto de 17/06/55)- a transmisión da licenza municipal para o desenvolvemento da actividade de café bar sen música (núm. -2.7.2. café bar do Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado por Decreto 292/2004, do 18 de novembro, e modificado por D. 160/2005, do 2 de xuño) no local situado en rúa Aragón, 196, baixo, Vigo, a favor de dona María Monserrat Melón Lorenzo nos mesmos termos e condicións en que se autorizou ao titular cedente desta, Ana María Díaz Velázquez, por resolución do Consello da Xerencia de data 26/06/03, segundo expediente núm. 21266/422.*

*O local deberá manter en todo momento as condicións e características da licenza concedida no seu día e que agora se lle transmite.*

*A superficie do local é de 167,40 metros cadrados e o aforo máximo autorizado de 34 persoas. Deberá cumprir estrictamente coa vixente Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruidos e vibracións. O nivel de ruidos transmitidos ó interior das vivendas – habitacións— polo desenvolvemento da actividade non poderá sobrepasar en ningún momento de 35 db(a) entre as 8:00 a 22:00 horas e de 30 db(a) entre as 22:00 a 8:00 h.*

*Deberá reservar un espazo no local para o colector do lixo.*

*Caducidade*

*Será declarada a caducidade da licenza, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia):*

- Se non comezou a actividade no prazo de seis meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.*
- Se estando iniciada, estivese interrompida polo mesmo periodo.*

*Non obstante, transcorridos tres anos dende o outorgamento da licenza sen que se iniciase a actividade ou estivese interrompida polo mesmo prazo de tres anos, entenderase a licenza caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderá iniciar actividade sen obter nova licenza axustada á lexislación e ordenación urbanística en vigor (art. 197.3 da Lei 9/2002).*

#### Recursos

*Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dicta a presente resolución no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación desta resolución.*

*Non obstante, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta por transcurso do prazo máximo dun mes para dictar e notifica-la resolución.”*

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa licenza de cambio de titularidade a favor de noa María Montserrat Melón Lorenzo. Expte. 32483/422.

#### **131(1254).- 32686/422 IVANI FERREIRA**

Segundo consta no expediente 32686/422 a Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

*“Vista a comunicación de cambio de titularidade da licenza de actividade presentada por dona Ivani Ferreira (DNI X-8014545-B) para o desenvolvemento da actividade de café bar sen música no local situado en rúa Nicaragua, 25, baixo, Vigo, documentación obrante no expediente núm. 32686/422. Tendo en conta os fundamentos de feito e dereito que se recollen na resolución e que conforme aos artigos 195°.2. da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, 127.1.e) da vixente Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, é competente para resolve-la petición a Xunta de Goberno Local.*

*Polo exposto, procede resolver:*

*Autorizar -segundo comunicación de cambio de titularidade presentada no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo na data do 07/06/07 e documentación obrante no expte. 32686/422 -conforme ao establecido nos artigo 288.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, 13.1. do Regulamento de servizos das corporacións locais (Decreto de 17/06/55)- a transmisión da licenza municipal para o desenvolvemento da actividade de café bar sen música (núm. -2.7.2. café bar do Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado por Decreto 292/2004, do 18 de novembro, e modificado por D. 160/2005, do 2 de xuño) no local situado en rúa Nicaragua, 25, baixo, Vigo, a favor de dona Ivani Ferreira nos mesmos termos e condicións en que se autorizou a/ao titular cedente desta, Antonio Carracedo García, por resolución do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 31/05/07, segundo expediente núm. 32686/422.*

*O local deberá manter en todo momento as condicións e características da licenza concedida no seu día e que agora se lle transmite.*

*A superficie do local é de 119 metros cadrados.*

*Deberá cumprir estrictamente coa vixente Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruidos e vibracións. O nivel de ruidos transmitidos ó interior das vivendas – habitacións— polo desenvolvemento da actividade non poderá sobrepasar en ningún momento de 35 db(a) entre as 8:00 a 22:00 horas e de 30 db(a) entre as 22:00 a 8:00 h.*

*Deberá reservar un espazo no local para o colector do lixo.*

#### *Caducidade*

*Será declarada a caducidade da licenza, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia):*

- Se non comezou a actividade no prazo de seis meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.*
- Se estando iniciada, estivese interrompida polo mesmo periodo.*

*Non obstante, transcorridos tres anos dende o outorgamento da licenza sen que se iniciase a actividade ou estivese interrompida polo mesmo prazo de tres anos, entenderase a licenza caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderá iniciar actividade sen obter nova licenza axustada á lexislación e ordenación urbanística en vigor (art. 197.3 da Lei 9/2002).*

#### *Recursos*

*Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dicta a resolución no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación desta resolución.*

*Non obstante, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta por transcurso do prazo máximo dun mes para dictar e notificar-la resolución.”*

*Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:*

*Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa transmisión de licenza municipal de actividades a favor de Ivani Ferreira. Expte. 32686/422.*

### **132.- 32713/422 EMILIO FERREIRO ALDIREZ**

Segundo consta no expediente 32713/422 a Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

*“Vista a comunicación de cambio de titularidade da licenza de actividade presentada por Emilio Ferreiro Aldirez (DNI 76718301-F) para o desenvolvemento da actividade de Bar sen música no local situado en Avenida Alcalde Portanet nº 27, baixo esquerda, baixo esquerda, Vigo, documentación obrante no expediente núm. 32713/422. Tendo en conta os fundamentos de feito e dereito que se recollen na resolución e que conforme aos artigos 195º.2. da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, 127.1.e) da vixente Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, é competente para resolve-la petición a Xunta de Goberno local.*

*Polo exposto, procede resolver:*

*Autorizar -segundo comunicación de cambio de titularidade presentada no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo na data do 14/06/07 e documentación obrante no expte. 32713/422 -conforme ao establecido nos artigo 288.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, 13.1. do Regulamento de servizos das corporacións locais (Decreto de 17/06/55)- a transmisión da licenza municipal para o desenvolvemento da actividade de Bar sen música (núm. -2.7.2. bar do Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado por Decreto 292/2004, do 18 de novembro, e modificado por D. 160/2005, do 2 de xuño) no local situado en Avenida Alcalde Portanet nº 27, baixo esquerda (Vigo), a favor de Emilio Ferreiro Aldirez nos mesmos termos e condicións en que se autorizou á titular cedente desta, Cecilia VasConcellos González, por resolución do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 15/02/07, segundo expediente núm. 31906/422.*

*O local deberá manter en todo momento as condicións e características da licenza concedida no seu día e que agora se lle transmite.*

*A superficie do local é de 107,54 metros cadrados metros cadrados e o aforo máximo autorizado de 46 persoas.*

*Deberá cumprir estrictamente coa vixente Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruidos e vibracións. O nivel de ruidos transmitidos ó interior das vivendas – habitacións— polo desenvolvemento da actividade non poderá sobrepasar en ningún momento de 35 db(a) entre as 8:00 a 22:00 horas e de 30 db(a) entre as 22:00 a 8:00 h.*

*Deberá reservar un espazo no local para o colector do lixo.*

#### *Caducidade*

*Será declarada a caducidade da licenza, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia):*

- Se non comezou a actividade no prazo de seis meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.*
- Se estando iniciada, estivese interrompida polo mesmo periodo.*

*Non obstante, transcorridos tres anos dende o outorgamento da licenza sen que se iniciase a actividade ou estivese interrompida polo mesmo prazo de tres anos, entenderase a licenza caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderá iniciar actividade sen obter nova licenza axustada á lexislación e ordenación urbanística en vigor (art. 197.3 da Lei 9/2002).*

#### **Recursos**

*Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición ante a órgano que dicta a presente resolución no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación desta resolución.*

*Non obstante, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta por transcurso do prazo máximo dun mes para dictar e notifica-la resolución.”*

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa transmisión de licenza municipal de actividades a favor de on Emilio Ferreiro Aldirez. Expte. 32713/422.

#### **133(1255).- 32752/422 OVIDIO TRIGO PIÑEIRO**

Segundo consta no expediente 32752/422 a Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

*“Vista a comunicación de cambio de titularidade da licenza de actividade presentada por don Ovidio Trigo Piñeiro (DNI 78732769-C) para o desenvolvemento da actividade de xeladería e semellantes con elaboración destes no local situado en rúa Regueiro, 2, baixo, Vigo, documentación obrante no expediente núm. 32752/422.Tendo en conta os fundamentos de feito e dereito que se recollen na resolución e que conforme aos artigos 195º.2. da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, 127.1.e) da vixente Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, é competente para resolve-la petición a Xunta de Goberno Local.*

*Polo exposto, procede resolver:*

*Autorizar -segundo comunicación de cambio de titularidade presentada no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo na data do 25/06/07 e documentación obrante no expte. 32752/422 -conforme ao establecido nos artigo 288.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, 13.1. do Regulamento de servizos das corporacións locais (Decreto de 17/06/55)- a transmisión da licenza municipal para o desenvolvemento da actividade de xeladería e semellantes con elaboración destes (café bar sen música) (núm. -2.7.2. do Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado por Decreto 292/2004, do 18 de novembro, e modificado por D. 160/2005, do 2 de xuño) no local situado en rúa Regueiro, 2, baixo, Vigo, a favor de don Ovidio Trigo Piñeiro nos mesmos termos e condicións en que se autorizou ao titular cedente desta, Sergio Lamela Prieto, por resolución do Comisión de Goberno de data 25/04/88, segundo expediente núm. E-1673/86 (expte. 3338/422).*

*O local deberá manter en todo momento as condicións e características da licenza concedida no seu día e que agora se lle transmite.*

*A superficie do local é de 97 metros cadrados e o aforo máximo autorizado de 38 persoas.*

*Deberá cumprir estrictamente coa vixente Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruidos e vibracións. O nivel de ruidos transmitidos ó interior das vivendas – habitacións— polo desenvolvemento da actividade non poderá sobrepasar en ningún momento de 35 db(a) entre as 8:00 a 22:00 horas e de 30 db(a) entre as 22:00 a 8:00 h.*

*Deberá reservar un espazo no local para o colector do lixo.*

#### *Caducidade*

*Será declarada a caducidade da licenza, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia):*

- Se non comezou a actividade no prazo de seis meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.*
- Se estando iniciada, estivese interrompida polo mesmo periodo.*

*Non obstante, transcorridos tres anos dende o outorgamento da licenza sen que se iniciase a actividade ou estivese interrompida polo mesmo prazo de tres anos, entenderase a licenza caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderá iniciar actividade sen obter nova licenza axustada á lexislación e ordenación urbanística en vigor (art. 197.3 da Lei 9/2002).*

#### *Recursos*

*Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dicta a presente resolución no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación desta resolución.*

*Non obstante, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta por transcurso do prazo máximo dun mes para dictar e notifica-la resolución.”*

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa transmisión de licenza municipal de actividades a favor de don Ovidio Trigo Piñeiro. Expte. 35752/422.

**134(1256).- 32757/422 MARIA CARMEN GONZALEZ FERREIRA**



Segundo consta no expediente 32757/422 a Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

*“Vista a comunicación de cambio de titularidade da licenza de actividade presentada por María del Carmen González Ferreira (DNI 35952548Y) para o desenvolvemento da actividade de cafetería sen música no local situado en Rúa Celso Emilio Ferreiro nº 5, baixo esquerda con entreplanta, Vigo, documentación obrante no expediente núm. 32757/422. Tendo en conta os fundamentos de feito e dereito que se recollen na resolución e que conforme aos artigos 195°.2. da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, 127.1.e) da vixente Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local é competente para resolver a petición a Xunta de Goberno local.*

*Polo exposto, procede resolver:*

*Autorizar -segundo comunicación de cambio de titularidade presentada no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo na data do 22/06/07 e documentación obrante no expte. 32757/422 -conforme ao establecido no artigo 288.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, 13.1. do Regulamento de servizos das corporacións locais (Decreto de 17/06/55)- a transmisión da licenza municipal para o desenvolvemento da actividade de cafetería sen música (núm. -2.7.3. cafetería do Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado por Decreto 292/2004, do 18 de novembro, e modificado por D. 160/2005, do 2 de xuño) no local situado en Rúa Celso Emilio Ferreiro nº 5, baixo esquerda con entreplanta (Vigo), a favor de María del Carmen González Ferreira nos mesmos termos e condicións en que se autorizou a D. Ramón Pérez Figueiras, por resolución do Comisión de goberno de data 28/06/1991, segundo expediente núm. 8436/422 e posteriormente transmitida tácitamente a Manuel Domínguez Olveira (Exp. 28401/422) e á cedente da licenza Dna. Dolores Pazos Carpintero (exp. 30578/422).*

*O local deberá manter en todo momento as condicións e características da licenza concedida no seu día e que agora se lle transmite.*

*A superficie do local é de 145,60 metros cadrados metros cadrados e o aforo máximo autorizado de 73 persoas.*

*Deberá cumprir estrictamente coa vixente Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruidos e vibracións. O nivel de ruidos transmitidos ó interior das vivendas – habitacións— polo desenvolvemento da actividade non poderá sobrepasar en ningún momento de 35 db(a) entre as 8:00 a 22:00 horas e de 30 db(a) entre as 22:00 a 8:00 h.*

*Deberá reservar un espazo no local para o colector do lixo.*

*Caducidade*

*Será declarada a caducidade da licenza, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia):*

- Se non comezou a actividade no prazo de seis meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.*
- Se estando iniciada, estivese interrompida polo mesmo periodo.*

*Non obstante, transcorridos tres anos dende o outorgamento da licenza sen que se iniciase a actividade ou estivese interrompida polo mesmo prazo de tres anos, entenderase a licenza caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderá iniciar actividade sen obter nova licenza axustada á lexislación e ordenación urbanística en vigor (art. 197.3 da Lei 9/2002).*

#### **Recursos**

*Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou a resolución no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación desta resolución.*

*Non obstante, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta por transcurso do prazo máximo dun mes para dictar e notifica-la resolución.”*

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa transmisión de licenza municipal de actividades a favor de dona María del Carmen González Ferreira. Expte. 32757/422.

#### **135(1257).- 31285/422 JOSE ROCHA, SL (PANADERIA ROCHA)**

Segundo consta no expediente 31285/422 a Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

#### **“ANTECEDENTES**

*José Rocha, S.L. (CIF B-36756815) solicitou, con data do 16/06/06, licenza municipal de actividades e instalacións para unha panadería con obradoiro no local situado rúa Aragón, 198, baixo (expte. 31285/422).*

*A/o peticionario/a solicitou tamén, en data do 8/01/07, a correspondente licenza de obras de adecuación do local para a actividade (expte. 58530/421).*

*Ás ditas peticións achegou o correspondente proxecto técnico de obras de acondicionamento e actividade e instalacións redactado polo enxeñeiro industrial, Manuel Angel Dacosta Davila, e visado polo colexio profesional en data 18/05/06, anexo reformado de data 28/03/07.*

*Ditos procedementos estanse a tramitar simultaneamente de conformidade co previsto no artigo 196°.2. da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUGA) en relación co artigo 22.3. do Regulamento de servizos das corporacións locais e Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas – D. 2414/1961, de 30 de novembro- (en adiante RAMINP).*

*A petición someteuse a información pública por termo de vinte días mediante a inserción de edicto no BOP núm. 193, do 6/10/06, con notificación persoal aos presidentes das cidades. de veciños inmediatas.*

As solicitudes de licenzas foron obxecto de informes favorables polos técnicos municipais en datas 18/01/07 (arquitecta municipal), 09/04/07 (enxeñeiro técnico industrial: xefe do Servizo de Licenzas de Actividades), 10/05/07 (Laboratorio Municipal).

Con data do 11/05/07 (doc. 70056825), e posteriores escritos de data 19 e 26/06/07 (docs. 70072910, 70075457), don José Antonio Cadaya Gómez con domicilio na rúa Aragón, 198, 5º esquerda, Vigo, presenta escrito de alegacións no que indica que pon en marcha o extractor da industria e carece de saída de gases ao cumio da edificación.

A actividade foi obxecto de informe favorable por resolución do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 07/06/07 e cualificada a actividade pola Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia en data do 22/06/07 como molesta.

#### **DEREITO**

##### **SUBXECCIÓN E FINALIDADE DAS LICENZAS**

Un dos supostos máis antigos de intervención administrativa na actividade dos particulares constitúeo o sometemento previo a licenza dos usos proxectados do solo. Así a Lei reguladora de bases de réxime local do 2 de abril de 1985, artigo 84 letra “b” (LRBRL), recoñece esta facultade de control preventivo ás Corporacións locais.

Sempre sen ánimo de exhaustividade, distintas normas enumeran os concretos actos suxeitos a licenza: artigo 194º.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), 10 do Regulamento de disciplina urbanística galego do 21 de xaneiro de 1999 (D. 28/1999), 22 do Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955, as Normas de procedemento do Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia do 29 de abril de 1993, incluíndo expresamente as actuacións propostas.

*Conceder a don Francisco Javier Fernández Rodrigo en nome e representación da entidade mercantil Fernández y Rodrigo Asesores, S.L., conforme ao estudo técnico presentado, redactado pola arquitecta, Beatriz Fernández Prada, visado polo colexio profesional en data 05/05/05 e posterior memoria contra incendios modificada, e informes favorables obrantes no expediente 30078/422, licenza municipal para o desenvolvemento da actividade de oficina de asesoría de empresas no local situado en rúa Colón, 26, planta quinta, porta 1, Vigo.*

*A superficie do local, segundo planos presentados, é de 80 m<sup>2</sup>.*

*O inmovible no que se empra o local atópase en solo clasificado como urbano no PXOU-93 vixente, cualificado coa ordenanza 1.1.B. do ámbito do PEEC, cuarteirón 29. No novo PXOM, aprobado inicialmente en data 30/12/04, sitúase en ordenanza 2 de conservación e protección ambiental.*

*O aforo máximo autorizado para o local é de 62 persoas, debendo reflectirse nunha placa á entrada do local, en lugar ben visible, a devandita actividade e aforo máximo autorizado.*

*A presente licenza municipal de actividade queda condicionada a que o local e instalacións se axusten ao estudo técnico presentado antes citado, e que cumpra coas medidas de seguridade propostas neste, e demais condicións esixidas legalmente, sen prexuízo da comprobación que se efectuará por técnico municipal na correspondente visita de inspección.*

*Antes de comezar a exercer-la actividade, deberá cumprir inexcusablemente coas medidas de seguridade propostas.*

## CADUCIDADE

*Será declarada a caducidade da licenza, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia):*

- Se non comezou a actividade no prazo de seis meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.*

– Se estando iniciada, estivese interrompida polo mesmo periodo.

*Non obstante, transcorridos tres anos dende o outorgamento da licenza sen que se iniciase a actividade ou estivese interrompida polo mesmo prazo de tres anos, entenderase a licenza caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderá iniciar actividade sen obter nova licenza axustada á lexislación e ordenación urbanística en vigor (art. 197.3 da Lei 9/2002).*

#### ADVERTENCIAS

*Deberá respectarse a lexislación sectorial que en cada caso sexa de aplicación, a licenza entenderase concedida salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e das demais autorizacións que fosen precisas doutras administracións públicas para o desenvolvemento da actividade.*

#### RECURSOS

*Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dicta a resolución no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación desta resolución.*

*Non obstante, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta por transcurso do prazo máximo dun mes para dictar e notifica-la resolución.”*

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa licenza solicitada por Fernández y Rodrigo Asesores, S.L. para o desenvolvemento da actividade de oficina de asesoría de empresas no local situado en rúa Colón, 26, planta quinta, porta 1, Vigo. Expte. 30078/422.

#### **141(1263).- 32139/422 VOLITRANS, SL**

Segundo consta no expediente 32139/422 a Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

#### *“ANTECEDENTES*

*Volytrans, S.L. (CIF B-36512432) solicitou, con data do 17/01/07, licenza municipal para o desenvolvemento da actividade de oficina para domicilio social de operador de transporte no local situado rúa As Teixugueiras, 12, entresolo, oficina 3, Vigo, segundo planos e documentación obrante no expte. 32139/422.*

*A petición foi obxecto de informe favorable pola apareladora municipal, en data 3/04/07.*

#### DEREITO

#### SUBXECCIÓN E FINALIDADE DA LICENZA

*Un dos supostos máis antigos de intervención administrativa na actividade dos particulares constitúeo o sometemento previo a licenza dos usos proxectados do solo. Así a Lei reguladora de bases de réxime local do 2 de abril de 1985, artigo 84 letra “b” (LRBRL), recoñece esta facultade de control preventivo ás Corporacións locais.*

*Sempre sen ánimo de exhaustividade, distintas normas enumeran os concretos actos suxeitos a licenza: artigos 194º.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), 10 do Regulamento de disciplina urbanística galego do 21 de xaneiro de 1999 (D. 28/1999), 22 do Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955 e as Normas de procedemento do Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia do 29 de abril de 1993, incluíndo expresamente a actuación proposta.*

*A licenza solicitada ter por obxecto verificar que a actividade proxectada no local se axusta ao ordenamento urbanístico vixente e que reúne as condicións esixibles de seguridade, salubridade, accesibilidade de conformidade co previsto no artigo 194º.1. da LOUGA, 9º do citado D. 28/1999, do 21 de xaneiro, e concordante normativa de aplicación.*

#### **ACTUACIÓN PROPOSTA**

*O edificio no que se pretende actividade en planta entresolo, para adicar a oficina para domicilio social de operador de transporte, nunha superficie de 26 m<sup>2</sup>, sitúase en solo clasificado como urbanizable no PXOU-93 vixente, dentro do ámbito do Plan parcial de Navia, aprobado definitivamente e desenvolvido no ámbito no que se empraza o local, onde o uso está permitido. O local proxectado para a actividade reúne as condicións esixibles de seguridade, salubridade, accesibilidade. Todo isto segundo se desprende dos Informes técnicos emitidos.*

*Conforme ao artigo 195º.1. da LOUGA citada e concordantes do decreto autonómico 28/1999, do 21 de xaneiro, a licenza solicitada é un acto regrado que haberá de outorgarse –e no seu caso denegarse- de acordo coas previsións da lexislación e planeamento aplicables polo que, no presente caso, verificado o seu axuste á lexislación e planeamento procede a súa concesión.*

#### **PROCEDEMENTO**

*Na tramitación do expediente recabáronse os informes técnicos preceptivos ao abeiro do artigo 195 e seguinte da LOUGA e lexislación de procedemento local, sección terceira do capítulo primeiro do título sexto do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico da entidades locais do 28 de novembro de 1986, en relación co artigo 12º do decreto autonómico 28/1999, do 21 de xaneiro.*

#### **COMPETENCIA**

*De conformidade cos artigos 195º.2. da LOUGA, 127.1.e) da vixente LRBRL, é competente para resolver a petición a Xunta de Goberno Local*

#### **CONCLUSIÓN**

*De conformidade cos antecedentes e fundamentos transcritos formúlase a seguinte proposta de resolución:*

*Conceder a don Fidel Suárez Rodríguez en nome e representación da entidade mercantil Volytrans, S.L., conforme aos planos, documentación e informes favorables obrantes no expediente 32139/422, licenza municipal para o*

*desenvolvemento da actividade de oficina para domicilio social de operador de transporte no local situado en rúa As Teixugueiras, 12, entresolo, oficina 3, Vigo.*

*A superficie do local, segundo planos presentados, é de 26 m<sup>2</sup>.*

*O inmoble no que se empraza o local atópase en solo clasificado como urbanizable no PXOU-93 vixente, dentro do ámbito do Plan parcial de Navia, aprobado definitivamente e desenvolvido no ámbito no que se empraza o local.*

#### **CADUCIDADE**

*Será declarada a caducidade da licenza, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia):*

- Se non comezou a actividade no prazo de seis meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.*
- Se estando iniciada, estivese interrompida polo mesmo periodo.*

*Non obstante, transcorridos tres anos dende o outorgamento da licenza sen que se iniciase a actividade ou estivese interrompida polo mesmo prazo de tres anos, entenderase a licenza caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderá iniciar actividade sen obter nova licenza axustada á lexislación e ordenación urbanística en vigor (art. 197.3 da Lei 9/2002).*

#### **ADVERTENCIAS**

*Deberá respectarse a lexislación sectorial que en cada caso sexa de aplicación, a licenza entenderase concedida salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e das demais autorizacións que fosen precisas doutras administracións públicas para o desenvolvemento da actividade.*

#### **RECURSOS**

*Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dicta a resolución no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación desta resolución.*

*Non obstante, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta por transcurso do prazo máximo dun mes para dictar e notifica-la resolución.”*

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa licenza solicitada por Volitrans, S.L. para o desenvolvemento da actividade de oficina para domicilio social de operador de transporte no local situado en rúa As Teixugueiras, 12, entresolo, oficina 3, Vigo. Expte. 32139/422.

## **142(1264).- 31054/422 FORMEGA - FUNDACION GALEGA DO METAL**

Segundo consta no expediente 31054/422 a Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

### *“ANTECEDENTES*

*Fundación Galega do Metal para a Formación, Cualificación e Emprego (Formega) (CIF G-15864663) solicitou, con data do 05/05/06, licenza municipal para a instalación dun guindastre torre situado en Avda. do Tranvía, 2, terreo municipal, Vigo, segundo proxecto técnico presentado, redactado polo enxeñeiro técnico industrial, Julio Iglesias Rey, visado polo colexio profesional en data 17/04/06, plano de área de varrido da pluma redactado polo devandito enxeñeiro técnico industrial e coa mesma data de visado colexial do 17/04/06 (expte. 31054/422).*

*A petición foi obxecto de informe favorable pola apareladora municipal en data 12/04/00.*

### *DEREITO*

#### *SUBXECCIÓN E FINALIDADE DA LICENZA*

*Un dos supostos máis antigos de intervención administrativa na actividade dos particulares constitúeo o sometemento previo a licenza dos usos proxectados do solo. Así a Lei reguladora de bases de réxime local do 2 de abril de 1985, artigo 84 letra “b” (LRBRL), recoñece esta facultade de control preventivo ás Corporacións locais.*

*Sempre sen ánimo de exhaustividade, distintas normas enumeran os concretos actos suxeitos a licenza: artigos 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), 10 do Regulamento de disciplina urbanística galego do 21 de xaneiro de 1999 (D. 28/1999), e as Normas de procedemento do Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia do 29 de abril de 1993 (PXOU-93), incluíndo expresamente a actuación proposta.*

*A licenza solicitada ter por obxecto verificar que instalación proxectada se axusta ao ordenamento urbanístico vixente e que reúne as condicións esixibles de seguridade de conformidade co previsto no artigo 194.1. da LOUGA, 9º do citado D. 28/1999, do 21 de xaneiro, apartado 3.8.6. das normas urbanísticas do PXOU-93 vixente, e R.d. 836/2003, de 27 de xuño, polo que se aproba a nova instrucción técnica complementaria "MIE-AEM-2" do Regulamento de aparatos de elevación e manutención, referente a guindastre torre para obras e outras aplicacións.*

#### *ACTUACIÓN PROPOSTA*

*A petición de instalación do guindastre situado en Avda. do Tranvía, 2, terreo municipal, Cabral, Vigo, é para a impartir cursos de formación.*

*A instalación proxecto reúne as condicións de seguridade esixibles segundo proxecto técnico presentado conforme ao citado R.d. 837/2003, de 27 de xuño, e informes técnicos emitidos.*

*A instalación efecturase, segundo proxecto presentado, pola entidade Maga Vigo, S.L. a cal conta coa correspondente autorización de empresa instaladora da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia segundo datos emitidos pola dita Consellería.*



*A entidade peticionaria conta coa correspondente autorización municipal, outorgada polo concelleiro Delegado de Patrimonio en data do 19/03/07, para a instalación dun guindastre torre na propiedade municipal situada no núm. 2 da Avda. do Tranvía, desta cidade de Vigo, ata o 31 de decembro de 2007, debendo quedar en dita data a parcela municipal libre de calquera ocupación e no seu estado orixinal.*

*A peticionaria practicou a autoliquidación de taxas por ocupación da propiedade municipal e achegou xustificante de ter constituído fianza por un importe de 600 euros para responder dos posibles danos que se poidan producir na propiedade municipal, en data do 29/06/07, núm. operación 200700040532.*

*A licenza urbanísticas de que se outorgue mantería a súa vixente mentres a teña a da autorización para a ocupación da propiedade municipal de data 19/03/07, ó amparo do prevenido no artigo 196°.1. da LOUGA.*

*Conforme ao artigo 195°.1. da LOUGA citada e concordantes do decreto autonómico 28/1999, do 21 de xaneiro, a licenza solicitada é un acto regrado que haberá de outorgarse –e no seu caso denegarse- de acordo coas previsións da lexislación e planeamento aplicables polo que, no presente caso, procede a súa concesión.*

*Antes da posta en funcionamento do guindastre, sen prexuízo da autorización que deba obter da administración automática, achegarase a correspondente certificación expedida polo técnico competente da empresa instaladora autorizada responsable do montaxe e visada polo correspondente colexio profesional no que se acredite o perfecto estado de instalación, seguridade e funcionamento do guindastre e que se fixo entrega deste ao titular desta licenza despois de comprobar na súa presenza o correcto funcionamento dos seus dispositivos de seguridade conforme ao modelo establecido para guindastre torre desmontable para obras e outras aplicacións do anexo V da ITC MIE-AEM 2 do Regulamento de aparatos de elevación e manutención referente a guindastres torre para obras ou outras aplicacións aprobada por R.d. 836/2003, de 27 de xuño, en relación co apartado 3.8.6 das normas urbanísticas do PXOU-93 vixente en Vigo, e no seu funcionamento cumprírase coas determinacións recollidas nas ditas normas.*

#### **PROCEDEMENTO**

*Na tramitación do expediente recabáronse os informes técnicos preceptivos ao abeiro do artigo 195 e seguinte da LOUGA e lexislación de procedemento local, sección terceira do capítulo primeiro do título sexto do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico da entidades locais do 28 de novembro de 1986, en relación co artigo 12° do decreto autonómico 28/1999, do 21 de xaneiro.*

#### **COMPETENCIA**

*De conformidade cos artigos 195°.2. da LOUGA, 127.1.e) da vixente LRBRL, é competente para resolver a petición a Xunta de Goberno Local*

#### **CONCLUSIÓN**

*De conformidade cos antecedentes e fundamentos transcritos resolvo:*

*Primeiro.- Autorizar a don José María Hidalgo González en nome da entidade Fundación Galega do Metal para a Formación, Cualificación e Emprego (Formega), a instalación dun guindastre torre en na propiedade municipal situado en avda. do Tranvía, 2, Cabral, Vigo, conforme ao proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico industrial, Julio Iglesias Rey, con visado colexial do 17/04/06, plano de situación do guindastre redactado polo*

*devandito técnico e mesma data de visado colexial, e informes favorables obrantes no expediente 31054/422, cun orzamento de instalación segundo proxecto de 1.365 euros, co obxecto de realizar cursos de formación e durante o prazo que manteña a súa vixente a autorización para ocupación da propiedade municipal outorgada polo concelleiro Delegado de Patrimonio de data 19/03/07 (expte. 18038/240).*

*A instalación do guindastre levarase a cabo no lugar exacto indicado no proxecto presentado e no plano de situación antes citado.*

*A características do guindastre de identificación Liebherr 26-K, LE 16036 09/29 son as seguintes:*

*- Lonxitude máxima da pluma: 22,75 m. - Altura máxima: 20 m.*

*Segundo o indicado no apartado 3.8.6. das normas urbanísticas do vixente PXOU, con carácter xeral o carro do que colga o gancho do guindastre non rebordará a área do soar da obra. No caso de que a área de funcionamento do brazo reborde o espazo acoutado polo valo das obras, tomaranse polo peticionario/a as precaucións necesarias para que o carro e os materiais que de él se suspendan non voen fóra da superficie acoutada polo dito valo. Ademáis, terase especial coidado cos posibles contactos con liñas de condución de electricidade.*

*Os elementos que transporte o guindastre serán colocados en forma que presente a necesaria garantía de seguridade a xuízo do facultativo da obra. Non se poderán deixar obxectos ou materiais suspendidos cando a grúa estea en repouso.*

*A presente licenza queda condicionada a que o/a solicitante presente na Xerencia de Urbanismo dentro do prazo de dez días a partir da instalación do guindastre, e, en todo caso, antes da súa utilización a seguinte certificación:*

*Certificación expedida polo técnico competente da empresa instaladora autorizada responsable do montaxe e visada polo correspondente colexio profesional no que se acredite o perfecto estado de instalación, seguridade e funcionamento do guindastre e que se fixo entrega desta ao titular desta licenza despois de comprobar na súa presenza o correcto funcionamento dos seus dispositivos de seguridade conforme ao modelo establecido para guindastre torre desmontable para obras e outras aplicacións do anexo V da ITC MIE-AEM 2 do Regulamento de aparatos de elevación e manutención referente a guindastres torre para obras ou outras aplicacións aprobada por R.d. 836/2003, de 27 de xuño.*

*O guindastre e os seus ascensorios serán revisados periodicamente, ao menos cada catro meses como mínimo, ou despois dunha parada importante superior a tres meses antes da súa nova posta en servicio, dita revisión levarase a cabo por conservador autorizado co cal deberá subscribir un cantrato de mantemento mentres o guindastre permaneza instalado.*

*O titular da licenza deberá coidar, en todo momento, que o guindastre torre se manteña en perfecto estado de funcionamento e seguridade, contratar o mantemento e revisións da instalación con empresa inscrita no Rexistro de empresas conservadoras da administración pública competente, así como impedir a súa utilización cando non ofrezca as debidas garantías de seguridade para as persoas ou cousas ou cando directa ou indirectamente teña coñecemento de que esta non reúne as debidas condicións de seguridade e demais obrigas establecidas na lexislación vixente, en especial, o artigo 13 do RD 2291/1985, do 8 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de aparellos de elevación e manutención.*

*O montaxe do guindastre será realizado pola empresa instaladora autorizada (segundo documentación aportada Maga Vigo, S.L.) baixo a dirección do técnico competente da entidade instaladora responsable do montaxe. Deberá subscribir un contrato de mantemento cunha empresa conservadora autorizada mentres o guindastre permaneza instalada.*

#### *Caducidade*

*Será declarada a caducidade da licenza, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia):*

- Se non comezou a instalación no prazo de seis meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.*
- Se estando iniciada, estivese interrompida polo mesmo periodo.*

*Non obstante, transcorridos tres anos dende o outorgamento da licenza sen que se iniciase a instalación, entenderase a licenza caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderá iniciar a instalación sen obter nova licenza axustada á lexislación e ordenación urbanística en vigor (art. 197.3 da Lei 9/2002).*

#### *Advertencias*

*Deberá respectarse a lexislación sectorial que en cada caso sexa de aplicación, a licenza entenderase concedida salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e das demais autorizacións que fosen precisas doutras administracións públicas para a instalación e posta en funcionamento do guindastre, en especial, da que deba obter do órgano competente da comunidade autónoma de Galicia.*

*Segundo.- Informar ao/á titular desta licenza que inmediatamente ao remate da instalación do guindastre aportará na Xerencia Municipal de Urbanismo, no prazo sinalado, a certificación que se indica na licenza.*

#### *Recursos*

*Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dicta a presente resolución no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación desta resolución.*

*Non obstante, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta por transcurso do prazo máximo dun mes para dictar e notifica-la resolución.*

#### *Sobre do imposto de construcións, instalacións e obras*

*Lémbrese a obriga de efectua-lo pagamento do imposto municipal de construcións, instalacións e obras que deberá ingresar por autoliquidación no prazo de un mes, a partir da recepción da notificación desta resolución, en calquera entidade colaboradora autorizada de acordo co apartado 6 da Ordenanza fiscal reguladora do devandito imposto.”*

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa licenza solicitada por Formega-Fundación Galega do Metal para a Formación, Cualificación e Emprego para a instalación dun guindastre torre en na propiedade municipal situado en avda. do Tranvía, 2, Cabral, Vigo. Expte. 31054/422.

### **143(1265).- 32754/422 CONSTRUCCIONES CONDE, SA**

Segundo consta no expediente 32754/422 a Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

#### *“ANTECEDENTES*

*Construcciones Conde, S.A. (CIF a-36620524) solicitou, con data 22/06/07, licenza municipal para a instalación dun guindastre torre situado en Parcela VP, 1 Peri 4, Barreiro 2, soar, Vigo, segundo proxecto técnico presentado, redactado polo enxeñeiro técnico industrial, Javier Granja Guillán, e visado polo colexio profesional en data 20/06/07, plano de área de3 varrido da pluma redactado polos arquitectos directores de obra, Guillén, Mateos e Llopiz, con data de visado colexial do 19/02/07 (epte. 32754/422).*

#### *DEREITO*

##### *SUBXECCIÓN E FINALIDADE DA LICENZA*

*Un dos supostos máis antigos de intervención administrativa na actividade dos particulares constitúeo o sometemento previo a licenza dos usos proxectados do solo. Así a Lei reguladora de bases de réxime local do 2 de abril de 1985, artigo 84 letra “b” (LRBRL), reconece esta facultade de control preventivo ás Corporacións locais.*

*Sempre sen ánimo de exhaustividade, distintas normas enumeran os concretos actos suxeitos a licenza: artigos 194º.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), 10 do Regulamento de disciplina urbanística galego do 21 de xaneiro de 1999 (D. 28/1999), e as Normas de procedemento do Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia do 29 de abril de 1993 (PXOU-93), incluíndo expresamente a actuación proposta.*

*A licenza solicitada ter por obxecto verificar que instalación proxectada se axusta ao ordenamento urbanístico vixente e que reúne as condicións esixibles de seguridade de conformidade co previsto no artigo 194º.1. da LOUGA, 9º do citado D. 28/1999, do 21 de xaneiro, apartado 3.8.6. das normas urbanísticas do PXOU-93 vixente, e R.d. 836/2003, de 27 de xuño, polo que se aproba a nova instrucción técnica complementaria "MIE-AEM-2" do Regulamento de aparatos de elevación e manutención, referente a guindastre torre para obras e outras aplicacións.*

#### *ACTUACIÓN PROPOSTA*

*A petición de instalación do guindastre situado en Parcela VP, 1 Peri 4, Barreiro 2 soar,Vigo, é para a construción dunha edificación con licenza autorizada por resolución do vicepresidente da Xerencia Municipal de*

urbanismo, en data 1/06/06(expte.55375/421), en solo clasificado como urbano e dentro do Peri 4 Barreiro 2, aprobado definitivamente, Polígono I.

A instalación proxecto reúne as condicións de seguridade esixibles segundo proxecto técnico presentado conforme ao citado R.d. 837/2003, de 27 de xuño, e informes técnicos emitidos.

A instalación efecturase, segundo proxecto presentado, pola entidade Baygar, S.L., a cal conta coa correspondente autorización de empresa instaladora da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia segundo datos emitidos pola dita Consellería.

Conforme ao artigo 195º.1. da LOUGA citada e concordantes do decreto autonómico 28/1999, do 21 de xaneiro, a licenza solicitada é un acto regrado que haberá de outorgarse –e no seu caso denegarse- de acordo coas previsións da lexislación e planeamento aplicables polo que, no presente caso, procede a súa concesión.

Antes da posta en funcionamento do guindastre, sen prexuízo da autorización que deba obter da administración automática, achegarase a correspondente certificación expedida polo técnico competente da empresa instaladora autorizada responsable do montaxe e visada polo correspondente colexio profesional no que se acredite o perfecto estado de instalación, seguridade e funcionamento do guindastre e que se fixo entrega deste ao titular desta licenza despois de comprobar na súa presenza o correcto funcionamento dos seus dispositivos de seguridade conforme ao modelo establecido para guindastre torre desmontable para obras e outras aplicacións do anexo V da ITC MIE-AEM 2 do Regulamento de aparatos de elevación e manutención referente a guindastres torre para obras ou outras aplicacións aprobada por R.d. 836/2003, de 27 de xuño, en relación co apartado 3.8.6 das normas urbanísticas do PXOU-93 vixente en Vigo, e no seu funcionamento cumprírase coas determinacións recollidas nas ditas normas.

#### PROCEDEMENTO

Na tramitación do expediente recabáronse os informes técnicos preceptivos ao abeiro do artigo 195 e seguinte da LOUGA e lexislación de procedemento local, sección terceira do capítulo primeiro do título sexto do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico da entidades locais do 28 de novembro de 1986, en relación co artigo 12º do decreto autonómico 28/1999, do 21 de xaneiro.

#### COMPETENCIA

De conformidade cos artigos 195º.2. da LOUGA, 127.1.e) da vixente LRBRL, é competente para resolver a petición a Xunta de Goberno Local

#### CONCLUSIÓN

De conformidade cos antecedentes e fundamentos transcritos fórmase a seguinte proposta de resolución:

Primeiro.- Autorizar a Construcciones Conde, S.A, a instalación dun guindastre torre en soar situado en Parcela VP, 1 Peri 4 Barreiro 2, Vigo, conforme ao proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico industrial, Javier Granja Guillén, con visado colexial do 20/06/07, plano de situación do guindastre redactado polos arquitectos directores de obra, Guillén, Mateos y Llópiz, con data de visado colexial do 19/02/07, e informes favorables obrantes no expediente 32754/422, cun orzamento de instalación segundo proxecto de 2.000 euros, co obxecto de realiza-las obras autorizadas ao amparo da licenza municipal con núm. de expte. 5555375/421 e durante o prazo de execución das ditas obras conforme á licenza e lexislación aplicable.

*A instalación do guindastre levarase a cabo no lugar exacto indicado no proxecto presentado e no plano de situación antes citado.*

*A características do guindastre de identificación Saez, S-52, núm. 6160/07 son as seguintes:*

*- Lonxitude máxima da pluma: 52,30 m. - Altura máxima: 40,10 m.*

*Segundo o indicado no apartado 3.8.6. das normas urbanísticas do vixente PXOU, con carácter xeral o carro do que colga o gancho do guindastre non rebordará a área do soar da obra. No caso de que a área de funcionamento do brazo reborde o espazo acoutado polo valo das obras, tomaranse polo petionario/a as precaucións necesarias para que o carro e os materiais que de él se suspendan non voen fóra da superficie acoutada polo dito valo. Ademáis, terase especial coidado cos posibles contactos con liñas de condución de electricidade.*

*Os elementos que transporte o guindastre serán colocados en forma que presente a necesaria garantía de seguridade a xuízo do facultativo da obra. Non se poderán deixar obxectos ou materiais suspendidos cando a grúa estea en repouso.*

*A presente licenza queda condicionada a que o/a solicitante presente na Xerencia de Urbanismo dentro do prazo de dez días a partir da instalación do guindastre, e, en todo caso, antes da súa utilización a seguinte certificación:*

*Certificación expedida polo técnico competente da empresa instaladora autorizada responsable do montaxe e visada polo correspondente colexio profesional no que se acredite o perfecto estado de instalación, seguridade e funcionamento do guindastre e que se fixo entrega desta ao titular desta licenza despois de comprobar na súa presenza o correcto funcionamento dos seus dispositivos de seguridade conforme ao modelo establecido para guindastre torre desmontable para obras e outras aplicacións do anexo V da ITC MIE-AEM 2 do Regulamento de aparatos de elevación e manutención referente a guindastres torre para obras ou outras aplicacións aprobada por R.d. 836/2003, de 27 de xuño.*

*O guindastre e os seus ascensorios serán revisados periodicamente, ao menos cada catro meses como mínimo, ou despois dunha parada importante superior a tres meses antes da súa nova posta en servizo, dita revisión levarase a cabo por conservador autorizado co cal deberá subscribir un contrato de mantemento mentres o guindastre permaneza instalado.*

*O titular da licenza deberá coidar, en todo momento, que o guindastre torre se manteña en perfecto estado de funcionamento e seguridade, contratar o mantemento e revisións da instalación con empresa inscrita no Rexistro de empresas conservadoras da administración pública competente, así como impedir a súa utilización cando non ofrezca as debidas garantías de seguridade para as persoas ou cousas ou cando directa ou indirectamente teña coñecemento de que esta non reúne as debidas condicións de seguridade e demais obrigas establecidas na lexislación vixente, en especial, o artigo 13 do RD 2291/1985, do 8 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de aparellos de elevación e manutención.*

*O montaxe do guindastre será realizado pola empresa instaladora autorizada (segundo documentación aportada baixo a dirección do técnico competente da entidade instaladora responsable do montaxe. Deberá subscribir un contrato de mantemento cunha empresa conservadora autorizada mentres o guindastre permaneza instalada.*

#### *Caducidade*

*Será declarada a caducidade da licenza, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia):*

- *Se non comezou a instalación no prazo de seis meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.*
- *Se estando iniciada, estivese interrompida polo mesmo periodo.*

*Non obstante, transcorridos tres anos dende o outorgamento da licenza sen que se iniciase a instalación, entenderase a licenza caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderá iniciar a instalación sen obter nova licenza axustada á lexislación e ordenación urbanística en vigor (art. 197.3 da Lei 9/2002).*

#### *Advertencias*

*Deberá respectarse a lexislación sectorial que en cada caso sexa de aplicación, a licenza entenderase concedida salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e das demais autorizacións que fosen precisas doutras administracións públicas para a instalación e posta en funcionamento do guindastre, en especial, da que deba obter do órgano competente da comunidade autónoma de Galicia.*

*Segundo.- Informar ao/á titular desta licenza que inmediatamente ao remate da instalación do guindastre aportará na Xerencia Municipal de Urbanismo, no prazo sinalado, a certificación que se indica na licenza.*

#### *Terceiro.- Recursos*

*Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dicta a presente resolución no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación desta resolución.*

*Non obstante, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta por transcurso do prazo máximo dun mes para dictar e notifica-la resolución.*

#### *Cuarto.- Sobre do imposto de construccions, instalacions e obras*

*Lémbrese a obriga de efectua-lo pagamento do imposto municipal de construcións, instalacións e obras que deberá ingresar por autoliquidación no prazo de un mes, a partir da recepción da notificación desta resolución, en calquera entidade colaboradora autorizada de acordo co apartado 6 da Ordenanza fiscal reguladora do devandito imposto.”*

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa licenza solicitada Construcciones Conde, S.A., para a instalación dun guindastre torre en soar situado en Parcela VP, 1 Peri 4 Barreiro 2, Vigo. Expte. 32754/422.

#### **144(1266).- 32288/422 ASOC FONTENOVA-COLEGIO ALOYA**

Segundo consta no expediente 32288/422 a Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

## *“ANTECEDENTES*

*1.- O presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo en data do 11/03/04, acordou:*

*“CONCEDER á entidade ASOCIACIÓN FONTENOVA, conforme ó proxecto de obras de reforma e ampliación que obtivo licencia por resolución do presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 4/09/1998 (expte. 28218/421), proxecto de execución presentado (expte. 33783/421), proxectos de instalacións redactados polo enxeñeiro técnico industrial, José Luis Lomba González, con data de visado colexial do 29/09/1999, anexo redactado polo arquitecto, José Díaz De La Iglesias, con data de visado colexial do 18/02/2003, e informes favorables obrantes no expediente núm. 23.220/422, licencia municipal de ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS para un CENTRO DE ENSINANZA na edificación (composta de dous bloques) situada en RÚA COUTO, 2, VIGO.*

*A edificación obxecto de licencia está composta de dous bloques cunha superficie total, de acordo cos planos presentados, de 3.937,53 metros cadrados. O bloque 1 está composto de planta soto, baixo e tres plantas; o bloque 2 composto de baixo, planta alta e baixo cuberta.*

*A edificación está situada en solo urbano do PXOU vixente, cualificado coa ordenanza 3.3., onde o uso está permitido.*

*O aforo máximo autorizado é de 1111 persoas, debendo reflectirse nunha placa á entrada, no interior do local en lugar ben visible, a devandita actividade e aforo máximo autorizado.-*

*A potencia total que se instalará en forza: A) para o desenvolvemento da actividade é de 8,49 CV en máquinas en máquinas con motor é de 69,85 Kw noutros receptores eléctricos; B) para servicios do local (ascensor e ventilación) é de 16 CV en máquinas con motor e de ningún Kw. noutros receptores eléctricos.*

*Instálase tamén, unha cociña de 18.706 Kc/h, un baño maría de 3.189 Kc/h, unha sartén de 13.792 Kc/h, unha fritidora de 16.551 Kc/h, un fri-top de 6.465 Kc/h, unha marmita baño maría de 18.965 Kc/h, unha plancha rápida de 7.758 Kc/h.*

*Deberá cumprir estrictamente coa vixente ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruidos e vibracións.*

*O DELEGADO PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DA XUNTA DE GALICIA o día 30/01/2004, calificou a actividade como MOLESTA, S.C.D., e condicionouse a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:*

- "a) Ó cumprimento das medidas correctoras propostas en planos e memoria.*
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.*
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.*
- d) Á instalación dunha cámara de graxas debidamente dimesionada que recolla tódalas augas da cociña previamente ó entronque co sumidoiro e que a saída de gases e fumes da cociña sexa ó cumio da edificación por conducto independente."*

*A presente licencia de actividades e instalacións queda condicionada ó cumprimento dos requisitos sinalados anteriormente, a que as obras e instalacións se axusten en todo momento ós proxectos presentados antes citados -exped. de licencia de obras 28218/421 e 33783/421- e, en especial, que cumpra coas medidas de seguridade propostas neste.*



*Unha vez rematadas as obras e instalacións no local que deberán realizarse baixo a dirección do técnico nomeado para o efecto, PORAO EN COÑECEMENTO E SOLICITARÁ AS CORRESPONDENTES VISITAS DE COMPROBACIÓN, por escrito, desta Xerencia Municipal de Urbanismo e acompañará CERTIFICACIÓN DO TÉCNICO DIRECTOR na que se especificará que as obras e instalacións se axustan ó proxecto presentado e ós termos desta licenza, SEN QUE POIDA EXERCE-LA ACTIVIDADE ata que se cumpran as condicións sinaladas con anterioridade e se efectúen as oportunas visitas de comprobación polos funcionarios técnicos competentes, (artigo 34 do Regulamento de actividades molestas insalubres, nocivas e perigosas do 30 de novembro de 1961 – D. 2414/1961- e Decreto autonómico 156/1995, de 3 de xuño, de Inspección ambiental), que se acreditará co correspondente título da licenza expedido pola vicepresidencia da Xerencia de Urbanismo.*

*O incumprimento das medidas correctoras impostas e das condicións desta licenza, en especial das condicións acústicas proxectadas, poderá dar lugar a súa revogación, de conformidade co previsto no artigo 4.6. da Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, e concordantes do RAMINP (D. 2414/1961, de 30 de novembro).*

*Deberá reservar un espazo no local para o colector do lixo. “*

*2.- Unha vez efectuadas as correspondentes visitas de comprobación conforme ao previsto no artigo 34 do RAMINP e chegada a certificación de fin de obra, expedíuse o correspondente título da licenza polo Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data do 4/11/05, que habilita para a posta en funcionamento da actividade.*

*3. A Asociación Fontenova (CIF G-36838514) solicitou, con data do 27/02/07, ampliación da licenza municipal para comedor de prácticas en planta baixa de centro de ensino situado rúa Couto, 2, Vigo, segundo estudo técnico presentado, redactado polo arquitecto, José Díaz De La Iglesias, e visado polo colexio profesional en data 26/05/07, (expte. 32288/422).*

*A petición foi obxecto de informes favorables pola arquitecta municipal, en data 11/06/07, e polo Laboratorio Municipal en data do 21/06/07.*

#### **DEREITO**

#### **SUBXECCIÓN E FINALIDADE DA LICENZA**

*Un dos supostos máis antigos de intervención administrativa na actividade dos particulares constitúeo o sometemento previo a licenza dos usos proxectados do solo. Así a Lei reguladora de bases de réxime local do 2 de abril de 1985, artigo 84 letra “b” (LRBRL), reconece esta facultade de control preventivo ás Corporacións locais.*

*Sempre sen ánimo de exhaustividade, distintas normas enumeran os concretos actos suxeitos a licenza: artigos 194º.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), 10 do Regulamento de disciplina urbanística galego do 21 de xaneiro de 1999 (D. 28/1999), 22 do Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955 e as Normas de procedemento do Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia do 29 de abril de 1993, incluíndo expresamente a actuación proposta.*

*A licenza solicitada ter por obxecto verificar que a actividade proxectada no local se axusta ao ordenamento urbanístico vixente e que reúne as condicións esixibles de seguridade, salubridade, accesibilidade de conformidade co previsto no artigo 194º.1. da LOUGA, 9º do citado D. 28/1999, do 21 de xaneiro, e concordante normativa de aplicación.*

## ACTUACIÓN PROPOSTA

A entidade peticionaria é titular de licenza na edificación situada na rúa Couto,2, Vigo, para a actividade de centro de ensinanza e agora pretende a ampliación de actividade a comedor de prácticas en centro de ensino, modificando a actividade dunha zona, cunha superficie de 50 m<sup>2</sup> en planta baixa, que se adicaba a taller de ensino para, agora, adicala a comedor en prácticas dentro do mesmo uso de ensinanza. A Edificación sitúase en solo clasificado como urbano no PXOU-93 vixente, cualificado coa ordenanza 3.3. de zona de equipamento/ zonas culturais e sociais, onde o uso está permitido. O local proxectado para a actividade reúne as condicións esixibles de seguridade, salubridade, accesibilidade. Todo isto segundo se desprende dos Informes técnicos emitidos.

A ampliación de actividade que se pretende, non supón incremento de superficie de ningún tipo respecto da licenza de centro de ensinanza autorizada en data do 11/03/04 (23220/422), cambiándose únicamente unha superficie de 50 metros cadrados que se adicaba a taller de ensino que agora pasa a comedor de prácticas vinculado ó mesmo uso ensinanza. O aforo máximo para o comedor é de 33 persoas.

A ampliación a comedor en prácticas, tampou supón incremento das instalacións posto que a licenza outorgada e antes citada xa contaba coas instalacións precisas para dar servizo ao comedor en prácticas ao dispoñer dunha cociña de 18.706 Kc/h, un baño maría de 3.189 Kc/h, unha sartén de 13.792 Kc/h, unha fritidora de 16.551 Kc/h, un fri-top de 6.465 Kc/h, unha marmita baño maría de 18.965 Kc/h, unha plancha rápida de 7.758 Kc/h.

Respecto da Ordenanza municipal de sobre ruidos e vibracións e habita conta de que non se incrementan instalacións considérase cumprida e xustificada coa licenza autorizada no seu día para centro de ensino.

Conforme ao artigo 195°.1. da LOUGA citada e concordantes do decreto autonómico 28/1999, do 21 de xaneiro, a licenza solicitada é un acto regrado que haberá de outorgarse –e no seu caso denegarse- de acordo coas previsións da lexislación e planeamento aplicables polo que, no presente caso, verificado o seu axuste á lexislación e planeamento procede a súa concesión.

## PROCEDEMENTO

Na tramitación do expediente recabáronse os informes técnicos preceptivos ao abeiro do artigo 195 e seguinte da LOUGA e lexislación de procedemento local, sección terceira do capítulo primeiro do título sexto do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico da entidades locais do 28 de novembro de 1986, en relación co artigo 12º do decreto autonómico 28/1999, do 21 de xaneiro.

## COMPETENCIA

De conformidade cos artigos 195°.2. da LOUGA, 127.1.e) da vixente LRBRL, é competente para resolver a petición a Xunta de Goberno Local

## CONCLUSIÓN

De conformidade cos antecedentes e fundamentos transcritos formúlase a seguinte proposta de resolución:

Conceder a dona Ana María Borges Chamorro en nome e representación da entidade Asociación Fontenova, conforme ao estudio técnico presentado, redactado polo arquitecto, José Díaz de la Iglesias, visado polo colexio profesional en data 26/05/07, e informes favorables obrantes no expediente 32288/422, a ampliación da licenza

*municipal de actividade a comedor en prácticas en centro de ensinanza situado na rúa Couto, 2, Vigo, con licenza de actividade autorizada por resolución do presidente da Xerencia Municipal de urbanismo en data do 11/03/04 (expte. 23220/422)*

*A ampliación de actividade que se autoriza non supón incremento de superficie de ningún tipo, únicamente se modifica o destino dunha zona de taller de ensinanza dunha superficie de 50 metros cadrados, situado en planta baixa, que agora pasa a adicarse a comedor en prácticas de centro de ensino.*

*O inmovible no que se empraza o local atópase en solo clasificado como urbano no PXOU-93 vixente, cualificado coa ordenanza 3.3. de zona de equipamento/ zonas culturais e sociais.*

*O aforo máximo autorizado para o local adicado a comedor de prácticas é de 33 persoas, debendo reflectirse nunha placa á entrada do local, en lugar ben visible, a devandita actividade e aforo máximo autorizado.*

*A presente licenza municipal de actividade queda condicionada a que o local e instalacións se axusten ao estudo técnico presentado antes citado, e que cumpra coas medidas de seguridade propostas neste, e demais condicións esixidas legalmente, sen prexuízo da comprobación que se efectuará por técnico municipal na correspondente visita de inspección.*

*Antes de comezar a exercer-la actividade, deberá cumprir inexcusablemente coas medidas de seguridade propostas.*

*Deberán manterse en todo momento as condicións da licenza de actividade para centro de ensinanza outorgada por resolución do presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 11/03/04 (expte. 23220/422), coas modificacións da zona comedor duns 50 metros cadrados que agora se autorizan.*

#### **CADUCIDADE**

*Será declarada a caducidade da licenza, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia):*

- Se non comezou a actividade no prazo de seis meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.*
- Se estando iniciada, estivese interrompida polo mesmo periodo.*

*Non obstante, transcorridos tres anos dende o outorgamento da licenza sen que se iniciase a actividade ou estivese interrompida polo mesmo prazo de tres anos, entenderase a licenza caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderá iniciar actividade sen obter nova licenza axustada á lexislación e ordenación urbanística en vigor (art. 197.3 da Lei 9/2002).*

#### **ADVERTENCIAS**

*Deberá respectarse a lexislación sectorial que en cada caso sexa de aplicación, a licenza entenderase concedida salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e das demais autorizacións que fosen precisas doutras administracións públicas para o desenvolvemento da actividade.*

#### **RECURSOS**

*Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dicta a presente resolución no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación desta resolución.*

*Non obstante, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta por transcurso do prazo máximo dun mes para dictar e notifica-la resolución.”*

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa a ampliación da licenza municipal de actividade a comedor en prácticas en centro de ensinanza situado na rúa Couto, 2, Vigo, solicitada pola Asociación Fontenova-Colegio Aloya. Expte. 32288/422.

**145(1267).- 58530/421 JOSE ROCHA, SL (PANADERIA ROCHA)**

Segundo consta no expediente 58530/422 a Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

*“ANTECEDENTES*

*José Rocha, S.L. (CIF B-36756815) solicitou, con data do 16/06/06, licenza municipal de actividades e instalacións para unha panadería con obradoiro no local situado rúa Aragón, 198, baixo (expte. 31285/422).*

*A/o peticionario/a solicitou tamén, en data do 8/01/07, a correspondente licenza de obras de adecuación do local para a actividade (expte. 58530/421).*

*As ditas peticións achegou o correspondente proxecto técnico de obras de acondicionamiento e actividade e instalacións redactado polo enxeñeiro industrial, Manuel Angel Dacosta Davila, e visado polo colexio profesional en data 18/05/06, anexo reformado de data 28/03/07.*

*Ditos procedementos estanse a tramitar simultaneamente de conformidade co previsto no artigo 196º.2. da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUGA) en relación co artigo 22.3. do Regulamento de servizos das corporacións locais e Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas – D. 2414/1961, de 30 de novembro- (en adiante RAMINP).*

*A petición someteuse a información pública por termo de vinte días mediante a inserción de edicto no BOP núm. 193, do 6/10/06, con notificación persoal aos presidentes das cidades. de veciños inmediatas.*

*As solicitudes de licenzas foron obxecto de informes favorables polos técnicos municipais en datas 18/01/07 (arquitecta municipal), 09/04/07 (enxeñeiro técnico industrial: xefe do Servizo de Licenzas de Actividades), 10/05/07 (Laboratorio Municipal).*

Con data do 11/05/07 (doc. 70056825), e posteriores escritos de data 19 e 26/06/07 (docs. 70072910, 70075457), don José Antonio Cadaya Gómez con domicilio na rúa Aragón, 198, 5º esquerda, Vigo, presenta escrito de alegacións no que indica que pon en marcha o extractor da industria e carece de saída de gases ao cumio da edificación.

A actividade foi obxecto de informe favorable por resolución do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 07/06/07 e cualificada a actividade pola Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia en data do 22/06/07 como molesta.

## DEREITO

### SUBXECCIÓN E FINALIDADE DAS LICENZAS

Un dos supostos máis antigos de intervención administrativa na actividade dos particulares constitúeo o sometemento previo a licenza dos usos proxectados do solo. Así a Lei reguladora de bases de réxime local do 2 de abril de 1985, artigo 84 letra “b” (LRBRL), recoñece esta facultade de control preventivo ás Corporacións locais.

Sempre sen ánimo de exhaustividade, distintas normas enumeran os concretos actos suxeitos a licenza: artigo 194º.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), 10 do Regulamento de disciplina urbanística galego do 21 de xaneiro de 1999 (D. 28/1999), 22 do Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955, as Normas de procedemento do Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia do 29 de abril de 1993, incluíndo expresamente as actuacións propostas.

As licenzas solicitadas teñen por obxecto verificar que as obras e actividade proxectadas no local se axusta ao ordenamento urbanístico vixente e que reúnen as condicións esixibles de seguridade, salubridade, accesibilidade, de protección contra a contaminación acústica, de conformidade co previsto no artigo 194º.1. da LOUGA, 9º do citado D. 28/1999, do 21 de xaneiro e concordante normativa de aplicación. Ademáis, tratándose dunha actividade subxeita ao Regulamento de actividade molestas, insalubres, nocivas e perigosas –D. 2414/1961, de 30 de novembro- (RAMINP) para evitar que esta produza incomodidades, altere as condicións normais de salubridade e hixiene ambiental, ocasione danos ás riquezas pública ou privada ou implique riscos graves para as persoas e os bens.

### ACTUACIÓN PROPOSTA

O edificio no que se pretende as obras de adaptación e actividade en planta baixa, para adicar a panadería con obradoiro, nunha superficie de 96,75 m<sup>2</sup>, sitúase en solo clasificado como urbano no PXOU-93 vixente e cualificado coa ordenanza 1.2.A., onde as obras e o uso están permitidos. No novo PXOM, aprobado inicialmente en data 30/12/04, sitúase en ordenanza 6, onde o uso tamén é admisible. As obras e uso proxectados reúnen as condicións esixibles de seguridade, salubridade, accesibilidade, protección contra a contaminación acústica e medidas técnicas e correctoras precisas pola natureza da actividade, segundo se desprende dos Informes técnicos emitidos.

Respecto dos escritos de alegacións presentados por don José Antonio Cadaya Gómez, cabe indicar que o vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data do 1/02/07 incoou expediente de protección da legalidade urbanística á entidade peticionaria polo exercizo de actividade no devandito local, con orde inmeditada de suspensión de actividade e que pola Policía local, no caso de incumprimento, se proceda ao precintado do local (expte. 13628/423), polo que se adoptaron as medidas procedementos de protección da legalidade urbanística.

*O anteriormente exposto respecto da protección da legalidade urbanística con suspensión de actividade, non impide a tramitación das correspondentes licenzas de obras e actividade para a adecuación do local e actividade as normas urbanísticas, conforme se xustiza no proxecto presentado e informado favorablemente polos técnicos municipais, non ben entendido que non se poderá autorizar a posta en funcionamento da actividade ata que se cumpran as condicións da licenza, que se outorgue, conforme ao proxecto informado favorablemente e os condicionantes que se impuxeron no trámite de cualificación de actividade conforme ao RAMINP.*

*O orzamento de execución material de obra ascende a 7.011,31 euros, sendo director desta o enxeñeiro industrial redactor do proxecto, Manuel Ángel Dacosta Davila, segundo oficio de dirección co correspondente visado colexial.*

*Conforme ao artigo 195°.1. da LOUGA citada e concordantes do decreto autonómico 28/1999, do 21 de xaneiro, as licenzas solicitadas son actos regrados que haberán de outorgarse –e no seu caso denegarse- de acordo coas previsións da lexislación e planeamento aplicables polo que, no presente caso, verificado o seu axuste á lexislación e planeamento procede a súa concesión.*

#### **PROCEDEMENTO**

*Na tramitación do expediente recabáronse os informes técnicos preceptivos ao abeiro do artigo 195 e seguinte da LOUGA e lexislación de procedemento local, sección terceira do capítulo primeiro do título sexto do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico da entidades locais do 28 de novembro de 1986, en relación co artigo 12º do decreto autonómico 28/1999, do 21 de xaneiro.*

*Na tramitación dos expedientes seguiu-se o procedemento previsto no artigo 29 e seguintes do RAMINP en relación co decreto autonómico 28/1999, do 21 de xaneiro,.*

*O informe de cualificación da actividade evacuado pola Delegación Provincial de Medio Ambiente é vinculante para o Concello e deberán indicarse expresamente na licenza as condicións e medidas correctoras impostas ( artigos 7 do RAMINP e 5º da Orde de 15 de marzo de 1963, 4.6. da Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica).*

*A licenza de obras de adaptación de local e actividade solicitadas outorgaranse de forma simultánea de conformidade co previsto no artigo 196°.2 da LOUGA en relación co 22.3. do RSCL de 17 de xuño de 1955.*

*A este respecto, conforme á normativa de procedemento antes invocada autorizaranse simultaneamente as obras de adaptación de local e instalación da actividade solicitadas, e só unha vez aportada a certificación de fin de obra e instalación do/a técnico/a director/a destas conforme ao proxecto e licenzas que se autoricen, visada polo correspondente colexio profesional, e efectuadas as visitas de inspección previstas no artigo 34 RAMINP, e as correspondentes medicións sonométricas sobre do illamento acústico, poderá autorizarse a posta en funcionamento da actividade co correspondente título expedido pola presidencia ou vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, de conformidade co previsto nos artigos 34 do RAMINP, en relación coa Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental en Galicia e D. 156/1995 de Inspección Ambiental (DOG 5/6/95).*

#### **COMPETENCIA**

*De conformidade cos artigos 195°.2. da LOUGA, 127.1.e) da vixente LRBRL, é competente para resolver as peticións a Xunta de Goberno Local*

## CONCLUSIÓN

*De conformidade cos antecedentes e fundamentos transcritos, fórmulase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:*

*Primeiro (expte. 58530/421): Autorizar a don José Rocha González en nome e representación da entidade mercantil José Rocha, S.L. para realizar conforme ao proxecto presentado que inclúe estudo básico de seguridade e saúde, redactado polo enxeñeiro industrial, Manuel Angel Dacosta Davila, e visado polo colexio profesional en data 18/05/06, anexo reformado de data 28/03/07, cun orzamento de execución material segundo proxecto de 7.011,31 euros e informes favorables obrantes no expediente núm. 58530/421, obras de adaptación consistentes en:*

*“Adaptación dun local en planta baixa, dunha superficie de 96,75 m<sup>2</sup>, para adicar á actividade de panadería con obradoiro, situado en rúa Aragón, 198, Vigo.”*

*A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOU-93 vixente e cualificado coa ordenanza 1.2.A.. No novo PXOM, aprobado inicialmente en data 30/12/04, sitúase en ordenanza 6.*

### *Caducidade*

*Será declarada a caducidade da licenza, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia):*

- Se non comezan as obras no prazo de seis meses dende o día seguinte ao de notificación do seu outorgamento.*
- Se estando iniciadas, estivesen interrompidas polo mesmo periodo.*
- Se aos tres anos as obras non estivesen rematadas. Neste suposto deberá solicitar nova licenza para as obras que falten por executar.*

*Transcorridos tres anos dende o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase a licenza caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor (art. 197.3 da Lei 9/2002).*

### *Advertencias*

*Deberá respectarse a lexislación sectorial que en cada caso sexa de aplicación, a licenza entenderase concedida salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e das demais autorizacións que fosen precisas doutras administracións públicas para o desenvolvemento da actividade.*

*Será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación de cartel indicador cos datos que se mencionan no artigo 17.3 do Real Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia:*

*Segundo (expte. 31285/422): Conceder a don José Rocha González en nome e representación da entidade mercantil José Rocha, S.L., conforme ao proxecto presentado, redactado polo enxeñeiro industrial, Manuel Angel*

*Dacosta Davila, e visado polo colexio profesional en data 18/05/06, anexo reformado de data 28/03/07, e informes favorables obrantes no expediente núm. 31285/422, licenza municipal de actividades e instalacións para unha panadería con obradoiro no local situado en rúa Aragón, 198, baixo, Vigo.*

*A superficie do local, segundo planos presentados, é de 96,75 m<sup>2</sup>.*

*A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOU-93 vixente e cualificado coa ordenanza 1.2.A.. No novo PXOM, aprobado inicialmente en data 30/12/04, sitúase en ordenanza 6.*

*O aforo máximo autorizado é de 7 persoas, debendo reflectirse nunha placa á entrada, no interior do local en lugar ben visible, a devandita actividade e aforo máximo autorizado.*

*Deberá cumprir estrictamente coa vixente Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruidos e vibracións.*

*A potencia total solicitada en forza para o desenvolvemento da actividade é de 16,08 CV en máquinas con motor e de 2,60 Kw. noutros receptores eléctricos e para servizos do local ventilación é de 1,90 CV e ningún Kw noutros receptores eléctricos.*

*Instálase, tamén, un forno a gas de 70.000 Kc/h.*

*A Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, con data do 22/06/07, cualificou a actividade como molesta, e condicionouse a súa instalación ao cumprimento dos seguintes requisitos:*

- "a) Ao cumprimento das medidas correctoras propostas en planos e memoria.*
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.*
- c) Ao cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.*
- d) A traballar coas portas e as fiestras pechadas e ventilación forzada. Ó cumprimento da normativa vixente en materia de contaminación acústica. A saída de vapores e fumes do forno do pan será ó cumio da edificación por conducto independente, segundo memoria e planos. Previa á obtención da licenza de apertura, na visita de comprobación, deberá estar en posesión de certificado de ruidos e vibracións, favorable, emitido por empresa homologada."*

*A presente licenza de actividades e instalacións queda condicionada ao cumprimento dos requisitos sinalados anteriormente, a que as obras e instalacións se axusten en todo momento ao proxecto presentado antes citado – expte. de licenza de obra 58530/421 que se autoriza simultaneamente coa de actividade-, e, en especial, que cumpra coas medidas de seguridade propostas neste e de protección contra a contaminación acústica.*

*Unha vez rematadas as obras e antes da posta en marcha da actividade, presentará medicións santométricas acreditativas do illamento acústico acadado no local, de acordo co disposto ao respecto no Manuel de procedementos da vixente ordenanza municipal de ruidos. Para a súa valoración utilizarase o nivel global de illamento acústico estandarizado con ponderación A (Dnta), que acadará como mínimo os 60 dbA con respecto ás vivendas. As medicións deberán realizarse por empresa homologada pola Xunta de Galicia e virán visada polo correspondente colexio profesional.*

*Tamén, unha vez rematadas as obras e instalacións no local que deberán realizarse baixo a dirección do/a técnico/a nomeado para o efecto, porao en coñecemento e solicitará as correspondentes visitas de comprobación,*



*por escrito, desta Xerencia Municipal de Urbanismo e acompañará certificación do técnico/a director/a na que se especificará que as obras e instalacións se axustan ao proxecto presentado e aos termos desta licenza, sen que poida exercer-la actividade ata que se cumpran as condicións sinaladas con anterioridade e se efectúen as oportunas visitas de comprobación polos funcionarios técnicos competentes, (artigo 34 do RAMINP e Decreto autonómico 156/1995, de 3 de xuño, de Inspección ambiental), que se acreditará co correspondente título da licenza expedido pola presidencia ou vicepresidencia da Xerencia de Urbanismo ou mesmo resolución expresa de posta en funcionamento.*

*O incumprimento das medidas correctoras impostas e das condicións desta licenza, en especial das condicións acústicas proxectadas, poderá dar lugar a súa revogación, de conformidade co previsto no artigo 4.6. da Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, e concordantes do RAMINP.*

*Deberá reservar un espazo no local para o colector do lixo.*

#### *Caducidade*

*Será declarada a caducidade da licenza, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia):*

- Se non comezou a actividade no prazo de seis meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.*
- Se estando iniciada, estivese interrompida polo mesmo periodo.*

*Non obstante, transcorridos tres anos dende o outorgamento da licenza sen que se iniciase a actividade ou estivese interrompida polo mesmo prazo de tres anos, entenderase a licenza caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderá iniciar actividade sen obter nova licenza axustada á lexislación e ordenación urbanística en vigor (art. 197.3 da Lei 9/2002).*

#### *Advertencias*

*Deberá respectarse a lexislación sectorial que en cada caso sexa de aplicación, a licenza entenderase concedida salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e das demais autorizacións que fosen procedentes doutras administracións públicas por razón da actividade.*

#### *Recursos*

*Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dicta a presente resolución no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación desta resolución.*

*Non obstante, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta por transcurso do prazo máximo dun mes para dictar e notifica-la resolución.*

*Sobre do Imposto de Construccions, Instalacions e Obras*

*Lémbrese a obriga de efectua-lo pagamento do imposto municipal de construcións, instalacións e obras que deberá ingresarse por autoliquidación no prazo de un mes, a partir da recepción da notificación desta resolución, en calquera entidade colaboradora autorizada de acordo co apartado 6 da Ordenanza fiscal reguladora do devandito imposto.”*

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa licenza solicitada pola mercantil José Rocha, S.L., para obras de adaptación dun local en planta baixa, dunha superficie de 96,75 m<sup>2</sup>, para adicar á actividade de panadería con obradoiro, situado en rúa Aragón, 198, Vigo. Expte. 58530/421.

#### **146.- 20548/422 RAMON LORENZO LORENZO**

Segundo consta no expediente 20548/422 a Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

*“Vista a petición de licenza de actividade presentada por Ramón Lorenzo Lorenzo (DNI 35869005-E) para o desenvolvemento da actividade de Cafetería no local situado en Areal nº 50 , baixo, Vigo, documentación obrante no expediente núm. 20548/422. Tendo en conta os fundamentos de feito e dereito que se recollen na resolución e que conforme aos artigos 195º.2. da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, 127.1.e) da vixente Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local é competente para resolve-la petición a Xunta de Goberno Local.*

*Polo exposto, procede resolver:*

*Primeiro.- Ter por desistido expresamente a Ramón Lorenzo Lorenzo, das peticións, presentadas no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo en data do 01/10/1999 (exptes. 34959/421 e 20548/422), de licenzas municipais de obras de adaptación e actividade para o desenvolvemento da actividade de Cafetería no local situado en Areal nº 50 , baixo, Vigo, conforme ao establecido no artigo 71.1. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, unha vez transcorrido en exceso o prazo de quince días prevenido no artigo 9.1.4. do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais en relación co 71.1 da lei antes citada, para que o interesado/a aporte os seguintes documentos preceptivos esixidos, os cales foron requeridos pola Xerente de Urbanismo en data do 31/03/2000 (acuse recibo notificación do 07/04/2000).*

*A documentación requerida foi a seguinte:*

- Planos de planta do local, situando as instalacións industriais e os elementos electromecánicos a instalar.*
- Non se considera suficientemente xustificado o cumprimento da ordenanza municipal sobre ruidos e vibracións nos seguintes aspectos:*
- Especificarase composición espesor e masa por unidade de superficie da totalidade dos distintos materiais que constituen os diferentes cerramentos do local e calcular os seus respectivos aillamentos de acordo cos*

*criterios da NBE-CA, de forma que se xustifiquen as atenuacións consideradas. As fachadas calcularanse como elementos constructivos mixtos.*

- *A insonorización proxectada cumprirase coas condicións do art. 24 apdo. 1, polo tanto proxectarse suelo flotante, dobres paredes flotantes e desolarizadas e falso teito acústico desconectado mecánicamente do forxado superior.*

*Segundo.- Informar da presente resolución ao Servizo da Inspección da Xerencia para que se comprobe se a actividade está en funcionamento e, no seu caso, procédase á incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística.*

#### **Recursos**

*Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que dicta a resolución no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación desta resolución.*

*Non obstante, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta por transcurso do prazo máximo dun mes para dictar e notifica-la resolución.”*

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa licenza solicitada por don Ramón Lorenzo Lorenzo e en consecuencia ter por desistido expresamente a Ramón Lorenzo Lorenzo, das peticións, presentadas no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo en data do 01/10/1999 (exptes. 34959/421 e 20548/422), de licenzas municipais de obras de adaptación e actividade para o desenvolvemento da actividade de Cafetería no local situado en Areal nº 50 , baixo, Vigo

#### **147(1268).- 34959/421 RAMON LORENZO LORENZO**

Segundo consta no expediente 34959/421 a Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

*“Vista a petición de licenza de actividade presentada por Ramón Lorenzo Lorenzo (DNI 35869005-E) para o desenvolvemento da actividade de Cafetería no local situado en Areal nº 50 , baixo, Vigo, documentación obrante no expediente núm. 20548/422. Tendo en conta os fundamentos de feito e dereito que se recollen na resolución e que conforme aos artigos 195°.2. da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, 127.1.e) da vixente Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local é competente para resolve-la petición a Xunta de Goberno Local.*

*Polo exposto, procede resolver:*

*Primeiro.- Ter por desistido expresamente a Ramón Lorenzo Lorenzo, das peticións, presentadas no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo en data do 01/10/1999 (exptes. 34959/421 e 20548/422), de licenzas municipais de obras de adaptación e actividade para o desenvolvemento da actividade de Cafetería no local*

situado en Areal nº 50 , baixo, Vigo, conforme ao establecido no artigo 71.1. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, unha vez transcorrido en exceso o prazo de quince días prevenido no artigo 9.1.4. do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais en relación co 71.1 da lei antes citada, para que o interesado/a aporte os seguintes documentos preceptivos esixidos, os cales foron requeridos pola Xerente de Urbanismo en data do 31/03/2000 (acuse recibo notificación do 07/04/2000).

A documentación requirida foi a seguinte:

- Planos de planta do local, situando as instalacións industriais e os elementos electromecánicos a instalar.
- Non se considera suficientemente xustificado o cumprimento da ordenanza municipal sobre ruidos e vibracións nos seguintes aspectos:
  - Especificarase composición espesor e masa por unidade de superficie da totalidade dos distintos materiais que constitúen os diferentes cerramentos do local e calcular os seus respectivos aillamentos de acordo cos criterios da NBE-CA, de forma que se xustifiquen as atenuacións consideradas. As fachadas calcularanse como elementos constructivos mixtos.
  - A insonorización proxectada cumprirse coas condicións do art. 24 apdo. 1, polo tanto proxectarse suelo flotante, dobres paredes flotantes e desolarizadas e falso teito acústico desconectado mecánicamente do forxado superior.

Segundo.- Informar da presente resolución ao Servizo da Inspección da Xerencia para que se comprobe se a actividade está en funcionamento e, no seu caso, procédase á incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística.

#### Recursos

Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que dicta a resolución no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación desta resolución.

Non obstante, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta por transcurso do prazo máximo dun mes para dictar e notifica-la resolución.”

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa licenza solicitada por don Ramón Lorenzo Lorenzo e, en consecuencia, ter por desistido expresamente a Ramón Lorenzo Lorenzo, das peticións, presentadas no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo en data do 01/10/1999 (exptes. 34959/421 e 20548/422), de licenzas municipais de obras de adaptación e actividade para o desenvolvemento da actividade de Cafetería no local situado en Areal nº 50 , baixo, Vigo. Expte. 34959/422.

**148(1269).- 28846/422 INDUSTRIAS DELTA VIGO SL**

Segundo consta no expediente 28846/422 a Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

*“Industrias Delta Vigo, S.L. (CIF B-36711638) solicitou, con data do 21/12/04, licenza municipal de actividades e instalacións para fabricación de bens de equipo para a industria de automoción e aeronáutica na nave que se situará no Parque Tecnolóxico e Loxística de Valadares, parcela 10.12,, planta soto, baixa e dúas plantas altas (expte. 28846/422).*

*A peticionaria solicitou tamén, coa mesma data, a correspondente licenza de obras de construción da nave industrial para a actividade (expte. 52225/421).*

*Ás ditas peticións achegou o correspondente proxecto técnico de construción dos arquitectos Guillén, Mateos e Llopiz de data de visado 20/12/04, anexo reformado de data 7/12/05; proxecto de actividade e construción do enxeñeiro técnico industrial, Ramiro José Vázquez Vázquez, con data de visado colexial do 17/12/04 e anexo reformado de datas 29/07/05, 11/08/06 e 2/11/06; proxectos de instalacións do enxeñeiro técnico industrial Ramiro José Vázquez Vázquez correspondentes a: climatización e calefacción de data de visado 5/07/06 e instalación eléctrica en B.T. de data de visado 11/10/05, proxecto de centro de transformación do enxeñeiro técnico industrial Susana Vicent Pérez de data de visado do 17/03/06.*

*Ditos procedementos estanse a tramitar simultaneamente de conformidade co previsto no artigo 196º.2. da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUGA) en relación co artigo 22.3. do Regulamento de servizos das corporacións locais e Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas – D. 2414/1961, de 30 de novembro- (en adiante RAMINP).*

*Examinado o procedemento de licenzas de actividades e instalacións (expte. 28846/422) e informes técnicos obrantes neste resulta que:*

- a) A petición someteuse a información pública por termo de vinte días mediante a inserción de edicto no BOP núm. 48, do 10/03/05, sen que se presentasen alegacións.*
- b) A arquitecta municipal, en data 17/01/06, informou de que non existe inconveniente en acceder á licenza de actividade solicitada, sempre e cando as obras se axusten ao expediente de obras núm. 52225/421.*

*A superficie da nave, segundo planos presentados, é de 7.953,43 m<sup>2</sup>.*

*A edificación sitúase de acordo co Plan xeral vixente, no ámbito do Plan parcial do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, aprobado definitivamente o 23/03/01 e aprobadas tres modificacións puntuais con datas 29/09/03, 28/06/04 e 26/07/05, na que o uso é permisible.*

*No novo PXOM aprobado inicialmente polo Pleno do Concello o 30/12/04 emprázase nun sector de solo urbanizable S-58-I, se ben, incorpóranse as determinacións do Plan Parcial e as modificacións 1, 2 e 3 deste que posúen aprobación definitiva.*

*En relación ás medidas de seguridade propostas, non existe inconveniente en acceder ao solicitado.*

- c) O enxeñeiro técnico industrial, xefe do Servizo de Licenzas de Actividades, con data do 30/03/07 informou:*

- 1) Na zona onde se pretende empraazar a actividade está permitido este tipo de instalacións.
- 2) A instalación industrial que se proxecta reúne as condicións técnicas e regulamentarias precisas, xustificándose as medidas correctoras necesarias de acordo coa natureza da actividade a desenvolver.
- 3) A potencia total solicitada en forza para o desenvolvemento da actividade é de 857,42 CV en máquinas con motor e de 60,10 Kw. noutros receptores eléctricos; e para servizos do local (climatización, ventilación, calefacción e AGS e ascensor) é de 166,11 CV e ningún Kw noutros receptores eléctricos.
- 4) Xustifícase a Ordenanza municipal sobre ruidos e vibracións.
- 5) Unha vez rematadas as obras e instalacións e antes da posta en marcha da actividade, presentará medicións do nivel de ruidos transmitidos ó exterior polo funcionamento da actividade e as instalacións, que non superarán os 70 e 55 dbA máximos permitidos para o funcionamento dentro do horario diurno e nocturno respectivamente. As medicións serán realizadas por empresa homologada pola Xunta de Galicia (Consellería de Medio Ambiente).

d) Os Servizos Técnicos do Laboratorio Municipal de Hixiene, con data do 11/06/07, emiten informe favorable sobre proxecto presentado respecto das condicións hixiénico sanitarias do local. Non obstante, a definitiva licenza quedará condicionada á visita de comprobación previstas no artigo 34 do RAMINP.

Xa que logo, a actividade solicitada está suxeita a licenza conforme ao establecido no artigo 194º.2. da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, artigo 10º.9 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia, ao prevenido no decreto estatal D. 2414/1961, de 30 de novembro, polo que se aproba o RAMINP.

Vistos os informes técnicos favorables, tendo en conta que o uso do solo solicitado axústase ao ordenamento urbanístico e que a actividade proxectada reúne as condicións esixibles de seguridade, salubridade, accesibilidade e de protección contra a contaminación acústica, de conformidade co previsto no artigo 30.2.c) e 31 do RAMINP, artigos 195º.2. da LOUGA, 127.1.e) da vixente Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte

## RESOLUCIÓN

Primeiro.- Emitir informe favorable, sempre e cando as obras e instalacións se axusten aos proxectos presentados e informados favorablemente (expte. de petición de licenza de obra núm. 52225/421), e se conceda simultaneamente a licenza de obras e de actividades e instalacións de conformidade co previsto no artigo 196º.2. da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia en relación co 22.3. do Regulamento de servizos das corporacións locais, a petición tramitada a instancia de Industrias Delta Vigo, S.L., na que solicita licenza municipal de actividades e instalacións para fabricación de bens de equipo para a industria de automoción e aeronáutica na nave industrial que se situará en Parque Tecnolóxico e Loxística de Valadares, parcela 10.12, planta soto, baixa e dúas plantas altas, Vigo, ao abeiro do establecido no artigo 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas (D. 2414/1961 de 30 de novembro), e, polo tanto, o empraazamento proposto, o tipo de actividade e as circunstancias que concorren na instalación, están de acordo cos plans, ordenanzas e regulamentos que rexen na materia, e sen que a instalación repercuta desfavorablemente na sanidade ambiental.

Segundo.- Remiti-lo expediente á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia para a cualificación da actividade.”

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa licenza solicitada por Industrias Delta Vigo, S.L., para a industria de automoción e aeronáutica na nave industrial que se situará en Parque Tecnolóxico e Loxística de Valadares, parcela 10.12, planta soto, baixa e dúas plantas altas, Vigo. Expte. 28846/422

**149(1270).- 21784-422 ALFONSO GONZÁLEZ GONZÁLEZ**

Segundo consta no expediente 21784/422 a Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

*ANTECEDENTES*

*D. Alfonso González González solicitou, con data do 12/06/00, no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo licenza para a actividade de café bar sen música nun local na planta baixa do edificio sito enrúa Uruguay 18, Vigo, (expte. 21784/422).*

*Tamén, a peticionaria solicitou coa mesma data a correspondente licenza de obras de adaptación de local para actividade segundo expediente núm. 37267/421.*

*Ás ditas peticións achegou o correspondente proxecto técnico de obras de acondicionamento e instalacións para a actividade redactado polo enxeñeiro técnico industrial Manuel Caride González, visado polo Colexio profesional en data 12/06/00, anexos visados o 11/10/04 e 25/04/06.*

*As peticións foron obxecto de informes favorables polos técnicos municipais en datas 9/05/02 (aparelladora municipal), 10/04/07 (enxeñeiro técnico industrial) e 01/12/05 (Laboratorio Municipal).*

*A Delegada Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais con data do 29/05/02, emite informe sen impoñer condicionantes á obra reflectida no proxecto.*

*As obras de reforma e instalación da actividade foron autorizadas por resolución do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 18/07/02.*

*Polos Servizos Municipais de Inpección foron evacuados informes en datas 01/09/05 (Urbanismo) e 1/12/05 (Laboratorio), e achegouse certificación de fin de dirección de obra do enxeñeiro técnico industrial, Alfonso González González, con data de visado*

*DEREITO*

*SUBXECCIÓN E FINALIDADE DAS LICENZAS*

*Un dos supostos máis antigos de intervención administrativa na actividade dos particulares constitúeo o sometemento previo a licenza dos usos proxectados do solo. Así a Lei reguladora de bases de réxime local do 2 de abril de 1985, artigo 84 letra “b” (LRBRL), recoñece esta facultade de control preventivo ás Corporacións locais.*

*Sempre sen ánimo de exhaustividade, distintas normas enumeran os concretos actos suxeitos a licenza: artigos 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), 10 do Regulamento de disciplina urbanística galego do 21 de xaneiro de 1999 (D. 28/1999), 36 e 40 do R.d. 2816/1982, de 27 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e*

actividades recreativas, 22 do Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955 e as Normas de procedemento do Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia do 29 de abril de 1993, incluíndo expresamente as actuacións propostas.

As licenzas solicitadas teñen por obxecto verificar que as obras e actividade proxectadas no local se axusta ao ordenamento urbanístico vixente e que reúnen as condicións esixibles de seguridade, salubridade, accesibilidade, de protección contra a contaminación acústica, de conformidade co previsto nos artigos 194º.1. da LOUGA, 9º do citado D. 28/1999, do 21 de xaneiro, 36 e 40 do RXPEPAR.

Conforme ao RXPEPAR, artigos 36 a 43, primeiro autorizaranse as obras de reforma e instalación da actividade e tra-las oportunas comprobacións e emisión de certificacións sobre do axuste do local e instalacións á licenza autorizada, procederase a resolver sobre da licenza para o desenvolvemento ou apertada da actividade.

#### ACTUACIÓN PROPOSTA

A edificación na que se empraza o local obxecto das obras de adaptación e actividade en planta baixa, para adicar a café bar sen música, nunha superficie de 163,37 m<sup>2</sup> sitúase en solo clasificado como urbano do PXOU-93 vixente e cualificado coa ordenanza 1,1,B. Do ámbito do PEEC, cuarteirón 38, nunha edificación non catalogada, na que se permiten as obras e uso solicitados. As obras e uso proxectados reúnen as condicións esixibles de seguridade, salubridade, accesibilidade, protección contra a contaminación acústica e medidas técnicas e correctoras precisas pola natureza da actividade. Todo isto segundo se desprende dos informes técnicos emitidos.

As obras de adaptación e instalacións executadas no local para actividade axústanse á licenza autorizada en data 18/07/02, segundo informe de inspección evacuado polo Servizo de Inspección da Xerencia en data 01/09/05, con lixeiros cambios de distribución que non supoñen modificacións substanciais respecto da licenza autorizada e xustificación de que na execución da obra se cumpriu coa normativa sobre contaminación acústicas que se recolle na documentación con data de visado colexial do 11/10/04 e 25/04/06 que foi informada favorablemente pola aparelladora municipal en data 3/11/04 e polo enxeñeiro técnico industrial municipal en data 10/04/07, respectivamente, informe favorable do Laboratorio Municipal de Hixiene en data 01/12/05, e certificación de fin de dirección de obra expedida polo enxeñeiro técnico industrial, Alfonso González González,, con data de visado colexial do 30/12/05.

A actividade inclúese no núm. 2,7,2 do Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado por Decreto 292/2004, do 18 de novembro, modificado por Decreto 160/2005, do 2 de xuño, e corresponde a unha actividade permanente en establecemento público fixo.

Conforme ao artigo 195º.1. da LOUGA citada e concordantes do decreto autonómico 28/1999, do 21 de xaneiro, as licenzas solicitadas son actos regrados que haberán de outorgarse –e no seu caso denegarse- de acordo coas previsións da lexislación e planeamento aplicables polo que, no presente caso, verificado o seu axuste á lexislación e planeamento procede a súa concesión.

#### PROCEDEMENTO

Na tramitación do expediente recabáronse os informes técnicos preceptivos ao abeiro do artigo 195 e seguinte da LOUGA e lexislación de procedemento local, sección terceira do capítulo primeiro do título sexto do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico da entidades locais do 28 de novembro de 1986, en relación co artigo 12º do decreto autonómico 28/1999, do 21 de xaneiro.



*Na tramitación do expediente de actividade seguiu-se o procedemento previsto nos artigos 40 e seguintes do RXPEPAR en relación co decreto autonómico 28/1999, do 21 de xaneiro, e foron evacuados os informes esixidos da Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, conforme a dito regulamento.*

#### **COMPETENCIA**

*De conformidade cos artigos 195º.2. da LOUGA, 127.1.e) da vixente LRBRL, é competente para resolver a petición a Xunta de Goberno Local*

#### **CONCLUSIÓN**

*De conformidade cos antecedentes e fundamentos transcritos, fórmase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:*

*Conceder a don Alfonso González González, licenza municipal para o desenvolvemento (apertura ou inicio) da actividade de café bar sen música incluída no núm. identificativo 2.7.2. do C.e.p.a.r. da C.A. de Galicia aprobado por Decreto 292/2004, do 18 de novembro, modificado por Decreto 160/2005, do 2 de xuño, e corresponde a unha actividade permanente en establecemento público fixo) no local situado na planta baixa da edificación da rúa Uruguay, 18.*

*A superficie do local, segundo planos presentados, é de 163,37 m<sup>2</sup>.*

*O inmoble no que se empraza o local atópase en solo clasificado como urbano do PXOU vixente, ordenanza 1.1.B do ámbito do PEEC, cuarteirón 38, nunha edificación non catalogada onde o uso é permisible. No novo PXOM, aprobado inicialmente en data 30/12/04, sitúase en solo urbano cualificado coa ordenanza.*

*O aforo máximo autorizado é de 108 persoas, debendo reflectirse nunha placa á entrada, no interior do local en lugar ben visible, a devandita actividade e aforo máximo autorizado.-*

*A potencia total instalada en forza para o desenvolvemento da actividade é de 2,58 CV en máquinas con motor e de 6,60 Kw. noutros receptores eléctricos, e para servizos do local ventilación de 2,24 C.V. E ningún Kw. noutros receptores eléctricos.*

*O local deberá mante-las condicións previstas no proxecto aprobado e conforme ao cal se autorizaron as obras e instalacións para adica-lo a actividade de CAFÉ BAR SEN MÚSICA por resolución do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 18/07/02 (expte. 37267/421), redactado polo enxeñeiro técnico industrial, Manuel Caride González, e visado polo Colexio profesional en data 12/06/00 con lixeiros cambios de distribución que non supoñen modificacións substanciais respecto da licenza autorizada e xustificación de que na execución da obra se cumpriu coa normativa sobre contaminación acústica que se recolle na documentación con data de visado colexial do 11/10/04 e 25/04/06 que foi, respectivamente, informada favorablemente pola aparelladora municipal en data 3/11/04 e polo enxeñeiro técnico industrial municipal en data 10/04/07, comprobadas polo Servizo de Inspección da Xerencia Municipal de Urbanismo segundo informe do 01/09/05, Laboratorio Municipal de Hixiene do día 01/12/05, e de conformidade coa certificación de fin de dirección de obra expedida polo enxeñeiro técnico industrial, Alfonso González González, con data de visado colexial do 30/12/05, en cumprimento do artigo 40.3 do Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas (RD 2816/1982, de 27 de agosto).*

*Deberá tamén cumprir estrictamente e en todomomento coa vixente ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruidos e vibracións.*

*Deberá reservar un espazo no local para o colector do lixo.*

#### *Caducidade*

*Será declarada a caducidade da licenza, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia):*

- Se non comezou a actividade no prazo de seis meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.*
- Se estando iniciada, estivese interrompida polo mesmo periodo.*

*Non obstante, transcorridos tres anos dende o outorgamento da licenza sen que se iniciase a actividade ou estivese interrompida polo mesmo prazo de tres anos, entenderase a licenza caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderá iniciar actividade sen obter nova licenza axustada á lexislación e ordenación urbanística en vigor (art. 197.3 da Lei 9/2002).*

#### *Advertencias*

*Deberá respectarse a lexislación sectorial que en cada caso sexa de aplicación, a licenza entenderase concedida salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e das demais autorizacións que fosen procedentes doutras administracións públicas por razón da actividade.*

#### *Recursos*

*Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dicta a presente resolución no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación desta resolución.*

*Non obstante, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta por transcurso do prazo máximo dun mes para dictar e notifica-la resolución.”*

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta emitido pola Oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo transcrito anteriormente, en relación coa licenza solicitada por don Alfonso González González para o desenvolvemento da actividade de café bar sen música na rúa Uruguay, 18. Expte. 21784/422.

**150(1271).- SEGUNDA RECTIFICACIÓN DO CONVENIO DE CESIÓN DE TITULARIDADE DE APROVEITAMENTO E DOTACIÓNS NO PLAN PARCIAL DE NAVIA. EXPTE. 4609/401.**

Con data 8 de xuño de 2007, o técnico de administración xeral e máis o arquitecto da oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo emiten o seguinte informe-proposta:

*“Con data 03.06.1996 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o Plan parcial de Navia (expte. 2444/411, BOP núm. 183, do 20/09/1996), en desenvolvemento do programa de actuación urbanística aprobado no 08/02/1996. Dito acordo clarexouse noutro posterior de data 29.04.2002 (expte. 7556/411, BOP 19/07/2002). No 03.10.1997 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización dese ámbito (expte. 3992/401).*

*En data 12.06.02, o Consello da XMU acordou declarar a incesariedade de parcelación ou de operacións reparcelatorias.*

*O 22.06.05 a Xunta de goberno local acordou o seguinte: “(...) De acordo co previsto nos fundamentos legais e xurídicos contidos no presente informe se propoñe á Xunta de Goberno Local: 1.- Aprobar o convenio específico de cesión da titularidade de terreos destinados a espacio libre, terreos ocupados polo viario correspondente ás <Rúas 1-A, 1-AA e 1-EE>, equipamento (docente, social e deportivo), así como a cesión da parcela descrita no plan parcial co número XVII asignada ó Concello pola participación no aproveitamento urbanístico da actuación (...)”.*

*Segundo o contido do convenio, a parcela número XVII era a seguinte: “(...) Parcela P-XVII-A, ORDENANZA R-12. Parcela no Polígono de San Paio de Navia, Municipio de Vigo, Etapa II. Mide a superficie de cinco mil catrocentos e seis metros cuadrados <5.456 m<sup>2</sup>>. O uso predominante será o residencial colectivo. Ten unha edificabilidade de cincoenta mil seiscientos oitenta e catro metros cuadrados <50.684 m<sup>2</sup>>, dos cales corresponden coarenta e dous mil cincocentos metros cuadrados <42.500 m<sup>2</sup>> a residencial e oito mil cento oitenta e catro metros cuadrados <8.184 m<sup>2</sup>> a terciario. A superficie destinada a garaxes é de vintiun mil oitocentos vintecatros metros cuadrados <21.824 m<sup>2</sup>>. O número máximo de vivendas é de cento oitenta e catro (184). Linda: Norte, Sur e Leste espacio libre e Oeste rúa 2-a (...)”.*

*A parcela XVII descrita está inscrita no Rexistro da Propiedade número tres de Vigo, no libro 1279, folio 180 e finca 70.796, inscrición primeira.*

*A Xunta de Goberno Local de 25.09.06 acordou o seguinte: “(...) 1.- Acordar a cesión gratuita da parcela número XVII prevista na segunda etapa do Plan Parcial de Navia. Non obstante, precísaxe que con carácter previo, de acordo co establecido no real decreto lexislativo 2/2004, é necesaria a emisión do preceptivo informe de intervención (...)”.*

*No convenio de cesión da titularidade da parcela XVII aprobado pola Xunta de Goberno Local o 22.06.05, constátase un erro no número de vivendas máximo. En vez de figurar 184 vivendas máximas, debe constar que a parcela XVII, segundo a documentación do Plan Parcial, ten a posibilidade de construír 384 vivendas (ordenanza R-12).*

*De acordo co previsto no artigo 105.2 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, se propoñe á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*1.- Aprobar a rectificación da descrición da parcela número XVII, facendo expresa mención que a parcela ten polo Plan Parcial un número máximo de 384 vivendas en vez de 184 que se facían mención no convenio asinado entre o Concello de Vigo e o IGVS.*

2.- *Dar conta da presente resolución ó Instituto Galego da Vivenda e do Solo, precisando da súa conformidade para a práctica da rectificación no Rexistro da propiedade.*

3.- *Comunicar ós interesados que contra o presente acordo cabe interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes perante esta Administración ou, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**151(1272).- ADHESIÓN Ó MODELO XERAL DE BASES E ESTATUTOS DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO PLAN PARCIAL GANDARIÑA 2. EXPTE. 4753/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 07.06.07, conformado polo director da Oficina de Planeamento que di o que segue::

*“O 27.04.07 se presenta escrito (número de doc 70052031) no que textualmente se comunica: “(...) Solicita que habiéndose presentado este escrito, y su adjunta escritura y después de las comprobaciones que tengan a bien determinar, procedan con la mayor celeridad posible a aprobar la adhesión a las bases y estatutos que el citado documento notarial contiene (...)”. Achegábase copia compulsada de escritura pública de aceptación e protocolización de estatutos e bases de actuación. A escritura é de elaborada ante o Notario don José Pedro Riol López e consta no seu protocolo co número mil trescentos cincuenta. Según se deduce da escritura, no acto de adhesión ó modelo xeral interveñen as seguintes persoas:*

- *Don Benito Iglesias Costas e Don José Benito Vizcaíno Rodríguez (e.r. de “Nayter, S.L.” e da mercantil “La Bouza Sur, S.L.”).*
- *Don José Manuel Pérez Pamies (e.r. de “Apariper Unipersonal, S.L.” e da mercantil “La Bouza Sur, S.L.”).*

*En el expoñendo primeiro da escritura se fai referencia ó seguinte: “(...) Que las sociedades representadas por los comparecientes son propietarios de 46.565 m2 de terrenos situados en el ámbito denominado Plan Parcial Gandariña 2 en el vigente Plan General de Ordenación Urbana de Vigo cuyo ámbito total tiene una superficie de 57.715 m2, por lo que representan el 80,68 % del total del ámbito (...).*

*El 25.05.07 se presenta otro escrito don Juan Manuel Pérez Pamies comunica o seguinte: “(...) Solicita al amparo de lo dispuesto en el artículo 3 n de los Estatutos, que habiéndose presentado este escrito y su adjunta copia autorizada de la escritura de constitución, y después de los trámites y comprobaciones que tengna a bien disponer, se proceda a su aprobación y posterior inscripción en el registro de entidades urbanísticas colaboradoras, en cumplimiento de lo previsto en el artículo 9.5 de los Estatutos, y de igual forma se nombre el representante municipal que ocupará su vocalía en el Consejo rector de acuerdo con los artículos 10 y 25 de los estatutos de la Junta (...)”. Achégase co antedito escrito escritura pública outorgada o 8.05.07 de constitución de Xunta de Compensación outorada perante o Notario don José Pedro Riol López, constando no seu protocolo co número mil cuatrocentos trinta e tres.*

*Consta na escritura que ó acto de constitución asistiron as mesmas persoas con idéntica representación.*

*Segundo consta na escritura os propietarios adheridos representan unha porcentaxe de 81,98 %. Así mesmo designan o órgano rector do seguinte xeito:*

En data de 6.06.07 Juan Manuel Pérez Pamies presenta novo escrito no que se informa o seguinte: “(...) Solicitan que habiando presentado este escrito, y las adjuntas fotocopias de escrituras, y después de los trámites y comprobaciones que tengan a bien disponer, se tengan por informados de que la totalidad de los propietarios del ámbito del Plan Parcial se encuentran incorporados a la Junta de Compensación, a los efectos procedentes en la tramitación de los diversos expedientes actualmente en tramitación (...)”. Achegan dúas escrituras de adhesión á Xunta de compensación (escrituras públicas de 31.05.07 e 1.06.07, ante o Notario don José Antonio Rodríguez González –protocolos números mil dociientos noventa e mil dociientos noventa e sete) e as seguintes persoas:

- Don Javier Carrera Álvarez (no seu nome e e.r. de “Cartera Valeira, S.L.”).
- Don Alberto Cid Salgado (e.r. de “Asysgon, S.L.”).
- Don Damián Cano Gómez (consta copia de escritura de ratificación de mandato verbal da súa esposa dona Marta Marin Pla).
- Don Guillermo Arrojo Fernández (e.r. de “Inversiones Chan da Logoa, S.L.”).
- Don José Luis Alonso Riego.
- Dona María Victoria Iglesias Fernández.
- Dona María Victoria López-Corona Iglesias.
- Dona Sonia López-Corona Iglesias.
- Don Gustavo López-Corona Iglesias.
- Don José Luis Muñiz García (e.r. de “Treneo Inversiones, SLU”).

#### FUNDAMENTOS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- *Aplicación do modelo xeral de estatutos e bases de actuación.- Resulta procedente a aplicación a este polígono do modelo xeral de estatutos e bases de actuación aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no 11.12.2003 (BOP núm. 1, do 02.01.2004) por canto consta a adhesión fehaciente ó mesmo dos propietarios que representan unha superficie superior ó 70% da total do polígono, tal e como dispón o art. 155.2 Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA). Consta no expediente escritura pública de adhesión ó modelo xeral de estatutos e bases formalizada o ante o Notario don José Pedro Riol o 27.04.07 (protocolo número 1350) no que se adhíren propietarios que representan unha superficie do 80,68 % do total do sector.*

2.- *Constitución da xunta de compensación.-Procede tamén aproba-la constitución da xunta de compensación, que se efectuou en escritura pública polos propietarios que representan máis dun 50% da superficie do ámbito (escritura pública de 8.05.07, formalizada ante o Notario don Jose Pedro Riol López, protocolo número 1.433), con cumprimento do disposto no art. 155 da Lei 9/02 e preceptos concordantes do vixente regulamento de xestión urbanística, aprobado por real decreto 3.288/78, de 25 de agosto. Consta no expediente as adhesións descritas nos antecedentes, formalizadas en escrituras públicas formalizadas polo Notario don José Antonio Rodríguez González o 31.05.07 (protocolo número 1290) e 1.06.07 (protocolo número 1297). Segundo a documentación achegada forman parte da Xunta de compensación os propietarios que representan o 100% da superficie do sector.*

3.- *Necesidade de práctica da nota marxinal de iniciación do expediente de reparcelación no Rexistro da propiedade.- De acordo co previsto no artigo 5º do real decreto 1093/97, de 4 de xullo, polo que se aproba o regulamento hipotecario urbanístico, procede a práctica da nota marxinal de inicio do expediente dende o momento de formalización en escritura pública da constitución da xunta de compensación.*

4.- Competencia para a adopción do presente acordo.-É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co preceptuado no art. 124 Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).

Por todo elo, propónse a adopción do seguinte acordo:

*PRIMEIRO: Aplicar á xestión do sector correspondente o "Plan Parcial de Gandariña" o modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no 11.12.2003 (BOP núm. 1, do 02/01/2004).*

*SEGUNDO: Aprobala constitución da Xunta de Compensación do devandito polígono, efectuada por escritura de 8.05.07 ante o Notario do ilustre. Colexio de Galicia, don José Riol Pérez (protocolo número 1433). Así mesmo, requirir dos órganos rectores da Xunta de Compensación para que procedan á práctica da nota marxinal descrita no artigo 5º do rd 1093/97, de 4 de xullo.*

*TERCEIRO: Nomear como representante municipal nesa Xunta de compensación ó concelleiro-delegado de urbanismo don José Manuel Figueroa Vila.*

*CUARTO: Instar da Xunta de Galicia a inscrición da Xunta de compensación no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras.*

*QUINTO: Notifíquesele o contido íntegro deste Acordo á Xunta de Compensación e a tódolos propietarios e titulares de dereitos reais no polígono, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.*

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**152(1273).- RECEPCIÓN TOTAL DE OBRAS DE URBANIZACIÓN DO PLAN PARCIAL FINCA SOLITA. EXPTE. 4705/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 07.06.07, conformado polo director da Oficina de Planeamento que di o que segue:

*"O Consello da Xerencia municipal de urbanismo en dta 30.01.03 adoptou o seguinte acordo: "(..) Primeiro.- Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización do Plan Parcial I <Finca Solita>, promovido pola entidade <Metrovacesa de Vivendas, S.L.>, redactado polos arquitectos Pedro Alonso Fernández, Francisco Castro Nieto, Arturo Dapena Barros, e polo enxeñeiro Alberto Moreno García, visado no 07/06/2002 (...)"*

*O 28.05.06 por informe do Adxunto ó director dos servizos técnicos informa o seguinte: "(...) Con fecha 31/05/04, la Junta de Gobierno Local aprobó definitivamente, el Proyecto que nos ocupa y que desarrolla las determinaciones contenidas en el Plan parcial Finca solita <expte. 3485/411> aprobado definitivamente en el pleno del 25.02.02. Solicitada la Recepción parcial de dichas obras, se remiten informes favorables de las diferentes oficinas municipales y de las empresas prestadoras de servicios urbanísticos. Con respecto al informe emitido por la compañía <R>, la red de telecomunicaciones, una vez recibida por el Concello la urbanización, tendrá el mismo tratamiento que las instalaciones urbanas de propiedad municipal siendo susceptibles de las*

autorizaciones para futuras instalaciones con arreglo a las normas al uso específico de cada una de ellas. Las obras ejecutadas se ajustan sensiblemente a las contenidas en el documento que las ampara. Con la recepción total de estas obras, se acompañarán los planos que reflejen lo realmente ejecutado (...)"

A Xunta de Goberno local o 26.09.06 acordou o seguinte (expte. 4370-401): "(...) Recibir parcialmente as obras de urbanización nos términos e condicións previstas nos informes técnicos e xurídicos emitidos (...)"

O 26.09.06 don Waldo Manuel Sánchez Alonso (en nome e representación de Metrovacesa, S.A. solicita a recepción total do PP "Finca Solita". Achega acta de recepción definitiva e informe da dirección de obras.

No expediente constan os seguintes informes:

- Telefónica de España o 11.11.05.
- R Cables y Telecomunicaciones de Galicia de 15.12.05.
- Unión Fenosa de 29.03.06.
- Informe de Gas Galicia de 26.10.06.
- Aqualia de 10.11.06.
- Electromecánicos de 21.03.07.
- Montes, Parques e Xardíns de 23.05.07
- Oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras de 9.05.07.

A oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras propoñe o 23.05.07 a recepción parcial das obras de urbanización aludidas.

En data 4.06.07 o adxunto ó director dos servizos técnicos informou o seguinte: "(...) Con fecha 31/05/04, la Junta de Gobierno Local aprobó definitivamente el Proyecto de urbanización <expte 4370/401>, que nos ocupa y que desarrolla las determinaciones contenidas en el Plan Parcial Finca Solita <expte 3485/411> aprobado definitivamente en el pleno de 25.02.02. Solicitada la recepción total de dichas obras, se remiten informes favorables de las diferentes Oficinas Municipales y de las empresas prestadoras de servicios urbanísticos. Las obras ejecutadas se ajustan sensiblemente a las contenidas en el documento que las ampara. Con la recepción total de estas obras, se remitirá la información digitalizada que refleje lo realmente ejecutado (...)"

#### FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Previsións legais sobre a recepción de obras de urbanización derivadas da execución de polígonos.- O art. 110.5 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) dispón que: "(...) A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexerese polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas (...)". O art. 147.1 RDLex. 2/2000, do 16 de xuño, aprobatorio do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas preceptúa que: "(...) No tempo de recepción das obras trala súa terminación e ós efectos establecidos no artigo 110.2, concurrirá un facultativo designado pola Administración, representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo (...). 2.- Se as obras atópanse en bo estado e axustadas ás prescripcións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e o representante desta daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comenzando entón o prazo de garantía (...) 3.- O prazo de garantía (...) non poderá ser inferior a un ano (...)".

2.- *Presencia no expediente dos informes técnicos preceptivos.-* Consonte os informes da oficina de supervisión e inspección de obras e o adxunto do director dos servizos técnicos, procede a recepción das obras de urbanización.

3.- *Prazo de garantía das obras de urbanización e necesidade de constitución da correspondente entidade urbanística de conservación.-* De conformidade co artigo 147.3 do TRLCAP e o prazo de garantía será dun ano, durante o cal, en aplicación do artigo 167 do Regulamento de contratos das Administracións Públicas, os propietarios coidarán da conservación e policía das obras. Se descoidase a conservación e dese lugar a que perigue a obra executaranse pola Administración e a costa do contratista os traballos precisos para evitar o dano. No suposto de vicios ocultos na obra o prazo para esixir a responsabilidade será de 15 anos, de acordo co establecido no artigo 148 do TRLCAP. O prazo de garantía é dun ano. De acordo co establecido no Plan xeral vixente e a propia Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural, procede a inmediata constitución da entidade urbanística de conservación.

4.- *Innecesidade da adopción do presente acordo.-* As normas sobre contratación administrativa, ás que se remite a Lei 9/02, non contemplan a necesidade de adopción dun acordo expreso de recepción. Únicamente se esixe o levantamento dun acta asinado polo funcionario técnico da Administración contratante e un representante desta (artigo 147.2 do rdlx. 2/2000) na que se constate que as obras están en bo estado e conforme o proxecto aprobado.

5.- *Órgano competente para a resolución do expediente.-* É competente para adoptar este Acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

*En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, propónse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para que eleve esta proposta para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do seguinte*

#### ACORDO:

*PRIMEIRO: Á vista dos informes do adxunto ó director dos servizos técnicos de 4.06.07 e da oficina do servizo de supervisión de proxectos e inspección de obras de 23.05.07, acordar a recepción das obras de urbanización do "Plan Parcial Finca Solita".*

*SEGUNDO: Requirir ós propietarios para que procedan á inmediata constitución da entidade de conservación. Así mesmo, suxírese que de acordo co previsto no informe do adxunto ó director dos servizos técnicos se presente documentación dixitalizada da urbanización que se recibe.*

*TERCEIR: Notificar o contido íntegro deste acordo ós interados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente. Así mesmo, darlle traslado do contido íntegro deste acordo ós departamentos municipais de licenzas de obras, supervisión e inspección de obras, electromecánicos, montes, parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, e á concesionaria "AQUALIA-GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A." e "Gas Galicia, S.A.".*

#### Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**153(1274).- PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA U.A. 14 PEDREIRA. EXPTE. 4510/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 25.06.07, conformado polo director da Oficina de Planeamento que di o que segue:

*“Na sesión plenaria de 23.12.95 acordouse a aprobación definitiva do Estudio de Detalle da "UA 14-Pedreira-San Miguel de Oia" (3166/411, BOP núm 27, do 07.02.1996). Por acordo de 17.09.98 do Consello da XMU, deuse aprobación ós estatutos e bases de actuación da xunta de compensación dese polígono (DOGA 102, do 29.05.98).*

*A Xunta de compensación constituíuse o 7.04.99 mediante escritura pública outorgada perante o notario de Vigo D<sup>a</sup> Palмира Delgado Martín, co número 616 do seu protocolo . Consta no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras en virtude de resolución do Director Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia do 27.03.2000. O proxecto de compensación foi aprobado o 20.09.2004 (expte. 4529/401).*

*O 16.02.2004 o representante da Xunta de Compensación presentou solicitude de tramitación e aprobación do correspondente proxecto de urbanización, achegando para elo proxecto técnico, asinado polo enxeñeiro de camiños don Alberto Moreno García, que foi rectificadada e completada con outra posterior presentada nos días 18.10.04 e 3.12.04.*

*O proxecto de urbanización foi informado polo enxeñeiro municipal do departamento de "montes e xardíns" (17.11.04) e "servizos electromecánicos" (13.12.2004), con certas precisións que deberán cumprirse no momento de execución das obras. Consta no expediente informe favorable do enxeñeiro técnico de obras públicas, no que se constata entroutros extremos o seguinte: "(...) a los efectos fiscales que corresponda, el Presupuesto de Ejecución Material asciende a la cantidad de 479.483,89 Euros por lo que de acuerdo con el apartado 3.8.1.2.i de las vigentes NNUU, deberán presentar aval por el 100% a la aprobación definitiva. El proyecto consiste en la urbanización de un tramo de la calle Cesáreo Álvarez con la sección prevista en el PGOU, aproximadamente entre el número 36 y el camino de Bouzo, la ampliación de este camino también al ancho previsto, del camino público que arranca en la esquina del nº17 de la calle Cesáreo Álvarez, y a la apertura y urbanización de un tramo de unos 160 metros lineales de vial de 16 metros de anchura incluido como previsión en el planeamiento general vigente. A propósito de este último vial, el PGOM en marcha también incluye este corredor. Incorpora unas pequeñas zonas verdes, tal y como se definen en el planeamiento que desarrolla, y tres viales en fondo de saco para resolver el acceso rodado a parcelas, sin utilizar el vial principal. El Proyecto contiene las obras necesarias para la implantación de los servicios urbanísticos habituales. El Proyecto cumple con las vigentes NNUU, con los artículos 67 al 70 del RPU, y con el Decreto 35/2000 de accesibilidad. El inicio de las obras será puesto en conocimiento del Coordinador del Area de Servicios para efectuar un seguimiento de estas y coordinar los diversos departamentos municipales que hayan de tener competencias una vez sean entregadas al Ayuntamiento. Al solicitar la recepción de las mismas, se facilitará lo realmente ejecutado en soporte informático. La Dirección facultativa de las obras estará obligada a entregar a la inspección municipal de las obras, aquellos ensayos y/o documentos que avalen la idoneidad de las unidades de obra que por aquella fuesen consideradas necesarios, conforme el articulado del Pliego de Prescripciones Técnicas. El acuerdo de aprobación inicial, así como el inicio del período de exposición al pública se notificará al coordinador del área de servicio, y a las empresas Unión Fenosa, Aqualia, y a las de comunicaciones Telefónica y R (...)"*

*Por acordo da Xunta de Goberno Local de 14 de febreiro de 2005, adoptouse a seguinte resolución: "(...)PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Proxecto de Urbanización da UA 14 Pedreira (Oia), promovido pola Xunta de Compensación dese polígono, redactado polo enxeñeiro D. Alberto Moreno García, visado en datas*

22/10/2002 e 02/12/2004 (Expte. 4510/401). SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP en un diario de maior circulación na Provincia. Notifíquese o contido íntegro deste Acordo á Xunta de Compensación xunto cunha copia do informe do servizo municipal de electromecánicos do 13/12/2004. Notifíquese tamén a tódolos propietarios do polígono, ás entidades concesionarias de servizos públicos, infraestructuras de telecomunicacións e equipo redactor do novo Plan Xeral (...)"

Logo de diversos informes, tra-la aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal, a Xunta de Goberno Local de 23.05.05 adoptou o seguinte acordo: "(...) Acordar a suspensión da tramitación do proxecto de urbanización U.A. 14-Pedreira en tanto non se produza o cese da suspensión na tramitación de licenzas ou instrumentos de planeamento que contradicen o disposto no plan xeral aprobado inicialmente por acordo plenario de 30.12.04 <DOGA 15 de febreiro> (...)".

O 21.02.07 don Luis Barros Rial (Pte da Xunta de Compensación) solicita o seguinte: "(...) se recupere la tramitación del expte. administrativo en relación con la Unidad de Actuación 14 Pedreira para su aprobación definitiva (...)". Dita pretensión é reiterada por escrito d e5.03.07. Desaparecidas as causas que motivaron a suspensión na tramitación do expediente, procede a continuación da mesma.

Acto seguido se procedeu á apertura dun trámite de información pública. Foron publicados os anuncios no Faro de Vigo (edición de 16.03.07) e no BOP (21.03.07).

Consta no expediente os seguintes informes: "Aqualia Gestión integral del Agua, S.A. y Fomento de Construcciones y Contratas, S.A., UTE" de 30.03.07. Logo do traslado do informe á Xunta de Compensación, se presenta documentación correxida.

Segundo certificado do Secretario da XMU, durante o trámite de información pública se presentou unha única alegación por parte de dona Apolinar Fernández Hermida (doc 70046788, 16.04.07).

O enxeñeiro técnico de obras públicas informou o 11.06.07 o seguinte: "(...)O proxecto de urbanización da UA-14 PEDREIRA redactado polo E.C.C.P. colexiado nº 3842, foi aprobado inicialmente o 14 de Febreiro do 2005. no prazo de presentación de alegacións o proxecto, presentáronse dúas alegacións, unha con data de entrada no rexistro o 3 de abril do 2007 a nome de Aqualia <Doc 70042055> e outra con data de entrada no rexistro 16 de abril do 2007 a nome de D. Apolinar Fernández Hermida <Doc 70046788>. Sobre a segunda alegación non procede facer ningún comentario pois non está incluído no ámbito do proxecto polo que a alegación desestímase. Sobre a primeira alegación presentada por aqualia, o Enxeñeiro proxectista presentou un Modificado do proxecto con fecha de rexistro 11 de xuño de 2007 <Doc 70069336> e fecha de visado 8 de xuño de 2007, no que recolle as indicacións da concesionaria, sendo estas contempladas tanto nos planos como no orzamento, polo tanto considérase que, introducidos estes cambios non existe ningún impedimento de tipo técnico para que o proxecto sexa aprobado definitivamente (...)".

#### FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. Procedemento de aprobación do proxecto de urbanización.- A Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no apartado 4º do artigo 110, describe o procedemento de aprobación dun proxecto de urbanización. Aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local (127.1.e da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), someteuse a información pública polo prazo mínimo de vinte días e deberase proceder á aprobación definitiva coas modificacións que se derivaron dos informes técnicos incorporados ó expediente. Por outra parte, as causas polas que a XGL o 23.05.05 acordou

*a suspensión da tramitación do proxecto de urbanización da UA 14-Pedreira, desapareceron ó transcorrer o prazo de dous anos dende a aprobación inicial do plan xeral de ordenación municipal.*

- 2. Sistema de actuación elixido para a execución do polígono- Según consta nos antecedentes, o sistema de execución elixido é o de compensación. A Xunta de compensación asume a obriga de custear e executar a urbanización. De acordo co establecido no artigo 110.6 da Lei 9/02 e o plan xeral vixente, os propietarios deberán asumir a obriga de conservación da urbanización. Por outra parte, tendo en conta o establecido no artigo 133 do mesmo texto legal, a contratación das obras de urbanización realizarase sempre de acordo cos principios de publicidade e concurrencia.*
- 3. Contido do proxecto de urbanización.- Según o artigo 110 da Lei 9/02 os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e dotacións establecidas no planeamento (...) non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras. Según os informes contidos no expediente, o proxecto de urbanización axústase a normativa actualmente en vigor.. Por outra parte, tendo en conta os informes técnicos, o proxecto cumpre o disposto na Lei 8/97, de 20 de agosto e o Decreto 35/2000, de accesibilidade.*
- 4. Análise da alegación presentada por don Apolinar Fernández Hermida (doc 70046788).- Solicita unha modificación do trazado dun vial denominado "D". Segundo o informe técnico elaborado polo enxeñeiro técnico de obras públicas o 11.006.07 a alegación pretende a modificación dun vial que ven reflexado no Estudio de Detalle aprobado pola sesión plenaria de 23.12.95. En ningún caso se poderán alterar as determinacións de planeamento nun proxecto de urbanización. Polo tanto, non procede a estimación da alegación presentada.*
- 5. Órgano competente para a adopción do acordo de incoación e resolución do expediente.- Dada a redacción do artigo 127.1.k da Lei 7/85, a competencia para a aprobación do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.*

*Polo tanto, propóñese a adopción do seguinte acordo:*

- 1. Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización da Unidade de Actuación 14 "Pedreira", elaborado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos don Alberto Moreno García, na súa última versión con memoria e planos visados polo Colexio correspondente (expediente 4510/401).*
- 2. Desestimar expresamente a alegación presentada por don Apolinar Fernández Hermida (doc 70046788). Comuníquese o presente acordo ó alegante.*
- 3. Para que o presente acordo sexa efectivo, no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización, deberase depositar garantía por importe do 20% do orzamento (execución por contrata, artigo 74.b da Lei 9/02) do proxecto de urbanización. Non obstante, para poder solicitar licenza de obras antes da finalización e recepción definitiva das obras de urbanización, deberá substituírse a anterior garantía por outra comprensiva do 100% do orzamento do proxecto. Comunicarase o inicio das obras ó Coordinador municipal da área de servizos.*
- 4. Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ós propietarios do polígono, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes ou, recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous*

meses. Comuníquese o presente acordo ó departamento de tráfico, de supervisión de proxectos e inspección de obras, electromecánicos, montes parques e xardíns, empresas "R Cable e Telecomunicaciones de Galicia, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", Aqualia e "Gas Galicia S.A."

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**154(1275).- PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA UE I-02 REGUEIRO. EXPTE. 4679/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 22.06.07, conformado polo director da Oficina de Planeamento que di o que segue::

*“En data 27.06.2005 o Pleno municipal acordou: “(...) PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o Estudio de Detalle do Polígono "UE-I-02-Regueiro", promovido pola entidade mercantil "Edificio Fontán SL.", e redactado polos arquitectos D. Borja Ramilo Méndez e D. José Luis Pereiro Alonso, visado polo COAG no 29/09/2004, con fixación do sistema de execución por compensación. -Expte. 8857/411-. (...) TERCEIRO: Os propietarios do polígono deberán asumi-lo custe de conservación das zonas verdes. Tamén deberán constituír unha garantía polo 20% do presuposto da urbanización no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do Proxecto de Urbanización (...)”.*

*O día 30.10.06 a Xunta de goberno local adoptou o seguinte acordo: “(...)PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o cambio de sistema de compensación a concerto do polígono UE I-02 Regueiro (expte. 4649/401). SEGUNDO: Estimar parcialmente as alegacións formuladas durante o trámite de información pública por D<sup>a</sup> Concepción Besada Giráldez (doc. 60086398) e D. José Justo Hidalgo (doc. 60087256), no senso e polos motivos sinalados no Fundamento Xurídico “VI” da parte expositiva deste Acordo. TERCEIRO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Equidistribución do devandito polígono, formalizado en Escritura Pública no 27/05/2006 perante o notario de Vigo D. Miguel Lucas Sánchez co núm. 1247 do seu protocolo, promovido pola entidade mercantil "Edificio Fontán SL", redactado polo avogado D. Fco. Javier García Martínez e o arquitecto D. Borja Ramilo Méndez, co único matiz de que nas parcelas iniciais “5” e “2” as indemnizacións pola extinción de arrendamentos ascenderán, respectivamente, a 128.447,55 € e 153.880,47 € incluído premio de afección. CUARTO: Desestimar a solicitude formulada por “Edificio Fontán SL” de monetarización e adquisición directa do aproveitamento urbanístico municipal, polos motivos sinalados no Fundamento Xurídico “IV” da parte expositiva deste Acordo. QUINTO: No momento da recepción das obras de urbanización do polígono os propietarios de aproveitamento lucrativo constituiranse en entidade urbanística de conservación. SEXTO: O promotor da actuación deberá inscribir o Proxecto de Equidistribución no Rexistro da Propiedade, remitíndolle a esta Administración a referencia rexistral das fincas adxudicadas ao Concello. Deberá tamén pagar ou consigna-las indemnizacións que procedan no prazo de seis meses (...)”.*

*A mercantil “Edificio Fontán, S.L.” o 8.05.06 presenta documento técnico do proxecto de urbanización da UE I-02 Regueiro para a súa tramitación.*

*Consta no expediente os seguintes informes:*

- Montes, Parques e Xardíns de 8.06.07.
- Servizo de electromecánicos de 15.02.06 (rede de gas).
- Servizo de electromecánicos de 15.02.07 (contenenerización soterrada).

- *Servizo de electromecánicos de 15.02.07 (alumeado público).*

*Por outra parte, o enxeñeiro técnico de obras públicas da oficina de planeamento e xestión informa o 18.06.07 o seguinte: “(...) En data 3 de maio de 2006, D. Alfredo Blanco López en representación de Edificio Fontan S.L., presenta para a súa tramitación o proxecto de urbanización da UA-03 CHANTADA e desenrola as previsións do Estudio de Detalle do polígono UE-I-02 Regueiro, aprobado definitivamente o 27 de xuño do 2005. Este proxecto foi redactado polo arquitecto Borja Ramilo Méndez, con sucesivos visados de fechas 27 de abril do 2006, 25 de maio do 2006, 26 de xullo do 2006, 09 de xaneiro do 2007, 13 de febreiro do 2007, 11 de abril do 2007, unha vez introducidos os axustes solicitados. Os efectos fiscais que corresponda, O Orzamento de Execución Material ascende a cantidade de 196.321,69 € polo que dacordo co apartado 3.8.1.2i das vixentes NN.UU., deberán presentar un Aval polo 100% a aprobación definitiva. A unidade de actuación ten unha superficie total de 5.932 m<sup>2</sup>, correspondendo 2.076 m<sup>2</sup> a ruas e beirarruas, una zona de uso público con ocupación baixo rasante y edificación con una superficie de 1.798 m<sup>2</sup>, 1.684 m<sup>2</sup> a zonas verdes, unha parcela destinada a Equipamentos de 374 m<sup>2</sup>. Dita urbanización está composta por dúas rúas, a rúa camiño regueiro que se ensancha e beirarrúa do lado da urbanización da rúa pintor Colmeiro. A urbanización dispoñe de todos os servizos urbanísticos habituais; rede de pluviais, saneamento, abastecemento e rega, alumeado público, rede de gas, comunicacións e mobiliario urban e dispositivos para instalación de colectores subterráneos de lixo. Cabe resaltar no presente informe que no camiño regueiro, a rede existente de recollida de augas fecais atópase en malas condicións, presentando fugas e fisuración xeralizada polo que o incremento de cargas xeradas polo tráfico da nova edificación poderían colapsalo, estimando necesaria a súa substitución por un colector da mesma sección da existente pero de materiais que garanticen a súa resistencia estrutural no ámbito do proxecto. O proxecto cumpre coas vixentes NN.UU., cos artigos 67 ao 70 do RPU, e co decreto 35/2000 de accesibilidade. Adxuntanse os informes favorables dos servizos de Electromecánicos e Montes, Parques e Xardíns. O comezo das obras terá que ser posto en coñecemento do coordinador da área de servizos par afectar o seguimento das mesmas e coordinar os diversos departamentos municipais que vaian ter competencia unha vez sexan entregadas. O solicitar a recepción das mesmas facilitarase o realmente executado en soporte informático. A dirección facultativa das obras estará obrigada a entregar a inspección municipal das obras aqueles ensaios e/ou documentos que avalen a idoneidade das unidades que por aquela fosen considerados necesarios, conforme o prego de prescripcións técnicas. O acordo de aprobación inicial, así como o período de exposición o público notificarase as empresas Unión Fenosa, Aqualia e as de comunicacións, ademais dos propietarios dos terrenos incluídos no ámbito do proxecto, entre os cales atopase o Concello de Vigo (...)”.*

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. *Procedemento de aprobación do proxecto de urbanización.- A Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no apartado 4º do artigo 110, describe o procedemento de aprobación dun proxecto de urbanización. Deberanse aprobar inicialmente pola Xunta de Goberno Local (127.1.e da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), someterse a información pública polo prazo mínimo de vinte días e proceder á aprobación definitiva coas modificacións que resulten pertinentes. Así mesmo no anuncio se fará referencia a que se acumula o trámite de información pública previsto no artigo 4º do Decreto 2107/68, de 16 de agosto, polo que se regula a aplicación do regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas nas zonas de dominio público e sobre actividades executables directamente por órganos oficiais (BOE 20 setembro, corrección 8 outubro).*
2. *Sistema de actuación elixido para a execución do polígono- Según consta nos antecedentes, o sistema de execución elixido é o de concerto Os propietarios asumen a obriga de urbanización. Así mesmo de acordo co establecido no artigo 110.6 da Lei 9/02 e o plan xeral vixente, os propietarios deberán asumir a obriga de conservación da urbanización. Por outra parte, tendo en conta o establecido no artigo 133 do mesmo texto*

legal, a contratación das obras de urbanización realizarase sempre de acordo cos principios de publicidade e concurrencia.

3. *Contido do proxecto de urbanización.- Según o artigo 110 da Lei 9/02 os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e dotacións establecidas no planeamento (...) non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras. Según os informes contidos no expediente, o proxecto de urbanización axústase a normativa actualmente en vigor. Por outra parte, tendo en conta os informes técnicos, o proxecto cumpre o disposto na Lei 8/97, de 20 de agosto e o Decreto 35/2000, de accesibilidade.*
4. *Incidencia da execución do proxecto de urbanización no Medio Ambiente.- Tendo en conta o artigo 6º da Lei 6/07, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, o proxecto de urbanización no está sometido o trámite de avaliación ambiental estratéxica. Non obstante, de acordo co establecido na Lei 10/95, de protección ambiental de Galicia e o artigo 2º do Decreto 2183/68, de 16 de agosto, se deberá dar conta do presente acordo á Delegación provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.*
5. *Órgano competente para a adopción do acordo de incoación e resolución do expediente.- Dada a redacción do artigo 127.1.k da Lei 7/85, a competencia para a aprobación do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.*

*Polo tanto, propónse a adopción do seguinte acordo:*

1º.- *Aprobar inicialmente o proxecto de urbanización da “UE I-02 Regueiro”, elaborado polo arquitecto don Borja Ramilo Méndez (visados de 27.04.06, 25.05.06, 26.07.06, 9.01.07, 13.02.07 e 11.04.07).*

2º.- *De acordo co previsto no punto 4º do artigo 110 da Lei 9/02, de 30 de decembro e o artigo 4º do D. 2183/68, de 16 de agosto, abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP e nun diario dos de maior circulación na Provincia. Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós propietarios do terreo xunto cunha copia dos informes técnicos obrantes no expediente. Notifíquese tamén ás entidades concesionarias de servizos públicos e infraestructuras de telecomunicacións e á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

**156(1276).- DAR CONTA DE SENTENZA DO TSXG EN RELACIÓN CO PROCESO SELECTIVO PARA TÉCNICO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta da sentenza de data 11.12.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 dos de Vigo, no recurso de referencia, núm. 42/04 po, acumulado ó 172/04 po, que falla o seguinte:

*“Estimo parcialmente o recurso contencioso administrativo interposto por ISABEL CABEZA PEREIRO contra o Concello de Vigo seguido como PO 42/04 perante este Xulgado contra a resolución arriba indicada, que se declara contraria a Dereito, debendo adxudicarse a praza convocada á recorrente, á que así mesmo o Concello de Vigo deberá de indemnizar nos prexuízos provocados pola súa resolución, a determinar en execución de sentenza, dende a data na que se lle debeu dar posesión da praza e ata a súa toma de posesión da mesma, debendo destituir á aspirante á que se lle adxudicou esa praza, María Aránzazu González Soengas. Desestimo o recurso interposto pola representación de Elena Francisco Alvarez fronte ó Concello de Vigo, seguido como PO 172/04 contra a mesma resolución. Sen pronunciamento de custas.”*

A Xunta de Goberno queda enterada.

#### **157(1277).- RECURSO DE ALZADA CONTRA RESOLUCIÓN DO PRESIDENTE DE AUGAS DE GALICIA SOBRE CONCESIÓN HIDROELÉCTRICA.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Vistas as actuación do expediente, e de conformidade coa proposta do titular da Asesoría Xurídica de dta 9 de xullo actual, a Xunta de Goberno Local acorda:

*Interpoñer recurso de alzada contra a resolución do presidente de Augas de Galicia, do 18 de maio de 2007, pola que se outorga a Hidroeléctrica de Eiras, S.L., sen prexuízo de que pola Asesoría Xurídica se presente perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Santiago de Compostela, incidente de execución da sentenza en cumprimento da que se dicta a resolución do 18 de maio de 2007.*

A Xunta de Goberno local queda enterada.

#### **158(1278).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e vinte e sete minutos. Como secretaria dou fé.

Kv/rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.

